Especial Día das Letras

12 páxinas

O FORO

A NOSA TERRA
FUNDADO EN 1907
Nº 1.223
Do 18 ao 24 de maio do 2006
Ano XXIX - IV Xeira
1,75 euros

Pepe Carreiro



Santiago acolleu a segunda manifestación máis importante a prol do idioma

En galego polo dereito

PERFECTO CONDE

ESTA HISTORIA
Xosé Monteagudo

Contar unha historia ten o engado e o feitizo da descuberta, é como a revelación dunha vida secreta. O poder da literatura. Monteagudo introdúcenos no misterio dun personaxe engaiolante. Dos anos universitarios ao devalo das ilusións, da mocidade á vida familiar, TODO a través da conversa de dous amigos. A novela tece e destece o fío dunha existencia. Ler *Esta historia* é volvela a vivir.

Este ano celebramos un Día das Letras Galegas especial.

Como poucas veces se compaxinaron as reivindicacións populares coas oficiais. A personalidade escollida pola Academia Galega para conmemorar esta data, Manuel Lugrís Freire, coincidiu nas súas características biográficas coas demandas dos sectores máis concienciados a prol da normalización do idioma galego. Lugrís Freire foi, antes ca nada, un dos impulsores da normalización lingüística, fundando periódicos como *A Nosa Terra*, a Academia Galega, as Irmandades da Fala, ou relator do Estatuto de 1936, ademais de xornalista e escritor que cultivou todos os xéneros na procura de sacar ao galego do seu asoballamento secular. Este era tamén o motivo principal das reivindicacións das organizacións nacionalistas cen anos despois, nunha data na que, tradicionalmente, se apreciaba unha clara disintonía entre as efemérides oficiais e as reivindicacións dos sectores máis concienciados. Deuse tamén a circunstancia de que, por vez primeira, as ideas de Lugrís Freire e os seus herdeiros, os nacionalistas galegos, chegaban ao Goberno da nación. Dun Goberno que mostra os seus anceios de normalizar o idioma nos actos oficiais, pero, sobre todo, dun Goberno que conta tras súa, cun movemento social puxante e reivindicativo, que demanda algo tan simple pero á vez tan forte como o cumprimento da Lei de Normalización, para que o galego deixe de estar minimizado, ao tempo que se aproveita a redacción do novo Estatuto para lograr superar a actual situación de inferioridade xurídica. O éxito da convocatoria en Compostela ten que servir para avanzar nese idea que defendeu sempre Lugrís Freire e que foi a guía d'*A Nosa Terra* desde hai cen anos.♦

O idioma será tema preferente na discusión do novo Estatuto

A *Mesa* xunta en Santiago máis de 10.000 persoas a favor da lingua

PERFECTO CONDE

Arredor de dez mil persoas participaron na manifestación en defensa da lingua que foi convocada pola *Mesa* e tivo lugar en Santiago no mediodía do mércores 17 de maio. Asistiron a ela o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, o conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, o de Industria, Fernando Blanco, e a conselleira de Vivenda, Teresa Táboas. Dos conselleiros do BNG, só se rexistrou a ausencia da titular de Cultura, Ánxela Bugallo, que tivo que viaxar a Sada para os actos institucionais desta data tan sinalada. Dende 1987, data na que houbo a primeira expresión popular parecida, esta foi a ocasión na que participaron máis persoas.

Non era como o Día da Patria Galega, pero había case tanta xente e o ambiente era algo parecido. Boa ocasión, polo tanto, para saudar os amigos que están espallados por toda Galiza e que sempre acoden a Compostela cando toca defender os intereses do país. O meu veciño de Xinzo –o da Pontenova e non o da Limia– Xosé Manuel Méndez, bo gaiteiro e mellor acordeonista, mestre nacionalista polas terras do Condado dende hai moitos anos, saudoume con toda a súa enorme cordialidade:

—Paisano, só nos vemos cando hai toque a rebato.

—E cando comenza a medrar o millo, díxenlle eu por facerme o poeta primaveral.

PEPE FERRÍN / AGN

Froitos que chegarán

Anxo Quintana defendeu no seu discurso entender a lingua como o maior dos tesouros. "Esta manifestación é unha oportunidade para deixar de chorar polo galego, para estar orgullosos do idioma e para comprometerse coa súa utilización e coa súa defensa". O vicepresidente tamén opinou que "nun mundo globalizado só podemos ser alguén se o somos coa nosa identidade, e a nosa identidade ten unha marca senlleira que é o noso idioma". Quintana defendeu o compromiso de goberno adquirido respecto á lingua: "Son a persoa máis impaciente do mundo, e, en materia lingüística, tamén, pero como Goberno tócame pedir paciencia dende o convencemento de que estamos traballando na liña adecuada, e os froitos acabarán por chegar".

E a manifestación comezou a andar ondeando Senra arriba como se fose unha cobra que torcía cara a Doctor Teixeiro, para seguir o itinerario que sempre leva a celebración do Día da Patria. Francisco Rodríguez, ao lado de Bieito Lobeira, marchaba agarrado a unha pancarta que se pronunciaba, sobre cores azul e vermella, por "Un novo status para o galego". Perto del, turnándose tamén no transporte da proclama, Fernando Blanco, Alfredo Suárez Canal, Luís Barcia, Ana Pontón e outros.

O escritor lugués Lois Diéguez mostrábase moi activo. A súa pancarta poñía: "Actívate. Defende os teus dereitos lingüísticos". E Os da *Mesa* (Xosé Manuel Sarille, Carlos Callón, etc.) foron os máis escribidores. "Porque temos, porque queremos, porque debemos. O galego: un dereito, un deber no Novo Estatuto. O Estatuto da Normalidade Lingüística".

Na Galiza, en galego

Os rapaces de Galiza Nova foron os máis breves, pero moi contundentes. "Na Galiza, en galego", rezaba a súa proclama. E que graza tiñan os nenos coa súa pancarta: "Queremos medrar en galego". Ou os máis pequechos aínda, coa súa: "Non nos pises".

Dereito de opción lingüística

A praza da Quintana, coma sempre, mostrouse acolledora e as campás da Berenguela, respectuosas co que estaba a acontecer. Foise dando conta dunha longuísima lista de personalidades, insitucións e diversas entidades que mandaron a súa solidariedade coa defensa da lingua. Logo, unha restra de persoas leron cada un dos apartados do manifesto da *Mesa* pola normalización da lingua, salientando a problemática concreta que o Novo Estatuto podería e debería solucionar.

Mercedes Queixas, unha nai que está vendo como a escola actual está a cambiar a lingua dos seus fillos, leu a petición de que se lle recoñeza ao idioma galego a condición de lingua vehicular no ensino non universitario.

Anxo Penabade, un ferrolán que foi reprendido por falar en galego nun estabelecemento público de McDonald's, pediu que se garanta o dereito de todos a sermos atendidos oralmente e por escrito en galego na condición de usuuarios e consumidores de bens, produtos e servizos.

Tereixa Navaza, traballadora da TVE, reclamou que se consigne o uso preferente do noso idioma nos medios de comunicación públicos, incluídos os dependentes do Estado.

Carlos Outeiro e Ana Varela, unha parella que se viu obrigada a casar con intérprete para poder facelo en galego, pediron que se regule o uso preferente do galego por parte de todas as administracións públicas situadas en Galiza, o que inclúe tamén a administración xeral do Estado e a administración de Xustiza.

Lois Diéguez tivo que cambiar cinco veces de notario para facer unha escritura de compravenda en galego. Na manifestación solicitou que todos os integrantes da maxistratura, notarías, fiscalía e rexistros, para prestar os seus servizos en Ga-

Continúa na páxina seguinte

ANosa TERRA

Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Xosé Fernández Puga.
Vogais:
Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Añel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.
Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
Deportes: Xurxo G. Ledo.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.
Fin de Semana: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Francisco A. Vidal, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.
Lecer: Xesús Vaamonde Cid.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subscripcions@anosaterra.com

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

liza, acrediten un coñecemento adecuado e suficiente do galego que garanta o dereito de opción lingüística.

Silvia Ribas, secretaria xeral de Fala Ceibe, do Bierzo, demandou que o goberno galego fomente singularmente o uso da lingua galega nas zonas galegofalantes do exterior da comunidade autónoma de Galiza.

Tamén leron outros fragmentos do manifesto o escritor Bieito Iglesias, a profesora Carme García Negro, Patricia Arias Cachero, Xosé Manuel Sardiña e unha moza, Montse Irago, que foi despedida do traballo por falarlles en galego aos seus compañeiros.

Callón, novo Bóveda

E chegoulle a quenda ao presidente da Mesa. Carlos Callón deixou moi claro que, sen deber de coñecer o galego, non pode haber dereito a usalo. E teimoucoas ideas que deben inspirar o Novo Estatuto. "Ten que servir –dixo– para evitar as discriminacións lingüísticas que aínda se continúan a producir na actualidade. Ten que ser un Estatuto de tolerancia cero coa discriminación lingüística e que non permita que os cidadáns que queiran utilizar o galego sexan tratados como obxectores de conciencia".

En declaracións feitas para *A Nosa Terra*, despois de mostrarse moi satisfeito polo resultado da convocatoria, dixo que "agora hai que esperar que todas as forzas políticas escoiten a voz da cidadanía, expresada hoxe, e fagan que o Novo Estatuto signifique un paso adiante para a nosa lingua".♦

PERFECTO CONDE

PEPE FERRÍN / AGN

Reflexións dun 17 de maio

Afonso Eiré

O galego preséntase os 17 de maio como unha admirada rosa redecente que desprega o seu poderío entre espiñas ferintes. Todo o mundo admira a rosa e gaba o seu cheiro. Ao pouco, a flor esmorece entre a indiferenza dos máis e a compracencia de moitos aos que manca a súa fermosura por que non aturan, na súa cativeza, tanta puxanza universal e tanta singularidade nutricia.

O galego flor dun día. U-lo conflito lingüístico? "Non existe", afirman desde o PP. "Non hai conflito", afirma o presidente, Emilio Pérez Touriño desde o PSOE. Nin existirá mentres os galegofalantes se resignen a que deben mudar de idioma sempre que se cruza outra persoa que exerce de monolingüe en español. Mentres non reclamen que o seu status legal sexa, polo menos, o mesmo que a lingua do Estado. Non é importante o seu recoñecemento? Para que demandar o deber de coñecelo? Se é así, por que ese deber, para co español que aparece na Constitución?

Tampouco existía conflito entre sexos mentres o masculino tivo amordazado, dominado, o sexo feminino. O conflito, necesario, imprescindíbel, estala cando alguén se revela contra a situación "normal", imposta.

É certo que o idioma non ten que ser bandeira de ninguén. O idioma é a creación colectiva dun pobo ao longo da súa historia. Cedémoslle a nosa bandeira reivindicativa a aqueles que a queiran. Pero que a enarboren, que a defendan. Non para que capitulen, para que desistan, para que se rendan.

Si que existen culpas no refluxo do galego. Existen colonizadores, existen intereses, existen desleigados, existen políticos que, xurando cumprir e facer cumprir as leis, perxuran e esquecen os seus compromisos.

¿Son os nacionalistas uns "exaltados" que unicamente reclaman a aplicación dunha Lei como a de Normalización Liguística e dun Plano de Normalización aprobado por unanimidade? Que inmersión na realidade!

Algún político, algún Goberno, é capaz de xustificar o claromoroso incumprimento dunha lei en base a que "non se pode impor". Calquera lei ten como principal característica intrínseca que é unha disposición de obrigado cumprimento e, de non ser así, leva consigo unhas penalizacións legais.

Unha última reflexión. Cal sería hoxe a situación do idioma galego se non existise unha vangarda, como a que representa Manuel Lugrís Freire, que puxese a andar institucións, proxectos, ideas, arelas, que hoxe din ser compartidas pola maioría? É posíbel gabar, recordar, agasallar a persoa, descualificando ou combatendo aquelas ideas que foron o cerne da súa vida.

Si que hai conflito lingüístico e existe tamén un conflito nacional. As miles de persoas que se manifestaron en Compostela así o acreditan. Os escritos e a práctica de Lugrís Freire evidencian que vén de lonxe. A comparativa fainos ver que a defensa dunhas ideas nos permite avanzar.

Cen anos despois seguimos coa mesma bandeira. Somos máis. Queremos que sexa de todos. Agardamos o día en que non teñamos que reivindicar o noso idioma, no que poidamos deixar de ser nacionalistas.♦

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

Núñez Feixóo criticou a proposta da Xunta de crear "galescolas" dicindo que serán "como ikastolas". A maiores de que as ikastolas son avaliadas e situadas cada ano polo ministerio entre o mellor nivel educativo do Estado, resulta que o líder do PP fundaméntase na semellanza fonética entre ambas as palabras. Feble argumento que serviría tamén para estabelecer unha comparación entre "Feixóo" e "facha" simplemente porque ambos os termos empezan **por "f".**

Domingo sete. 22 horas. TVE-2. Programa: *Esta es mi tierra*. Lugar Montevideo. Fala o escritor Eduardo Galeano e di: "A mellor definición que vin da prensa estaba nunha pintada que dicía: *Mexan por nós e a prensa di que chove*. Seguro ademais que a fixo alguén sen moita cultura..." Non Galeano, non. Quen a fixo foi, con toda a probabilidade, un fillo de emigrantes **galegos.**

Jonas Gahr Stoere, ministro de Exteriores noruegués di en *El País* (9 de maio) que na súa terra "a propiedade do gas e do petróleo é estatal, aínda que operan compañías estranxeiras. Iso si, pagan o 80% de impostos sobre os seus beneficios". Dixo iso tan fresco e non pasou nada. A Evo Morales, polo mesmo, estano **crucificando.**

Vietnam quere entrar na Organización

EDITORIAL

Medios en galego. Editando o soño de Lugrís

Asociación de Medios en Galego

O Día das Letras de 2006 homenaxea a Manuel Lugrís, fundador d'*A Gaita Gallega*, a primeira publicación da Galicia de alén mar que se editou integramente en galego, e fundador de *A Nosa Terra*, a cabeceira de prensa en lingua galega de maior continuidade histórica. Dedicou Lugrís abondosos esforzos a subverter a hexemonía do castelán como lingua vehicular dos medios impresos galegos, tendencia lamentabelmente afianzada des que saíu do prelo *El Catón Compostelano*, hoxe hai xa 206 anos.

Dos moitos méritos que lle tocan a Lugrís cómpre salientar a súa firmeza normalizadora tanto como a súa vontade colaborativa, a súa procura por achegar e sumar esforzos de tradicións plurais, diversas e mesmo contrastadas na defensa da nosa lingua e cultura, creando unha rede de iniciativas e complicidades a prol dos intereses dos galegos e galegas. Compromiso normalizador e traballo en rede que aínda hoxe manteñen toda a súa vixencia, valor e utilidade.

O panorama cultural enriqueceuse notabelmente desde os tempos de Manuel Lugrís. Fíxose realidade un dos soños máis acariñados polo escritor mariñán: que Galicia se dotase dun espazo de decisión política. Asistimos tamén á consolidación de numerosas industrias culturais no ámbito editorial, audiovisual ou escénico; institucionalizáronse medios de comunicación audiovisuais, de titularidade galega e pública, e redactouse un tramado legal e normativo para a defensa do idioma galego. Mudanzas políticas e culturais que moldean o noso tempo.

O concurso das administración propias, dos poderes galegos, para animar e soster os esforzos normalizadores nos medios de comunicación ofrece, con todo, un balance pobre, descomprometido, falto de horizontes estratéxicos e vontade política. O baleiro da iniciativa institucional foi ocupado polo emprendemento dunha sociedade civil que é sabedora de que un espazo comunicacional en lingua de seu é o complemento imprescindíbel da nosa cidadanía e do exercicio democrático do noso autogoberno.

Na sociedade da información e do coñecemento que se achega, soster medios de comunicación na nosa lingua, referenciar o noso espazo político e cultural no escenario mundial globalizado, e acceder en galego ás tecnoloxías e posibilidades que nos ofrece a rede debería ocupar un lugar privilexiado na axenda gobernamental como xa o ocupa nas estratexias das forzas vivas da nosa sociedade. A serodia atención dos poderes públicos a estas prioridades comunicacionais atoran o proceso normalizador e limitan unha boa parte das iniciativas innovadoras no noso país.

Malia todas as pexas, consolídaronse medios en galego que suman xa décadas de labor editorial comprometido con Galicia e a súa lingua. A partir da veterana *A Nosa Terra*, cabeceira para a que escribiu Lugrís no dealbar do século XX, pasando por *Galicia-Hoxe* –co seu precente *O Correo Galego*– ou a vigorosa prensa comarcal con vocación de país que anima *A Peneira* e *O Sil*, até chegar á revista de información xeneralista *Tempos Novos* ou o xornalismo na rede de *Vieiros*.

Estas iniciativas de comunicación e empresariais hai anos que deixaron atrás o espazo da resistencia cultural para ocupar o seu lugar, as máis das veces desavantaxoso, no mercado e na industria dos medios, sen máis apoiatura que a confianza na calidade da súa información e a lealdade dos lectores.

Viven os medios editados en galego unha anómala e paradoxal situación. Son un instrumento fundamental no avance e consolidación da nosa normalización lingüística e cultural pero, ao tempo, fican fóra dunhas políticas gobernamentais a prol da normalización no espazo comunicacional que seguen a preferir como destinatarios principais dos seus incentivos e axudas aos medios informativos feitos en castelán.

O estado de cousas ten esa anormal traza. Os medios que máis se comprometen coa normalización do galego son os máis desfavorecidos polas políticas normalizadoras dos medios. Esa asimetría derrama moitos esforzos e ilusións e enche de senrazón as políticas que invariabelmente levan practicando os gobernos galegos desde 1981.

É o momento de marcar un cambio de tendencia, é precisa unha nova política de apoio para os medios comprometidos coa lingua e a súa normalización. É tempo tamén de novas prácticas empresariais máis colaborativas, innovadoras e mesmo arriscadas.

A Asociación de Medios en Galego creouse para iniciar unha nova andaina para tecer, ampliar e consolidar o tramado empresarial da comunicación en galego.

Quédanos aínda por saber cal é a achega innovadora nas políticas de medios da Xunta de Galicia, cal é a súa aposta a prol dun espazo propio de comunicación e o seu apoio á xeración de información e contidos en lingua galega. Somos sabedores de que non toda a responsabilidade repousa na administración autonómica, que tamén é preciso un renovado compromiso por parte dos axentes sociais, dos emprendedores económicos e dos promotores culturais.

Existen inmellorábeis condicións para procurar unha acción concertada entre os poderes públicos de Galicia, os axentes cidadáns e as empresas editoras dos medios en galego para investir en futuro, innovación e compromisos practicábeis coa normalización da noso idioma e cultura.

Temos vontade para dialogar e concertar as políticas necesarias para artellar o espazo comunicacional que Galicia precisa e ser quen de construír con éxito unha sociedade da información e o coñecemento fortalecedora da nosa identidade e das nosas potencialidades culturais.

Podémolo facer, podémolo facer máis doadamente botando man da confianza, firmeza e ilusión que animou a vida de Manuel Lugrís. Hai imaxinación, solvencia empresarial, capital humano, coñecementos e compromiso suficiente para facer realidade o soño de Lugrís: ofrecer e construír coa participación dos cidadáns galegos e galegas e as súas institucións, medios libres e na nosa lingua.♦

Editorial conxunto dos membros fundadores da Asociación de Medios en Galego

Cartas

A carón do Lérez

Houbo un tempo, para a miña xeración, no que o contacto co río Lérez tiña dúas datas concretas: as festas do Santiaguiño do Burgo, cando de rillotes, os mozos máis ousados das gavelas se tiraban da ponte para tratar de coller nadando o parrulo que soltaban os da comisión de festas, con premio para o gañador; e a Romaría de San Bieito, cando iamos camiñando a carón dos pradairos que se espallaban nas beiras do río até a arboreda baixo a ponte do tren onde se celebraba a romaría popular.

A fermosa paisaxe da fervenza, as antigas salmoeiras, o balneario, as pontes do Burgo, dos Tirantes, de Santiago, da Barca, a Illa das Esculturas, ou as Corbaceiras, eran até hai pouco recunchos esquecidos pola maioría, zonas de lecer e de contacto coa natureza, de camiñadas polas beiras do río co recendo das flores silvestres, de atopar de súpeto sumerxirse o corvo mariño ou a gaivota na procura de pesca, os saltos dos reos, dos salmóns e os paseos dos parrulos, o retorno das andoriñas ás xunqueiras, en fin, un verxel de natureza e un pulmón de vida e osíxeno moi perto da cidade.

Pódese cuestionar a campña "Puro Lérez", o traxe de Ravachol ou o baño do alcalde, pódese cuestionar o custo da campaña publicitaria ou da festa de celebración, nisto consiste a liberdade de expresión. Eu, persoalmente, felicito o alcalde pola campaña "Puro Lérez" e me sumo a ese chapuzón no río, porque si o fin xustifica os medios, todo isto serviu para concienciarnos de que temos un río para descubrir con fermosos recunchos e que temos a obriga de mantelo limpo, sen contaminación e sen vertidos para o noso gozo e o das vindeiras xeracións, para mellorar a calidade de vida, pois temos un paraíso moi perto de nós. Isto é o que nos ten que importar para deixar de darlle as costas ao río e ao mar.

Grazas á campaña "Puro Lérez" e "Vaipolorío" por redescubrirnos e lembrarnos que temos dous ríos que son nosos e temos a obriga de coidar e protexer.♦

Antón Roel
(Pontevedra)

Sobre Santiago Domínguez

A hipocrisía e incoherencia política dun sector do BNG no poder exemplifícase en Santiago Domínguez Olveira. Ao comezo foi polas comarcas do país (entre elas Chantada) e nas súas charlas falaba dunha nova forma de facer país co deporte para todos e non seguir subvencionando clubs privados e de mercenarios.

Resultado ulterior: crea a copa Xunta de fútbol para clubs profesionais e o equipo de ciclismo cun custo total moi superior a todo o deporte escolar do país. Iso é política de dereitas. Para mais *inri* o nome do equipo de ciclismo é o barbarismo "Galicia", un insulto, se iso nin o respeta o BNG estamos apañados. Ademais nas reunións non se deixan asesorar por xente cualificada no deporte nin seguen por exemplo o Plano do Deporte Vasco. Santiago Dominguez postúlase para alcalde ou que? Demisión por favor...

Poderiamos citar outras actuacións terríbeis do BNG no po-

Votar non ao Estatut pode ser de esquerdas

EMILIO MENÉNDEZ PÉREZ

Por que é de esquerdas participar nun deseño asimétrico do Estado? Segundo o autor, o PSOE debería protexer, por riba de calquera outra cousa, os principios de igualdade, liberdade e fraternidade.

Moléstame a apropiación excluente das ideoloxías que fan os políticos cando lles interesa algo, aínda que logo haxa formas de matizar as súas declaracións; nestas liñas voume referir José Luis Rodríguez Zapatero.

Non sabemos moi ben como chegou a cultura política romana ao noso país, se foi polo sur, por Hispalis, de aí viría Hispania quizais, ou por Ampurias e Tarraco, é dicir pola Cataluña actual. En calquera caso o que importa é o que deixaron eles e outros pobos e culturas que por aquí pasaron. Evidentemente, querer apropiarse do porto de desembarco dos romanos para diferenciarse dos demais pareceríanos posibelmente ridículo.

Hoxe Hispania está na UE, antes chamada Mercado Común Europeo, pero Os Pireneos seguen facendo de pano de separación, e en especial no tema enerxético que hoxe tanto se discute. Algo de solidaridade, é dicir de esquerdas, sería mirar á parte chamada Portugal, que vai con nós na mesma barca de pedra que debuxou José Saramago, e que se queda descolgada no económico, que en certa maneira é o importante.

Efectivamente, Hispania é asimétrica, e serao máis. Imos ter novos estatutos de autonomía, cando políticos chamados de esquerdas e outros de dereitas dicían até hai pouco que a España das Autonomías era o Estado máis descentralizado de Europa; éo máis aínda cando Alemaña reestrutura as capacidades gobernamentais dos *länders* para atopar unha maior economía de escala no Goberno do Estado. Ah, non esquezamos que no seu día Portugal dixo non a unha pregunta en referendo sobre a estruturación do país en autonomías.

O novo Estatut nace con data de caducidade, esta producirase posibelmente dentro duns anos, despois de que os futuros pactos de PSOE e CiU no próximo goberno central cumpran o seu tempo, de que veña un goberno da dereita, e no ciclo histórico que sempre se dá, a chamada esquerda deba iniciar o seu retorno en Cataluña, con algún novo *Maragall* apoiado na ERC de entón.

Entón terase que debuxar un novo Estatut, no cal a cesión do 50% do IRPF habería que elevala a non sei que valor, e a cotización das empresas quizais xa si camiñe a facerse maioritariamente nas autonomías con capacidade para ser sede social das grandes corporacións.

Na actualidade hai tres comunidades autónomas con capacidades para aloxar en sede social as grandes empresas, esas que dunha maneira ou outra deixan alí parte dos seus excedentes: Cataluña, Euskadi e Madrid. A continuación veñen o resto das comunidades, entre as cales podemos pór como aspirantes esa capacidade rexional de ter peso propio a Andalucía, Galiza e Comunidade Valenciana, con todos os matices que vostedes queiran.

Estamos pouco a pouco debuxando un Estado desigual e iso, señor Rodriguez Zapatero, non é de esquerdas, pode ser parte da modernidade, ou da necesidade de acordos que fagan gobernábel un país, onde o concepto de cidadanía é moitas veces sobrepasado polo de pertenza e obriga coa tribo, sexa esta do tipo que sexa, político, relixioso ou lingüístico, ou as tres formas, e outras máis, á vez.

Podo estar equivocado, pero a percepción interna que teño é que o meu paisano Pablo Iglesias non vería hoxe moi de esquerdas, ou moi socialista, ese camiño á asimetría.

Dende logo non vería a esquerda nunha cea en Bruxelas que recolle a esmola de dous millóns de euros para enviala ás Canarias, coa fin de atender o retorno dos que hoxe son os proletarios do mundo, eses subsaharianos que veñen en caiúco, e dos que só se ocupan os canarios e andaluces.

Señor Rodríguez Zapatero, faga o que teña que facer, a política sabemos que é a arte do posíbel, pero non nos veña con apropiación de ideoloxías. Debuxe o Estado como poida ser para que dunha vez nos poñamos todos a traballar na *res publica*, a que faga que haxa menos desigualdades dentro e fóra de Hispania.

Hoxe, o mundo é global, senón pregúntenllo ao seu ministro de Economía. Pense na cidadanía un pouco, niso previo ao socialismo que foi: igualdade, fraternidade e liberdade, e ademais estenda o seu campo de mira, algo cara ao sur e tamén ao leste, mire cara ás Estremaduras, a de aquí e as outras que hai polo mundo antes de falar de esquerdas.

Ah, por se só queremos mirar o noso pequeno mundo, e a enerxía dos "campións nacionais" vaia ás hemerotecas e busque de onde saíron os 600.000 millóns de pesetas que en 1985 serviron para que Fuerzas Eléctricas de Cataluña SA non fose á quebra, que era algo que quizais tamén tivese moita relación con aquilo de Banca Catalana.

A esquerda creo que hoxe só ten un certo sentido se pensamos en que somos cidadáns do mundo, con todos os seus problemas e cuestións pendentes. Pero ese é outro discurso.♦

Xosé Lois



Correo electrónico: info@anosaterra.com

der: manter elementos do PP nas suas consellarías, facer unha política de dereitas para vivir no poder, renovar as listas nas eleccións e logo colocar no poder históricos... e o da lingua é triste: que corrección idiomática utilizan Anxo Quintana ou Alfredo Suárez Canal; o suposto galegofalante Paulo González Mariñas falando na TVG sobre a situación do idioma.... e o colofón: non ameazar ou romper o goberno cando o PSOE decide que as oposicións á Xunta poden ser en español!!!

País faise no día a día creando escolas en galego, un xornal ou centros sociais como os reintegracionistas, non correndo polo voto cada catro anos. Vai España salvarnos ou en verdade non cren a súa propia mensaxe???♦

CARLOS GARCÍA
(CHANTADA)

Erros na 'Casa dos Mosaicos'

Nom há muito tempo inaugurou-se em Lugo um novo museu, pequeninho, de grande qualidade para a interpretaçao da cidade romana e muito útil para o turismo. Visita-se em vinte minutos e é gratuíto. Nele passa-se um audio-visual de doze minutos onde se fala da romanizaçao, as excavaçoes dos arqueólogos e, em trinta segundos, fai-se uma breve história posterior aos romanos. Isto último acho que é acertado mas atópo-lhe dous erros. Primeiro di que na Galiza existiu um reino suevo "durante uns anos" e, para sermos rigorosos, teria que falar de quase dous séculos pois a sua entrada está documentada no ano 411 e é no ano 585 quando o rei visigodo Leovigildo se fixo proclamar rei da Galiza. Nesta altura é onde aparece o segundo erro, pois o autor di: "os suevos foron expulsos polos visigodos" quando historiadores como Anselmo López Carreira falan de que a proclamaçom deste rei foi causada por un conflito sucesório, típico na época e non houvo propriamente invassom visigoda, senom a instalaçom de indivíduos isolados como proprietários de terras.

Ainda que estas duas gralhas que atopei semelham ser finalmente breves palavras, dam a entender fortes lagoas no que se sabe ou se estuda da própria história e som significativas num texto divulgativo como o audiovisual de que falamos. Assim, como vai concordar a populaçom em geral com que falemos dos suevos no texto do novo Estatuto? Se alguns dos que estudam a historia explican as cousas como os guionistas dese vídeo e a gente o crê, certamente nao valeria a pena. Proponho, portanto, mudar rapidamente esse texto, pois separa-se dos estudos mais documentados e está a fazer falhar um cantinho tam bem preparado como som as excavaçons da Casa dos Mosaicos. Parece incrível o diferente que resulta um documentário ao cambiarmos cinco palavras!♦

BETI ARIAS
(SARRIA)

A NOSA TERRA
Promocións Culturais Galegas

Informámoslles que as oficinas de Promocións Culturais Galegas SA a partir do 1 de xuño adoptan o horario de verán:

DE 8 A 16 HORAS.

Mundial de Comercio (OMC). Os outros países deron o visto e prace, pero os Estados Unidos puxéronlle certos requisitos sobre "dereitos humanos". Home! Vale que Norteamérica saque o dos dereitos humanos a discreción, segundo lle interesa, pero que señan eles os que lle digan iso precisamente a Vietnam, logo de pasar quince anos bombardeando o país con napalm, causando dous millóns de mortes e sen terlle ofrecido despois ningunha compensación, pois xa ten **tea.**

Valladolid está a coller demasiada mala fama. Ademais de ser o berce do castelán, de Aznar e dos antidisturbios, agora resulta que tamén o é dos estafadores: Gescartera, Fórum **Filatélico...**

Rolda de prensa do senador nacionalista Francico Jorquera e do deputado Bieito Lobeira. Falan da normalización do galego. Defenden unha política gradual, razoábel e non despotrican contra o socio de goberno. Resultado: a prensa non saca **nada.**

Cada vez hai mellores cociñeiros. Sen dúbida. O curioso é que a boa cociña depende moito dos bos materiais e a agricultura actual acabou cos sabores auténticos. Un tomate sabe igual que un pemento e que unha pataca, todo sabe a auga fría, no mellor dos casos. Ou seña, que a pesar de ter moita menos cultura culinaria, os pratos das vellas das aldeas sabían ben **mellor.**♦

LOCALIA TELELUGO

Un condutor enfróntase, navalla en man, aos limpadores en folga. O home baixou do seu vehículo e ameazou os concentrados durante un corte de tránsito na Ronda da Muralla en Lugo. Os manifestantes, convocados pola CIG, protestaban ante a sede da Xunta. (*El Progreso*, 9 de maio).

*A fraude **filatélica,** o **Goberno** e os pesos **a catro** pesetas*

Javier Ortiz comenta en *El Mundo* (15 de maio) o fraude do Forum Filatélico. "Xa se amorean os que o teñen clarísimo: se se produciu o fraude do Forum Filatélico e Afinsa, a responsabilidade recae sobre o Goberno, por non telo detectado desde o inicio (...) Mais, se de avisar se fala, para min que os feitos mesmos xa avisaban bastante por si sós (...) Non fai falla ser **Hércules Poirot** para sospeitar que, se alguén che ofrece polos teus cartos unha rentabilidade moi superior á que aseguran todas as entidades financeiras convencionais e ortodoxas, aí hai algo raro. E se les a letra pequena da oferta e descobres que os que cha fan non están cubertos por ningún fondo de garantía, pois aínda máis. Non quixera ofender a ninguén que non o mereza –e aquí hai moita xente que non o merece, fixo–, mais hei dicir que algunhas reclamacións teñen o seu. Quen opta por correr riscos debe asumir a posibilidade de perder (...) ¿Pensaban que a xente que inviste os seus poucos cartos en bonos do Estado, ou en fondos de pensións, ou en produtos financeiros semellantes, o fai porque desfruta obtendo menos responsabilidade?".♦

*'Os **vascos** e os **españois** parécense en **rompedores'***

Entrevistado por *El País* (14 de maio), Carod Rovira compara a situación de Cataluña coa do País Vasco. "**Zapatero** foi moito máis valente coa ETA que co Estatuto catalán, porque España acepta con máis naturalidade o País Vasco que a Cataluña. En primeiro lugar polo simple peso económico e demográfico. O País Vasco non pon nada en perigo. Despois, polo motivo que máis preocupa: o lingüístico. O catalán é falado polos millóns suficientes para ser o décimo grupo lingüístico de Europa. Non é a lingua das esquerdas ou dos independentistas, nin dos burgueses ou dos obreiros. É a de todos. E escoiten, máis de un *lehendakari* debeu aprender euskera para selo. O elemento que nos fai máis perigosos é que en Cataluña o único instrumento é o democrático, pacífico e político. Iso non é atacábel internacionalmente. Nos procedementos, digamos finalmente máis rompedores, un vasco e un español asemé-llanse moito".♦

Josep Lluís Carod Rovira.

*Liberdade para todo, menos para educar en **galego***

Xosé Luís Barreiro comenta en *La Voz de Galicia* (15 de maio) a proposta de creación de garderías galeguizadas ou *galescolas*. "O Partido Popular sempre fixo bandeira da liberdade de educación. E en aras desa liberdade adoita reclamar o dereito dos pais a obter do Estado o ensino e a avaluación curricular da relixión católica, que os profesores poidan elixir o idioma no que imparten a docencia, que se garanta o ensino en castelán aos que así o soliciten, e outra serie de cousas que, liberando a sociedade dunha elemental obriga de ollarse no espello, poidan chegar á peregrina conclusión de que os itinerarios educativos de Xaén e Lugo deben ser iguais. Mais, a min paréceme unha monumental incongruencia que o único dereito que non teñamos os pais galegos sexa o de educar a un fillo en galego, sen máis matices que o de cumprir as obrigas curriculares co castelán, o inglés e, se é o caso, o sánscrito. Para **Núñez Feixoo** pode ser unha obviedade que unha ikastola constitúe unha metástase do separatismo vasco incrustada no corazón do sistema. Mais a realidade é que as ikastolas conviven perfectamente cun modelo educativo que o Ministerio de Educación evalúa ano tras ano como o mellor de España, e que na súa definición formal non implica máis que unha resposta –moi cara e envexábel– ao dereito que teñen os vascos a educar os seus fillos nun contexto escolar que os capacite para falar normalmente a lingua que falaron os seus ancestros e que estivo a piques de desaparecer por unha educación centralizada. O dereito a discutir o que se aprende nas ikastolas –que poderían levarnos á equivalente preocupación polo que algúns profesores ensinan en castelán–, non leva implícita a descualificación da única fórmula que, convivindo coa escola xeral, garante os dereitos lingüísticos das culturas minorizadas".♦

Latexos

Cando preside a ignorancia

X.L. FRANCO GRANDE

Alguén que di presidir "Vigueses por la Libertad", nunha carta ao director, no xornal "Faro de Vigo" do 12 deste mes, refuga a inmersión lingüística no primeiro ensino con argumentos –é un dicir– tan churrusqueiros como que o galego non é so a lingua propia de Galicia, que os gobernos non deben interferir nas decisións persoais e que o que se trata é de "*erradicar de nuestra tierra el español*".

Unha cousa é a liberdade, sen a que non pode haber democracia, e outra é a ignorancia. Pero tamén, en democracia, pode haber ignorancia. O que xa non é propio da democracia é que se presuma de ser ignorante e que, ademais, se exhiba sen pudor facéndoa pública. Pois a tal Presidenta ignora, deixando en moi mal lugar aos seus presididos, algo que ninguén pode, a estas alturas, descoñecer:

Primeiro, que a lingua propia de Galicia é o galego, non o castelán (Art. 5.1 do Estatuto); que nesta Comunidade unha e outra son cooficiais (Art. 5.2 do mesmo); que é obriga dos poderes públicos *garantir o uso normal* dos dous idiomas e potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento (Art. 5.3). Ademais, no Preámbulo da CE dise que se *protexerá* a "todos os españois e pobos de España... as súas culturas e tradicións, *linguas* e institucións".

Segundo, que o TC, nas súas sentencias 337/94 e 46/91, entre outras, deixou establecido que é constitucional o sistema que ten nesas linguas distintas do castelán o seu *centro de gravidade* –ou sexa, a inmersión lingüística–, sempre que non se exclúa a este, o que non ocorre cando se impón a obriga de coñecer as dúas linguas oficiais. E chega a dicir máis, por exemplo, que ese sistema é tamén constitucional "en canto responde a un propósito de integración e cohesión social da Comunidade Autónoma".

Diante de tan clara realidade, legal e xurisprudencial, as dúas do máis alto rango, ben podería a tal señora Presidenta, ou informarse un pouco antes de poñerse a escribir, co que evitaría que a súa ignorancia quede tan á vista –se ben semella que non lle importa–, ou facer a súa propaganda ideolóxica nun lugar máis axeitado. Seguro que aos seus presididos non lle parecería mal. Aínda que, ao mellor, estou trabucado.♦

Antonio Fontenla, portavoz dos empresarios galegos, declarando na Comisión do Estatuto. PEPE FERRÍN / AGN

O PP propón que se fixen con anterioridade as pautas da reforma nun pleno extraordinario

O relatorio do Estatuto comeza o 29 de xuño, após remataren as comparecencias

A. EIRÉ

No mes de xuño comezará a traballar o relatorio para redactar un novo Estatuto. O PP non ten presa e pretendía adialo para setembro, pero nacionalistas e socialistas impuxeron que as comparecencias rematasen o 26 de xuño e tres días despois comecen os traballos do relatorio. Alberto Núñez Feixóo propuxo que, con anterioridade se celebre un pleno extraordinario para fixar as pautas da reforma.

Existía expectación, sobre todo no PPdG, ante a conferencia que o seu presidente ía pronunciar en Compostela sobre a reforma estatutaria. Na liña máis galeguista do PP andan incomodados co novo presidente porque, din, "non axeita o seu comportamento político ao seu discurso", en palabras dun ex conselleiro. Mesmo no actual equipo de dirección hai quen considera que se "está perdendo autonomía de xeito visíbel ante Madrid".

No PP están preocupados pola política que Mariano Raxoi asumiu fronte ao Estatuto catalán, con campaña de recollida de sinaturas incluída e debate en pleno. Afirman que, "coñecendo a Raxoi non vai defender para Galiza o que non quere permitir para Catalunya". Pensan que o PPdG pagaría moi caro non só opoñerse a unha profunda reforma estatutaria, senón deixarlles o liderado do proceso a nacionalistas e socialistas.

Non sabemos se a exposición de Núñez Feixóo os gorentou nas súas inquedanzas, por que estivo dentro da máis pura contradición na que se move o PPdG neste aspecto, e o seu presidente en particular.

Feixóo realizou unha aposta por unha reforma estatutaria que se podería definir como "técnica": delimitar mellor as institucións básicas da Comunidade Autónoma; introducir melloras técnicas puntuais nas institucións estatutarias básicas, posibilitar a delegación de competencias aos entes locais, estabelecer pautas de coordinación coas deputacións...

E as propostas políticas?

A única relevante foi a proposta de incorporar ao novo Estatuto unha cláusula de "dupla garantía de nacionalidade", que asegure para Galiza a posibilidade de exercer todas as competencias que non sexan exclusivas do Estado e de asumir a xestión de toda materia que sexa transferida ou delegada a calquera outra comunidade autónoma.

É a mesma fórmula que se incorporou no Estatuto valenciano, coñecida como *Cláusula Camps*, polo apelido do seu presidente Francisco Camps, para equipararse a Catalunya, coñecido o enfrontamento institucional entre as institucións autonómicas dos Países Cataláns, sobre todo pola lingua común.

Feixóo xustificou está fórmula para preservar o rango de Galiza "dentro do club das nacionalidades históricas", de xeito que poda manter o mesmo status no mesmo plano que Euskadi e Catalunya.

Esta proposta entre en contradición cunha campaña contra o Estatuto catalán, na que participou o propio Feixóo e os principais líderes do PPdG, mesmo na recollida de sinaturas. Se o Estatuto catalán é malo, para que equipararse a el? Pero esta contradición xa estaba presente nos propios relatorios do último congreso do PP, así que non propuxo nada novo.

Por outra banda, está o mimetismo de asumir as competencias que reclamen os demais, cando Galiza é unha nación distinta, coas súas necesidades e peculiaridades en moitos eidos, desde o pesqueiro, agrícola ou da emigración, por poñer só tres casos. Pero, de ser como propugna Feixóo, por que o PPdG se opón hoxe a creación dunha verdadeira policía autonómica.

Unha cuña no bipartito

A conferencia de Núñez Feixóo en Caixa Galicia habería que lela xa que logo, máis en clave do momento político actual. Semellaba ir dirixida principalmente a meter unha cuña no goberno tripartito.

As verbas do Emilio Pérez Touriño nunha recente visita a Andalucía abríanlle camiño. O presidente galego, que ten como principal nesgo político definitorio o de mimetizarse co seu interlocutor, para uns, a súa falta de personalidade política, para outros, apostara polo "café para todos", ao defender que non haxa diferenzas entre as nacionalidades e rexións.

Feixóo afirmou que "si é importante que Galiza siga no club das nacionalidades. Ao mesmo tempo quixo facer partícipe desta reflexión ao vicepresidente Anxo Quintana, que asistiu a súa conferencia xunto ao secretario xeral, Antón Losada, agardando que a compartise, como se existisen dúbidas entre os nacionalistas. Fronte á presenza dos dirixentes nacionalistas é de destacar a ausencia dos socialistas.

Outra das propostas estrelas da conferencia, diriamos que a única anovada foi a demanda de que cando se pechen as comparecencias o 26 de xuño, se celebre un pleno extraordinario "no que os líderes se posicionen sobre o sistema institucional, competencial e de financiamento".

Os nacionalistas xa teñen presentado unha proposta de Estatuto, redactada en todos os seus articulados, os socialistas teñen tamén feitas públicas as bases para o novo Estatuto. O único que aínda se move en vaguidades é o PP.

Por que ese interese en confrontar publicamente con socialistas e nacionalistas? Tres semellan ser as razóns: tratar que BNG e PSOE se enfronten sobre o modelo estatutario, adiar o debate e gañar protagonismo.

Certamente que as propostas de nacionalistas e socialistas sobre a reforma estatutaria difiren, por máis que leven tempo intercambiándose papeis para chegar a un mínimo denominador común que dea unha idea unitaria de Goberno. Feixóo pensa que as contradicións de Pérez Touriño poden ser unha regaña para comezar a fender a entente do bipartito.

A teima por adiar a reforma estatutaria xa lle vén de lonxe ao PPdG. Mentres tivo maioría absoluta non quixo comezar o proceso e, máis tarde tratou de retardar todo o posíbel a posta en marcha da comisión. Logo pretextou que as comparecencias ían demasiado apuradas...

O do protagonismo na reforma é algo tan lóxico como difícil, ao ser sempre a cambón dos acontecementos. Pero aí van encamiñadas as súas ansias. Así, Feixóo dixo na propia conferencia que foi o PP "o que conseguiu desbloquear o desacordo existente no goberno bipartito e, grazas a nós, a reforma do Estatuto xa está en marcha".

O público do PP aplaudiu cun sorriso.♦

V Asemblea Nacional o 20 de maio en Compostela

Esquerda Nacionalista celebrará un congreso de continuidade

H.V.

O Hotel Araguanei de Santiago de Compostela será o escenario o sábado 20 de maio da V Asemblea Nacional de Esquerda Nacionalista, que se celebrará baixo o signo da continuidade e onde a renovación da dirección será parcial. Esquerda Nacionalista é unha organización que forma parte do BNG.

"A alternativa do socialismo galego" é o lema co que se celebra unha asemblea que comeza ás once da mañá e conclúe ás seis da tarde. Trátase dunha asemblea aberta a persoas que non forman parte da organización porque o obxectivo é que Esquerda Nacionalista sexa unha vía de incorporación ao BNG.

O relatorio de propostas para Galiza introduce conceptos que constitúen "unha novidade no noso país como o do nacionalismo cívico con elementos de pluriidentidade e integración das minorías", dixo o secretario de Organización de EN, Vítor Manuel Martins, que tamén sinalou a necesidade de reivindicar o Estatuto de Nación para Galiza. A cultura, a ciencia, o benestar e as políticas substentábeis e de igualdade son outras das liñas mestras deste relatorio político.

No relatorio de estratexia, Esquerda Nacionalista analiza o contexto europeo –cómpre ter en conta que esta forza defendeu o si crítico ante o referendo da Constitución europea–, estuda o panorama estatal e por último detense na nova situación no país, co novo Goberno galego, "que abre grandes expectativas".

O proceso de elaboración do Estatuto é unha ocasión única que o nacionalismo non pode desaproveitar, sinalou o deputado no Parlamento galego e membro desta forza, Xosé Ramón Paz Antón. "Non podemos quedar descolgados ou situarnos no vagón de cola", dixo o parlamentario.

Esquerda Nacionalista considera que pode facer unha contribución positiva no proceso do novo Estatuto e lembra que recolleu adhesións de militantes doutras forzas. "É un debate que hai que trasladalo á sociedade", dixo Paz Antón.

Respecto á dirección, de momento non hai unha candidatura definida, aínda que os actuais responsábeis consideran que a elaboración da lista –que se agarda que sexa única– non deparará problemas. "Non hai diferenzas internas, todo dependerá da dispoñibilidade das persoas; será unha dirección con certa renovación e tamén con certa continuidade", sinalou Xaquín de Acosta, membro da súa Mesa Nacional.

Esquerda Nacionalista está presidida neste momento por Antonio Fernández Oca e o seu secretario xeral é Alberte Xullo Rodríguez Feixoó. Aínda que EN, como o BNG, non dá cifras da súa afiliación, conta con que asistan cincocentas persoas a esta quinta asemblea nacional. Esquerda Nacionalista, que celebra unha asemblea nacional cada tres anos, naceu como corrente do BNG en 1991 e en 1995 constituíuse como partido, conformando un caso único dentro do BNG, xa que as restantes forzas ou crearon o Bloque ou sumáronse posteriormente. ♦

Ferrol

Pita, candidato nacionalista a alcalde

MARTINA F. BAÑOBRE

O BNG escolleu en asemblea a Xoán Pita como candidato a alcalde. Esta opción impúxose a Xaquín Ros e Xaime Bello.

A asemblea local do BNG elixiu o pasado luns o posíbel alcaldábel da cidade de cara aos comicios municipais de 2007. Xoán Xosé Pita contou co apoio do 84 por cento dos asistentes a un acto tras o que prometeu traballar para que a formación nacionalista se converta de novo na primeira da cidade.

Nas últimas semanas barallároнse dúas opcións para encabezar a lista de cara ás municipais. A de Pita e a de Xaquín Ros. Con todo, foi o primeiro quen contou coa maioría dos apoios co consello local ferrolán celebrado o día 11 deste mesmo mes, polo que a súa era a única proposta que concorría á asemblea local. A terceira das escollas que foran anteriormente estudadas apuntaba a Xaime Bello. O actual vicepresidente da Deputación da Coruña, que fora candidato do BNG dende 1991 e alcalde do municipio entre 1999 e 2003, anunciara xa a súa intención de non optar de novo ao cargo por motivos de índole persoal. O seu nome chegou a soar, igualmente, tras ser apoiado por Luís Barcia, antigo asesor de Bello na Deputación e hoxe en día delegado da Consellaría de Innovación. Con todo, a opción foi rexeitada cos votos, principalmente, da UPG.

Precisamente á UPG está adscrito Pita, quen entre 1999 e 2003 ocupara o posto de concelleiro de Tráfico e Zona Rural. Nas eleccións de 2003, das que saíron elixidos seis representantes do BNG, Pita ocupaba o número sete nas listas. A demisión meses máis tarde dun deses edís abriulle unha vez máis a porta do grupo municipal.

Tras a súa elección do luns, apoiada por máis do 80% dos asistentes á asemblea local, Pita salientou a súa intención de recuperar a alcaldía para a formación nacionalista. Antes de afrontar ese reto cómpre que a escolla do cabeza de lista sexa ratificada polos consellos comarcal e nacional do BNG. Despois, deberá configurar a lista. ♦

A bandeira española de Paco Vázquez podería ser ilegal

A.N.T.

O Concello da Coruña vai ter que retirar a bandeira española de grandes dimensións que chantou o ex alcalde Francisco Vázquez no paseo do mar ártabro coruñés ou colocarlle ao lado esquerdo unha bandeira galega de iguais dimensións. Resulta que a actual situación é ilegal. A Lei de Símbolos de Galiza, no seu artigo 5, dispón que "a bandeira de Galicia utilizarase conxuntamente coa de España en todos os edificios públicos no ámbito territorial da comunidade autónoma e nos actos oficiais que nela se celebren".

Ao abeiro desta lei, unha persoa particular da Coruña, cuxo nome non quere que saia aínda á luz, interpuxo unha demanda no contencioso administrativo que foi admitida a trámite e que, xuristas consultados por *A Nosa Terra*, non dubidan que ten todas as de gañar por canto "a lexislación é clara e taxativa".

O Concello da Coruña, ademais de estar gastando miles de euros cada mes na vixilancia de bandeira española, está conculcando a Lei de Símbolos de Galiza pola que debe de rexerse.

Francisco Vázquez e a bandeira. IAGO LÓPEZ / AGN

Aínda así, fontes nacionalistas e *populares* consultas por *A Nosa Terra*, pensan que o actual alcalde, Xavier Losada, non vai ser quen de rachar coa dinámica imposta polo seu antecesor e que, coma este co topónimo, vai desafiar a legalidade, e tratar de encerellarse en recursos xudiciais que van en detrimento dos petos dos cidadáns coruñeses. ♦

Concellos con plano de normalización

XOSÉ MANUEL SARILLE

A historia recente di que o proceso de normalización lingüística sempre foi comezado polos nacionalistas e que posteriormente son as outras correntes da sociedade galega as que con maior ou menor enerxía se incorporaron á tarefa. Así sucedeu co galego nos concellos. En principio, son as corporacións nacionalistas as que deseñan o xeito de galeguizar o caudal administrativo e de formar os traballadores. Este modelo esténdese despois e hoxe está rematado.

No entanto, o nacionalismo non foi capaz de enxergar un novo modelo. Consistiría este en incentivar a normalización na rúa, entre os veciños, nas actividades empresariais... Actualmente, os concellos do BNG divídense en tres grupos: o primeiro, con dous concellos que desprezan a lingua e que non deron nin os primeiros pasos de galeguización; o segundo, no que están case todos, que confunde normalización con promoción cultural, sen proxecto nin obxectivos; no terceiro, o máis interesante polo esforzo e a aposta, están Santiago e Ferrol. Os planos de normalización están inspirados na práctica catalá, onde hai unanimidade entre os grupos políticos. Por iso resulta fácil ter un proxecto común e metas concretas.

Santiago encargou un plano. É ambicioso e pretende implicar todos os axentes sociais da cidade, mais existe unha eiva de partida: ao longo destes anos non houbo orzamento para desenvolvelo e vive unha parálise practicamente total. A falta de diñeiro e de debate para conseguilo indica que o galego tampouco é un ámbito estratéxico en Santiago porque se así fose, o BNG lograría ese diñeiro. Á fin, en todos os municipios se gasta moito máis nunha noite de foguetes festeiros que en lingua. Desde hai tres anos o consello municipal de normalización lingüística compostelá, que acolle todos os axentes sociais, reúnese anualmente para decidir reunirse de novo no ano seguinte. Non actúa, non hai política. Compostela ten unha extraordinaria profesional de normalización lingüística. Para alén da filoloxía coñece profundamente as técnicas de intervención social, mais a falta de diñeiro paraliza a acción do seu servizo.

Os planos de normalización poden resultar interesantes, mais con dúas condicións previas: a aposta económica debe ser clara (o idioma é caro) e as persoas responsábeis deben ser técnicas de moita calidade capaces de dirixir a intervención social. Sen estas premisas é un disparate o propio plano e máis aínda montar servizos técnicos comarcais polo territorio galego, que desembocaría nunha burocracia ineficaz.

Ferrol é a historia dun fracaso, froito do mal cálculo. O BNG gastou o anterior mandato elaborando un plano de normalización que se presentou xa co goberno en funcións. Ao entrar o PP todo ficou en nada. ♦

ELECCIÓNS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Alberto Gago

‘A emigración dos nosos titulados é unha necesidade se queren atopar emprego’

R.V.A.

É catedrático de Facenda Pública na Universidade de Vigo e vén desenvolvendo o cargo de vicerreitor de Planificación e Asuntos Económicos dende o 2002. Preséntase como candidato para suceder a Domingos Docampo á fronte da Universidade nas eleccións que terán lugar o 23 de maio. Entre os seus méritos, unha xestión económica que fixo medrar case o duplo a Universidade.



Cales son as súas propostas de Goberno?

En primeiro lugar, desenvolver un programa de transformación de todas as titulacións para adaptalas ao Programa Europeo de Educación Superior. Iso significa tratar de ampliar toda a oferta de prosgraos e masters públicos. En segundo lugar, unha nova política de I+D+i que inclúe unha aposta polos grupos de investigación da Universidade, en total 260 este ano, e polos centros de referencia como a estación marina de Toralla, o centro de investigación e transferencia de Ourense, o centro de Telecomunicacións de Galiza, o centro de tecnoloxía agroalimentaria de Ourense e outras iniciativas como o centro de nanotecnoloxía de Braga ou o centro do Mar de Vigo se chega a consolidarse. En terceiro lugar, apostamos por unha colaboración coa iniciativa privada, por medio do parque tecnolóxico de Vigo e a cidade tecnolóxica. Ademais, tamén queremos descentralizar os campus.

En que consiste esa descentralización?

Queremos conseguir que os campus de Ourense e Pontevedra teñan a máxima autonomía para levar a cabo as súas iniciativas e tamén que se descentralicen os procesos burocráticos para que non todo teña que depender de Vigo. Haberá un equipo de vicerreitores de campus e vicexerentes. Por último, queremos centrarnos tamén na mobilidade intrarrexional, que consiste nun maior intercambio de alumnos con universidades do estranxeiro. Na actualidade temos máis de 530 alumnos de Erasmus, máis outros trinta en programas propios, aos que hai que engadirlles 60 profesores traballando noutras universidades. A esta preocupación engadímoslle a da mellora das prácticas profesionais e a busca do primeiro emprego, que é fundamental. O ano pasado a Universidade foi intermediaria na sinatura de máis de trescentos contratos, dos que setenta foron indefinidos.

Non obstante, os alumnos seguen a queixarse da falta de saída laboral incluso en moitas titulacións técnicas.

Coa adaptación ao espazo europeo obrigatoriamente hai que adecuar os planos de estudo ás prácticas profesionais. Pero independentemente diso, vai seguir existindo un problema para os alumnos, que vai ser o de atopar emprego en Galiza, sobre todo nas carreiras técnicas. Nalgúns casos, a emigración dos nosos titulados é unha necesidade se queren atopar emprego.

Que balanzo faría da xestión dos últimos anos na que participou como vicerreitor?

Non hai comparación entre a Universidade de 1998 e a do 2006. Hai datos clarificadores. No 1998 a Universidade captaba 3 millóns de euros de recursos externos e nestes momentos capta 30 millóns de euros. No ano 1998 había 120 grupos de investigación, agora hai 260. No ano 1998 o orzamento da Universidade era de 78 millóns de euros, agora é de 144 millóns de euros. De seiscentos doutores, pasamos a mil. Todas estas cifras aluden ao cambio que se deu na Universidade, á marxe do cambio físico evidente.

A situación económica é boa, polo tanto?

Temos unha situación totalmente saneada.

Agardan pedir novas titulacións ou coa adaptación europea a discusión vai ser outra?

Primeiro teremos que ver como se fai a adaptación aos criterios de Boloña. Haberá titulacións comúns de tres anos que serán moi semellantes en toda España e logo ofreceremos posgraos e masters dun ano de duración, cos cales os alumnos pódense especializar e orientarse ao mercado laboral.

Outro dos aspectos que suscitou polémica nos últimos meses foi o da reforma do calendario escolar para facelo semellante con Europa. Vai seguir adiante este proxecto?

Unha idea, aínda que sexa boa, se non consegue arrastrar todo o mundo detrás nunha institución, non serve. Co calendario tivemos pouco tempo para prever todas as dificultades por iso no Claustro adoptamos por unanimidade que só se ía levar á practica a título experimental naqueles centros que quixeran probar. Na actualidade hai dous centros probando e dependendo do que nos conten despois de varios anos decidiremos. Pero polo momento é un tema que está aparcado. ♦

Xosé Luís Legido

‘Domingos Docampo gastou en infraestruturas e esqueceuse das persoas’

R.V.A.

Catedrático de Física Aplicada, Xosé Luís Legido conta, ao igual que o seu adversario, con experiencia en labores de xestión posto que foi Secretario Xeral da Universidade de Vigo entre 1994 e 1998. Crítico coa labor desenvolvida por Domingos Docampo, coida que o novo equipo de Goberno debería centrarse máis no capital humano e menos nas infraestruturas.



Cales son as bases do seu programa?

Defendemos unha política de transparencia, igualdade e cunha comunidade universitaria motivada. Debe mellorarse a docencia, a investigación e a implicación da comunidade universitaria.

Que balanzo fai da xestión de Domingos Docampo?

A percepción da maior parte da comunidade universitaria é que está desmotivada, non se sente identificada co proxecto de Domingos Docampo. Fixo unha política baseada nas infraestruturas e esqueceuse dos recursos humanos. Non se puxeron todos os recursos ao servizo das persoas, senón que se gastaron en obras.

Pensa que a situación económica da universidade é boa?

Debería estar nunha boa situación porque o plano de financiamento da Universidade feito pola Xunta nestes catro anos é independente do número de alumnos. Nos últimos anos ese financiamento estivo subido cerca do 9% e neste exercicio será do 8%. Non embargante, eses cartos non se están poñendo ao servizo da Universidade senón doutros intereses particulares.

Cales son eses intereses?

Planifícanse infraestruturas excesivamente caras que non compren os obxectivos que a comunidade universitaria realmente demanda. Por exemplo, a cidade universitaria, que lle custou moitos cartos á Universidade e non compre o servizo que tiña previsto. O mesmo ocorreu coa política de aparcamentos, que foi excesivamente cara e non serviu para cubrir as nosas necesidades. Por moitos premios que teña un proxecto no apartado de deseño, este ten que servir para cubrir as nosas necesidades.

Un dos retos máis grandes que ten a Universidade é a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Como propón afrontar vostede este reto?

A Universidade xa debería estar traballando neste marco europeo e non o está a facer. Temos experiencia de adaptación de planos de estudo que fracasaron e non se pode volver a cometer os mesmos erros e, aínda así, a actual reitoría non comezou a preparar nada. Deberiamos ter xa un plano estratéxico consensuado no que se recollera o novo mapa de titulacións que atendese as necesidade da Universidade de Vigo e de Galiza. Nós temos pensado comezar a facelo se nos da a confianza a comunidade universitaria. Iso si, recollendo todas as sensibilidades. Ademais, hai que entender que pola nosa situación xeoestratéxica, moi próxima a Portugal e a Castela, temos que potenciar moito aqueles puntos nos que somos fortes e nos diferenciamos dos demais. Polo tanto, vai haber que escoller moi ben os posgraos e os masters que ofrecemos.

Un dos asuntos que lle preocupan aos alumnos é o das saídas profesionais. Que podería facer a Universidade para corrixir esta situación?

En primeiro lugar, a Universidade debería facilitar moita máis información aos alumnos. En segundo lugar, debemos ser máis receptivos á sociedade e formar os alumnos atendendo ás demandas do mundo que nos rodea.

En caso de saír elixido vai propoñer algunha nova titulación ou todo está pendente do que aconteza coa adaptación a Europa?

Polo momento hai que agardar a que se estabelezan os graos que van ser comúns e nós xa deberiamos contar con algúns posgraos. O novo mapa de graos de Galiza debe estar en consonancia cos intereses de cada Universidade. Temos que facer unha defensa da nosa Universidade pero sempre ollando para os intereses de Galiza. De nada vai servir pelexar polas titulacións.

Está de acordo coa proposta de calendario presentada por Domingos Docampo?

É absurdo cambialo hoxe coa estrutura de titulacións que temos. Haberá que modificalo cando se poña en marcha o novo plano europeo. Agora é inútil estar xerando tensións con cambios innecesarios. ♦

Pescanova en Touriñán

CARLOS AYMERICH

Aproveitando o caso Pescanova (é dicir, a negativa da Xunta a autorizar a instalación dunha planta de acuicultura en Touriñán, no medio dunha zona incluída na Rede Natura), o PP anda matinando na posibilidade de montar un "Nunca Máis" ao revés. É dicir, en axoutar demagoxicamente a situación que eles propios (xunto con importantes e leais aliados do PSOE) crearon para lle botar ao novo goberno e, singularmente ao BNG, a culpa pola emigración e o illamento da Costa da Morte. Hai mesmo quen fala, despois do éxito da manifestación de Muxía do domingo pasado (con buses pagados polo Concello e baixo as palabras de orde "Pescanova si"), de encher Santiago de cidadáns reclamando emprego e crecemento (a calquera custo) para as terras de Fisterra, Soneira e Bergantiños.

Os tópicos, os de sempre. "Os do BNG queren que volvamos vivir en castros", "as pedras son pedras" (para xustificar a abertura dunha canteira en Pasarela, Vimianzo, no medio duns penedos que o Parlamento acordou unanimemente protexer), "alí só hai toxos" (o inefábel Alberto Blanco, rexedor de Muxía, en referencia a Touriñán), "moitos viven do erario público pero aquí a xente ten que emigrar", ...só que empregados por alcaldes, do PP e do PSOE, que levan moitos anos no poder e son, en gran medida, os responsábeis da desorde urbanística, da degradación ambiental e da falta de actividade económica (legal e sustentábel) nos seus municipios. Alcaldes que, ademais, non dubidan en beneficiar os seus –adxudicándolle ao irmán a construción da Casa da Cultura (Vimianzo) ou recualificando como urbanizábeis os terreos que os seus achegados mercaran pouco tempo antes (Muxía)– e que, conscientes de partillaren intereses e políticas, se protexen mutuamente. Reparen en que na manifestación de Muxía o alcalde, do PP, leu unha carta de solidariedade do alcalde de Vimianzo, do PSOE. Pouco antes o muxián dera publicamente o seu apoio ao de Vimianzo fronte aos ataques dun BNG (eu propio) que non fixo máis que promover a defensa dos penedos de Traba e Pasarela. Alí, na manifestación, estaba tamén o portavoz municipal do PSOE, Félix Porto (quizais para despistar: foron dúas consellarías do PSOE, Medio Ambiente e Pesca, as que denegaron a autorización á planta de Touriñán), o mesmo que en plena crise do *Prestige* fora apañado con traxe de mergullador pescando centolas.

Alberto Blanco, Alcalde de Muxía.

'Hai mesmo quen fala de encher Santiago de cidadáns reclamando emprego e crecemento (a calquera custo) para as terras de Fisterra, Soneira e Bergantiños"

Os do BNG non xogamos con dúas barallas. E seguimos a defender o que sempre dixemos. Sostendo, contra o discurso dos gobernos do PP, que o turismo non é a panacea para a Costa da Morte (nin para Galiza), mais que un turismo ben ordenado e que explote e poña en valor os numerosos recursos culturais e naturais desas comarcas é un complemento moi valioso para as actividades produtivas na industria, na pesca, no marisqueo e, por suposto, tamén na acuicultura. Actividades que precisan de solo industrial, de subministración eléctrica de calidade, de que o gas chegue até Cee, dunha dotación de servizos sociais de calidade para a xente maior e para as familias... ámbitos todos nos que o BNG xa está a traballar desde o goberno de Galiza. Por iso, por coherencia e porque estamos a traballar, non fomos á manifestación de Muxía. Aínda que os propietarios que, embaucados polo alcalde coa promesa dun posto de traballo venderon os seus terreos a Pescanova ao prezo de 1 euro por metro cadrado saben que contan, como o resto dos galegos de ben, co noso apoio e co noso traballo. Saben que na Costa da Morte, como en moitas outras zonas do país, o BNG é a única alternativa para as vellas políticas que PP e PSOE partillan e pratican.♦

Lugo

Conflito médico

ANTÓN GRANDE

A medicina privada en Lugo semella que comeza a trocar no que se refire ás vantaxes e favoritismos dos que veu gozando nos últimos anos co anterior goberno da Xunta.

Na capital era de todos coñecida, e mesmo criticada a nivel de rúa, a postura que viñan mantendo moitos médicos que pasaban consulta privada nas súas horas de estancia nos hospitais públicos e mesmo como algúns, accionistas na privada, ocupaban cargos na pública co maior descaro e, maiormente, confusión para os pacientes que moitas veces non sabían se estaban sendo tratados por un sistema ou outro até que tiñan que pagar do seu peto as consultas, que era cando se decataban da realidade que moitas veces escollían por non ter que estar agardando as longas listas de espera.

Hai uns días, a Consellaría de Sanidade decidiu abrirlle expedente informativo ao Gabinete Radiolóxico de Lugo para comprobar non só que os seus radiólogos puideran estar incumprindo a lei de incompatibilidades, senón tamén a lei de contratos do Estado, decisión que foi adoptada logo dunha denuncia da CIG na que se facía constar que o xefe de servizo de Radioloxía do Hospital Xeral era accionista do citado gabinete e que mesmo tamén exercía a privada noutro centro da capital.

A raíz das primeiras comprobacións realizadas pola Consellaría de Sanidade, esta decidiu tomar a decisión de non enviar ningunha proba máis da Seguridade Social ao citado Gabinete Radiolóxico dende o pasado 15 de marzo aínda que o Sergas siga a manter en activo os concertos para as probas de radioloxía cos outros dous sanatorios privados de Lugo.

O caso só pode ser a punta do iceberg para tratar de colocar cada un no seu sitio na medicina lucense onde unha alta porcentaxe de médicos da sanidade pública, exercen tamén a privada. Algúns destes médicos, e mesmo tamén o director xerente do Hospital Xeral, salientaban a dificultade que suporía facer cumprir a lei de incompatibilidades ao completo posto que os hospitais públicos poderían quedar desabastecidos de médicos especialistas que optarían pola privada polos maiores beneficios que nela obteñen.

A solución, polo tanto, non é doada de momento aínda que o primeiro aviso está dado. O segundo paso pasaría posibelmente por evitar a fuga de médicos a outros países da Unión Europea e asentalos aquí. Evitaríase así tanto monopolio, crearíanse postos de traballo e faríase unha sanidade pública como debe ser. A resposta tena, como é habitual cando destes temas se fala, a Consellaría de Sanidade que deberá demostrar que ten a tixola polo mango.♦

Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS

Subliñado

As Letras da Coruña

LOIS DIÉGUEZ

O alcalde da Coruña envía estes días convites para asistir aos actos organizados polo Concello en conmemoración do Día das Letras Galegas. Celebraranse (cando os lectores e lectoras lean estas palabras xa terán acontecido) na sede da Fundación Luís Seoane. Comezarán cunha intervención do Presidente da Real Academia Galega e do alcalde Francisco... non (ah, o costume, o costume traizoeiro), Javier, agora é Javier (a combinación dos dous daríanos un santo, decatáronse?, san Francisco Javier, moi amado, por certo, por Benedicto XVI)... Pois entre ambos os dous, Presidente da Academia e alcalde do Concello, lerán a dúo o poema "Desterrados" de Luís Seoane, en "castelán, catalán e euskera" (así vén na tarxeta do convite, sen especificar o noso idioma). Verdade ou mentira? Ilusión ou fantasía? Quen sabe, pero postos a desconfiar... Logo, Susana Seivane ofrecerá a súa música. E para rematar, xa ás 22,30 h. haberá un concerto do grupo "La Leche". Rotundo broche isto de La Leche do alcalde da Coruña para as nosas Letras. Non se rían vostedes, pero en canto o limos non o dabamos crido e o noso maxín encheuse inmediatamente coa imaxe de Francisco Vázquez que en paz descanse, cantando o la-la-la en María Pita para despedirse de "La Curuña". Mais Javier Losada non é tan bruto, e para disimular, no canto de cantar a "La Curuña", vai cantar cos de "La Leche", "La, La", entenden?, pois é máis demócrata e máis galego, pero iso si, da nación española, que unha cousa non ten que ver coa outra e estamos no século XXI, ou que? Pois nada, iso, queridos lectores, a escoitar a La Leche e festexar estas Letras que, por se non o advertiran, tamén comezan co L. Cousas do destino.♦

Le Royaume de Galice

Mª Pilar García Negro

Na igrexa de Santa María, da *Place du Sablon* de Bruxelas, e grazas á hospitalidade e afecto de Manuel Cortés, Teresa, Xavier Queipo…, tiven ocasión de contemplar un anaco da nosa historia perdida, vaporizada, e que con tanto esmero e pertinacia nos foi furtada. Na igrexa citada e da mao destes compatriotas e amigos, vin a lápida que fala da moi nobre e antiga familia dos Castro, do Reino da Galiza, benefactores que foron os seus membros daquel templo. O nome citado é Francisco de Castro e o ano é 1729 (polo que non pode ser o irmán de Pedro Fernández de Castro e Andrade, conde de Lemos, virrei de Nápoles e embaixador en Roma, a comezos do século XVII). Xa me chamara a atención, en Amberes ou Antuerpia, na igrexa de San Paulo, poder comprar un disco que agora, retornada, escoitei, de pezas de polifonía de Jean de Castro (ca. 1540- ca. 1600), "qui, durant la seconde moitié du XVI-ème siècle, éleva l´ " ars perfecta" du chant à plusieurs voix à un sommet jamais plus égalé". O texto de apresentación do disco (con efeito, unha maravilla de voces e de pureza musical) abunda no panexírico deste músico, cuxas composicións, innovacións e arranxos se dan por únicos e irrepetíbeis. En procura rápida e superficial, non achei información sobre esta estadía e sobre esta arte galega en terras de Flandres, nuns anos decisivos da nosa historia e dos que, aínda, tan pouco ou tan mal sabemos. De certo que eruditos e investigadores dela saberán sobradamente de quen se trata, como se instalaron estes personaxes a dous mil quiñentos quilómetros da nosa terra e como chegaron a facerse ilustres e recoñecidos polo país anfitrión, polo que espero que a miña ignorancia axiña fique curada.

Mais, agora, sobre o que chamo a atención é sobre a incríbel ignorancia de nós mesmos con que, como principal don, se nos agasallou aos galegos durante centos de anos. Xa o primeiro Risco, Castelao, os Vilar Ponte e tantos outros sinalaron, nos anos vinte e trinta do século XX, como este foi o direito que se nos concedeu: o direito a ignorar e, por iso, a desprezar, todo aquilo de que vimos e a familiarizármonos coa idea de que sempre fomos *pequenos, domésticos, atrasados* e minifundistas culturais. ¿Canta e que calidade de cultura e potencia galega se extravasou nestes séculos da nosa historia? ¿A que amos novos se serviu? ¿Que acomodo tiveron en terras afastadas nobres e artistas galegos de orixe e por que *secaron* entre nós criatividade e orixinalidade tan marcadas?

Estimo en todo o que vale, e así llelo agradezo, a presenza e actividade dos compatriotas que citei ao comezo, con traballo e morada en Bruxelas, así como o labor dun portugués (galego do Sul se chama a si mesmo) como Joaquim, dono da libraría Orfeu, nesta capital, e mecenas da galeguidade á moderna, isto é, práctica e realista. Son espello e exemplo para aquí, na Galiza física e nacional, incrementarmos esforzos no mesmo camiño común. Para que o *Royaume de Galice* vire de vez *reino* posuído de novo por nós e ao noso servizo. ♦



ÁRBORES DE GALIZA

de Adela Leiro, Mon Daporta, Víctor M. Caamaño, Manuel Núñez, Isaac Pontanilla e Xoán Colazo

para saber máis
dos seres máis grandes e
lonxevos do noso país

A NOSA TERRA

Os irmáns Saco

ou a loita galeguista baixo o franquismo

Fernando Saco

A loita contra a ditadura levou a que moitos comunistas, guerrilleiros, anarquistas, socialistas e galeguistas compartisen cárcere e presidio. Eis o caso dos irmáns Cesáreo e Camilo Saco, perseguidos por mor de actividades ligadas ao Partido Galeguista.

Catro anos a bordo dunha illa

memoria dun preso en San Simón

Evaristo A. Mosquera

O penal instalado en 1936 polo exército español na illa de San Simón foi un dos máis sinistros dos administrados polos militares que se alzaron contra a orde constitucional da II República. Miles de presos pasaron por esta illa da ría de Vigo e a centos deles custoulles a vida. Mortes por fusilamento, por sacas ou a causa das inhumanas condicións do presidio.

A NOSA TERRA

A consellaría de Innovación presenta o *OpenOffice* e un corrector

A Xunta dá o primeiro paso para a galeguización dos programas informáticos de uso común

H. VIXANDE

O pasado dez de maio a Consellaría de Innovación presentaba o portal de internet Mancomún, que será a plataforma dos programas sen dereitos de autor en galego. Agora vén de editar o paquete OpenOffice e un corrector ortográfico.

Até agora, os programas informáticos de uso común en galego apenas existían e a galeguización dos máis importantes era máis lenta que o mercado. A presentación do portal Mancomún (www.mancomun.org) o pasado dez de maio implica inverter a situación.

A maioría dos programas informáticos están deseñados por empresas que venden os seus produtos e que en consecuencia tamén deciden en que idiomas subministran os seus programas. Por esta razón contar cunha tradución do Windows custou moitos anos –o problema agrávase porque cada nova versión precisa dunha nova tradución, que debe pagar a Administración.

As cousas cambiaron con Mancomún porque este portal está centrado no software libre, é dicir, aquel que non está sometido aos dereitos de autor porque a súa elaboración é a través da participación voluntaria e gratuíta de moitos programadores espallados polo mundo. Este xeito de construción de programas leva a facelos de forma aberta, na que cada quen pode introducir os cambios que desexa. Isto permite traducir ao galego eses programas. É o que está a facer a Consellaría de Innovación en Mancomún.

O portal Mancomun inclúe unha fiestra para baixar o *OpenOffice*.

A primeira presentación dun programa libre en galego de uso estendido tivo lugar unha semana despois de abrir Mancomún. Trátase do OpenOffice, que é un paquete de programas que contén un procesador de textos, unha folla de cálculo, unha base de datos e un programa de presentacións multimedia. É un paquete moi similar en aparencia e funcionamento ao Office, que inclúe o procesador de textos Word, a folla de cálculo Excel, a base de datos Access e o programa de presentacións Powerpoint. Os documentos xerados en OpenOffice son compatíbeis cos de Office e ao revés.

O paquete informático OpenOffice que se baixa da páxina de Mancomún pódese montar no sistema Windows e tamén en Linux, que é o sistema operativo habitual do software libre e cuxo uso aínda é algo máis complicado para un usuario normal.

O 29 de maio Mancomún presentará na súa páxina unha versión de OpenOffice para Apple Macintosh, un tipo de ordenador pouco estendido en Europa que sobre todo se emprega para deseño gráfico.

Ademais deste programa de ofimática, inclúese un corrector ortográfico para OpenOffice na versión para Windows e na de Linux. Trátase dun corrector que se pode usar en todos os programas do paquete e que é máis completo que o 2M3 que sacou a Xunta para o Office de Windows en 2003 –que constituía unha actualización dun anterior. Para finais de maio está prevista dunha versión deste corrector para Mac.

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco (BNG), tamén asinou dous convenios coa Academia Galega e coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións para a presenza na rede de materiais lingüísticos en galego e para a extensión da banda larga. Entre os proxectos de difusión do galego está un dicionario monolingüe para colgar na internet, a publicación na rede do Mapa Sociolingüístico e a elaboración dunha serie de dicionarios bilingües. ♦

Erros na toponimia galega nos mapas de *Google*

H.V.

O plano da cidade de Pontevedra que ofrece o servizo de mapas do servidor Google está inzado de erros. Outro tanto acontece en Vigo. Nas dúas cidades ademais as denominación das rúas mestúran galego e castelán, cando non castrapo. Estes erros despistan os visitantes.

A pontevedresa Praza de Méndez Núñez aparece no mapa de Google (http://maps.google.com) convertida nunha rúa. O mesmo acontece coa Praza de Ourense. A Praza da Peregrina figura transformada en dúas rúas que non existen. A rúa do Padre Sarmiento segundo o buscador é a "Calle del Sarmiento" e a praza de Barcelos a "Plaza de Barcelós". A avenida da Seca desaparece e dáselle o nome de "Calle de José Malvar", que está próxima a ela e que aparece duplicada no mapa de Google, tanto na localización real como na inventada.

Hai, ademais, outras denominacións que transforman o nome da rúa, como no caso da Ferrería, que pasa a ser "Calle de los Soportales", en alusión aos soportais da Ferrería. Por outra banda, figuran solucións en castrapo como a que converte a rúa do Laranxo na "Calle del Laranxo".

Con respecto a rúas que sempre se denominaron en galego, mesmo durante o franquismo por parte da burguesía pontevedresa, como a Rúa Alta ou a Rúa Nova, pasan a ser "Calle Nova" ou "Calle Alta".

O problema é que a sinalización das rúas en Pontevedra non se corresponde coa que figura no mapa de Google, polo que este non resulta útil para os visitantes. De todas formas, estes poden consultar o rueiro municipal na páxina electrónica do concello (www.concellodepontevedra.es).

En Vigo acontece outro tanto. No mapa de Google aparece consignada a existencia dun ferry até as Illas Cies que en realidade é un transporte estacional de viaxeiros. Nesta cidade a Porta do Sol aparece transformada na "Plaza de la Princesa", que ten unha localización moi próxima pero distinta. Na rúa Doutor Cadaval ou na Avenida de Castelao hai erros de trazado. Outras vías, como a Subida ao Castelo, aparecen mal consignada (pon "Calle de Astelo"). Por último, chama a atención a existencia de dúas denominacións para a Rúa Coruña, a que a chama "Calle de A Coruña" nun lugar e "Calle de la Coruña" noutro lugar que ademais está errado. ♦

Día das Letras Galegas

fomentando a creatividade



'06 premios

XIII Poesía Miguel González Garcés
Premio dotado con 6.500 €

XVIII Narrativa Torrente Ballester
Admisión de orixinais ata 01 de xullo de 2006
Premio dotado con 28.000 €

VI Artesanía Antonio Fraguas
Admisión de orixinais ata 31 de maio de 2006
Adquisición de obra 19.000 €

VII Fotografía Luis Ksado
Admisión de orixinais ata 30 de setembro de 2006
Premio dotado con 6.500 €

VI Ensaio Manuel Murguía
Admisión de orixinais ata 30 de setembro de 2006
Premio dotado con 6.500 €

II Banda Deseñada Castelao
Admisión de orixinais ata 31 de maio de 2006
Premio dotado con 6.500 €

VI Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa
Admisión de orixinais ata 16 de agosto de 2006
Premio dotado con 6.500 €

I Grabado Xosán Núñez
Admisión de obra do 5 ó 30 de xuño de 2006
Premio dotado con 6.500 €

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Nº 1.223 ● Do 18 ao 24 de maio do 2006 ● Ano XXIX

Pretende recuperar o diálogo entre 'economía e galeguidade'

A *Fundación Premios da Crítica* homenaxea a tres empresarios galeguistas

A.N.T.

O 20 de maio daranse a coñecer, en Mondáriz-Balneario, os XXIX Premios da Crítica-Galicia. Ao tempo, a *Fundación Premios da Crítica* homenaxeará a tres empresarios galeguistas: Enrique Peinador, Antonio Fernández e Xesús Canabal.

A Fundación Premios da Crítica de Galicia vén de constituír o Foro Enrique Peinador para "recuperar o diálogo entre a economía e a galeguidade no ámbito empresarial, iniciado a comezos de século por Peinador e secundado por Antonio Fernández e alén mar por Xesús Canabal, inexplicábelmente interrompido durante moitos anos".

Os promotores deste recoñecemento sinalan que nesta xinea de empresarios os actuais e futuros homes de negocios deben ver "un exemplo para a inculturación dos seus proxectos industriais". "A universalización dos mercados —sinala a Fundación— non é óbice para que as denominacións de orixe subliñen as expresións identitarias da terra e dos homes e mulleres que elaboran os produtos fundamentais para a calidade de vida dos cidadáns da aldea global". "O particularismo –conclúen– define a riqueza da globalidade".

Enrique Peinador (1876-1940) dono do Balneario de Mondariz e mecenas do galeguismo

Enrique Peinador Lines era fillo de Enrique Peinador Vela, un médico que puxo en pé a empresa máis importante e prestixiosa daqueles anos, relacionada coas augas medicinais. En 1898 inauguraba o Gran Hotel, obra do arquitecto Xenaro de la Fuente. Antes, en 1877, Enrique Peinador xa exportaba ao resto do Estado español centos de miles de botellas de auga de Mondariz. O seu fillo fíxose cargo do Balneario en 1917, convertendo o lugar nunha cita de verán das clases acomodadas, con bañistas chegados dos máis diversos puntos xeográficos. Peinador (fillo) promovería ben logo a liña de tranvías que unía o balneario coa cidade de Vigo, distante 35 quilómetros. No balneario editábanse dúas publicacións periódicas: *La Temporada* e *Mondariz*, nas que aparecen de cote sinaturas coñecidas da cultura galega daquel tempo, tratando temas literarios, económicos... A lingua galega tiña cabida nas súas páxinas sen que os lectores estranxeiros fosen un pretexto para non telas.

Enrique Peinador creou o Centro Hidrolóxico de Mondariz e premios de investigación. Participou na constitución do Seminario de Estudos Galegos e nos pactos de Barrantes e Lestrove para estudar os proxectos de autonomía para Galiza. O Balneario foi epicentro cultural do galeguismo. Ramón Cabanillas, Castelao, a Academia... tiveron alí acobillo e protección económica.

Enrique Peinador, Xesús Canabal e Antonio Fernández vistos por Pulido.

Xesús Canabal (1897-1985), empresario papeleiro e ministro da República no exilio

Xesús Canabal Fuentes naceu no Pino, perto do aeroporto de Labacolla. Aos 13 anos emigrou á Arxentina. Co tempo fundou a industria papeleira máis importante de Latinoamérica con varios centos de traballadores: IPUSA (Industria Papelera del Uruguay) que cubría practicamente o abastecemento nacional. Mais tarde, na cidade de Pando, criou unha nova fábrica. Fomentou a produción de madeira e a industria papeleira. O 25 de xullo de 1956 Canabal funda o Banco de Galicia que, a partir do Uruguai, estendeu as súas oficinas a varios países latinoamericanos.

Xesús Canabal apoiou a defensa da identidade galega na diáspora. Formou parte da directiva da Casa de Galicia no Uruguai, alentou a creación do Padroado da Cultura Galega de Montevideo, participou activamente na creación da emisión radiofónica en lingua galega *Sempre en Galiza*, que facía chegar a través das ondas a lingua galega a todos os fogares de galegos dun lado e outro do Río da Prata. Presidiu o Primeiro Congreso da Emigración Galega en 1956, celebrado en Buenos Aires; formou parte do Consello de Galiza no exilio e colaborou con Castelao e outros intelectuais galeguistas desterrados para dignificar a cultura galega na emigración. De 1956 a 1962 foi ministro da República no exilio.

Antonio Fernández (1903-1971), un tecido empresarial para un país sen estado

Antonio Fernández López naceu nunha parroquia á beira de Sarria. Titulouse como enxeñeiro de camiños en 1933. O seu pai exportaba gando vacún e el deseñou o tecido empresarial que había completar esta faceta. Consecuencia deste labor son o matadoiro de Mérida e o do Porriño, logo Industrias Frigoríficas do Louro. Zeltia vén ser a empresa máis representativa do grupo Fernández López, creada en 1939. A empresa naceu cun comité científico formado por profesores da universidade compostelá e tivo como obxectivo inicial aproveitar os subprodutos do matadoiro, tales como os figados, para obter extractos epáticos, amais de explorar a flora medicinal de Galiza. Zeltia destacou axiña como primeira produtora española de alcaloides do dentón ou gran corvo do centeo. En 1945 sintetizou o DDT e foi empresa pioneira na divulgación de produtos veterinarios e insecticidas. Editou o Almanaque ZZ, redactado integramente en galego e cunha difusión de 350 mil exemplares anuais. Na posguerra, Antonio Fernández creou a empresa Transfesa, co gallo de transportar o gando por ferrocarril. A empresa é hoxe a segunda do continente no transporte ferroviario. En 1951 creou Frigsa en Lugo e en 1958 Cementos do Noroeste.

Antonio Fernández formou parte do primeiro consello de administración da Editorial Galaxia. En 1948 creou en Sarria a Escola Primaria de Orientación Agrícola, gratuita para centos de crianzas da comarca que aprendían a ter un coñecemento do medio que os rodeaba, dando clases en leiras e prados achegados á escola. Por iniciativa de Antonio Fernández creouse tamén un obradoiro-escola de instrumentos musicais galegos e para dirixilo puxo á súa fronte a Faustino Santalices, fabricándose alí zanfoñas, gaitas e até producindo un disco interpretado polo propio Santalices cantando vellos romances galegos. No curso 1950-51 puxo en marcha en Lugo o colexio Fingoi. Tamén exerceu o seu mecenádego na Fundación Menela e na Fundación Penzol.♦

a nosa ...terra
as nosas ...orixes
a nosa ...lingua
a nosa ...cultura

"o rural acubllou durante séculos a nosa lingua, non deixes agora que esmoreza"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

A Consellería do Medio Rural conmemora o Día das Letras Galegas

Nº 1.223 ● Do 18 ao 24 de maio do 2006 ● Ano XXIX

O gran capital catalán apostou por CiU como interlocutor en Madrid

O referendo do Estatut convértese nunha puxa interna entre os socialistas

AFONSO EIRÉ

O gran capital catalán apostou porque o seu representante en Madrid sexa CiU. A campaña anticatalá asustounos. Non se fían nin de ERC nin de Pasqual Maragall. José Luis Rodríguez Zapatero pretende aproveitar a ocasión para controlar o PSC. Esquerra vese obrigada a realizar unha aposta política a máis longo prazo. Así o impuxeron as súas bases.

Manuela de Madre, Pasqual Maragall, Rodríguez Zapatero, Artur Mas e Joan Saura.

Ninguén quería rachar co Goberno Tripartito en Catalunya. Pero rachou. Agora tanto o president Pasqual Maragall como a maioría dos dirixentes de ERC afirman compartir o proxecto e, mesmo, agoiraron unha reedición para logo das eleccións que se van celebrar no outono.

Maragall sabe que a reedición do Pacto do Tinell, con ERC e IC-V, é a súa única opción para repetir como president. Para Esquerra é a mellor estratexia para seguir gañandolle terreo a CiU.

Maragall tamén afirmou no relevo dos conselleiros que as formacións que compoñían o tripartito "comparten un mesmo proxecto". Así que, despois de que Maragall destituíse os conselleiros de ERC, o que o president quería é que seguisen no Goberno a maioría dos altos cargos republicanos para continuar co labor emprendido e darlle así continuidade ao acordo subscrito no Tinell. Algúns membros de ERC tamén consideraban viábel esta proposta. Pero, finalmente tampouco puido ser.

Aínda así o relevo dos conselleiros republicanos foi un até sempre. Foino porque así o explicou claramente Maragall no se discurso: "foi o proxecto máis completo, rico e serio que as esquerdas catalás formularon a sociedade en setenta anos". Os xestos acompañaron as palabras: republicanos e socialistas abrazados no Pati dels Tarongers, con "até pronto compañeiro" como despedida.

Se ningún dos socios quería rachar o Goberno, por que o fixeron?

En Esquerra Republicana explican que foi José Luis Rodríguez Zapatero o que faltou a súa palabra. Primeiro, coa axuda de Alfonso Guerra, logo dun pacto interno entre os socialistas, descafeinando o proxecto aprobado por ampla maioría polo Parlamento catalán. Zapatero comprometérase a apoiar o Estatuto que saíse de Catalunya.

Seguidamente, cun acordo persoal con Artur Mas que colleu mesmo *in alvis* os dirixentes *converxentes*.

En ERC déronlle moita importancia a este pacto na Moncloa. Significaba unha alianza do PSOE non só co seu competidor político, senón que era unha desautorización tamén expresa de Maragall e un ataque ao tripartito.

Se non existise esta foto na Moncloa, a dirección de ERC, maioritariamente a prol do si no Estatuto, aínda podía explicarlle a unhas bases cada vez máis insatisfeitas co proceso que era un avance no autogoberno é, polo tanto, un chanzo máis na liberación nacional.

Desde a dirección de Esquerra tentaron, por todos os xeitos, facerlle ver a Zapatero que, de non proporcionarlles algunha baza das negociacións posteriores, non podía pedir un voto afirmativo no referendo.

Era a solución para que o tripartito non rachase e tamén para continuar a súa colaboración co PSOE en Madrid, evitando que CiU fose, de novo, o socio preferente.

Pero pouco e pouco foron dándose conta de que o acordo de Zapatero con Artur Mas non era un mero acordo político, senón que os poderes económicos cataláns xogaron un papel fundamental nesta entente.

Un pacto, por así dicilo, de moito maior alcance no que se acordaron as verdadeiras relacións de Catalunya con España. Un pacto no que xogou forte a dereita catalá, poñendo a CiU como representante, pero tamén os empresarios no órbita do PSC que apoiaron no seu día a Maragall.

No acordo estabeleceuse que CiU sería o interlocutor preferente ante o goberno central, malia non ter apoiado a Zapatero. O papel de ERC quedaba totalmente minimizado.

Aínda así, a maioría da dirección de ERC era partidaria de non rachar con Maragall e de seguir no tripartito. Por iso se negaban á lóxica de demandar o "non" no referendo.

Non puido ser, como din os xornalistas deportivos cando o seu equipo perde o partido.

Así que ERC ten que ensaiar unha nova estratexia cara ao próximo encontro, as eleccións do outono. Esta pasa por seguir a ser a chave dun Goberno en Catalunya. De momento, o seu inimigo é CiU. Así que non quere desbotar o pacto co PSC. Pero a discusión volverá daquelas ás bases e será máis forte que hai dous anos entre as dúas liñas dos republicanos.

Salto adiante

E Maragall, por que destituíu os conselleiros de ERC contra o criterio de Zapatero? Para sobrevivir politicamente.

Sabe que no PSOE non queren que repita como candidato. Xa é público e notorio. Sabe que está a perder apoios dentro do PSC. Por iso decidiu obrar con independencia de criterios e asentar a súa autoridade como presidente. Mesmo doéndolle, mesmo polas boas relacións persoas que ten con Josep Lluís Carod Rovira e sabendo que este fixo todo o posíbel para salvar o pacto.

Foi un episodio máis na loita pola autonomía do PSC fronte ao PSOE. ♦

Bilbao

Inicio da política

DANI ÁLVAREZ

Nunha entrevista, a ETA reitera que deben ser os vascos os depositarios da decisión final no camiño á paz.

O pasado domingo 14 de maio dous voceiros da ETA concedéronlle unha entrevista ao diario *Gara* que supuña o primeiro pronunciamiento claro sobre os obxectivos da organización tras a declaración de alto ao fogo permanente. Eran oito páxinas de entrevista, na que as preguntas en ningún momento puñan en apretos os entrevistados, que tiveron espazo suficiente para dicir quen o fai ben e quen o fai mal, segundo eles. Análise política e propaganda en toda regra, coma sempre sen autocrítica e con mensaxes en clave interna para darlle folgos a unha militancia orfa de éxitos políticos desde hai anos.

"A decisión final corresponderalle ao pobo vasco", "España e Francia deben comprometerse a non interferir no debate dos axentes vascos", "a irreversibilidade do proceso irá en función do desenvolvemento do mesmo". Estas tres frases poden explicar con matices o contexto global das explicacións da ETA. É dicir, desde os partidos vascos insístese en que este proceso é irreversíbel, que non ten volta atrás e que a ETA non podería de ningún xeito voltar ás armas. A organización trata de desmontar esta crenza, ao vencellar directamente o proceso de paz e o proceso de negociación política entre os partidos. Dalgunha maneira, isto era previsíbel na medida en que o debate aberto é integral: haberá dúas mesas de negociación; aparentemente independentes entre si pero con vasos comunicantes.

Iso si, a ETA asume o modelo deseñado por Batasuna en Anoeta. É dicir, España e Francia falan coa ETA de entrega de armas e os partidos acordan un novo marco político para os territorios vascos. Pero esa negociación ten que facerse en Euskadi, e José Luis Rodríguez Zapatero debe comprometerse a que a decisión e o acordo final da mesa de partidos non poderá ser "cepillado" en Madrid, como di Alfonso Guerra. Isto é algo que defende tamén o lehendakari Juan José Ibarretxe. Resumindo, non serve para os vascos o modelo catalán de acordo primeiro en Catalunya e recorte posterior en Madrid. Por iso, o núcleo dos partidos abertzales agardan que Zapatero faga algunha referencia a este tema na súa comparecencia ante o Congreso, ou incluso antes.

Voltando á entrevista, está claro que os dirixentes da ETA non teñen pensado poñerlle facilidades ao presidente Zapatero. Xustifican os actos violentos de Barañain e Getxo polo "enfado popular" e asumen que teñen enviado cartas a empresarios solicitando "colaboración económica". É dicir, as dúas cousas que a Moncloa trataba de desactivar mediante os chamados "informes de verificación" para deter a fronte mediático-política do PP. Desde logo, ningunha destas dúas cousas debería poñer en perigo un proceso que ten bases sólidas pero, era o momento adecuado de dicilo?

De calquera modo, a ETA alude en varios ocasións aos "compromisos adquiridos", o que fai supoñer que nas conversas previas se acordaron os preliminares e, polo tanto, en cada discurso que dea algunha das partes pode haber algo de verdade, algo de trola, e algo a medio camiño. Basicamente, porque como sempre di o presidente do Sinn Féin, Gerry Adams, sobre o proceso de paz de Irlanda do Norte, "o máis complexo nun proceso de paz é convencer as túas propias bases. Incluso é máis doado convencer o opoñente".

Só o tempo dirá se esta entrevista dá algo novo ou estamos ante unha simple arrincada necesaria para calmar ao substrato da esquerda abertzale. O que parece indiscutíbel é que a palota está agora no tellado da Moncloa que conta co apoio de partidos, sindicatos, empresarios, algúns medios de comunicación e incluso a plataforma de mulleres Ahotsak que ten agora unha filial en Catalunya. Dirá algo Zapatero na súa intervención ante o Congreso? Será quizais antes? Ou preferirá atrasar ese suposto anuncio até despois do verán, para que algo de semellante trascedencia chegue nun momento máis calmo? O que vaia facer Zapatero está só na súa cabeza, afortunada ou desafortunadamente. Segundo quen o mire. ♦

Nº 1.223 ● Do 18 ao 24 de maio do 2006 ● Ano XXIX

Gadafi recibe as petroleiras occidentais para librarse da ameaza militar dos EE UU

O perdón de Bush a Libia

CÉSAR LORENZO GIL

Washington perdoou a Libia. Considerado no pasado parte fundamental do eixo do mal, o país árabe logrou agradar a George Bush coa súa política de liberalización do seu petróleo. Mais esta "apertura" admite moitos matices.

Muammar el Gadafi.

O goberno estadounidense reiniciou o contacto diplomático co réxime de Muammar el Gadafi, parada final dun longo percorrido que reestabelece a Libia no mundo liberado da soga do illamento ao tempo que asegura a posición do seu réxime e lles abre as portas dos recursos enerxéticos ás empresas occidentais.

O perdón estadounidense comezou no 1999. Daquela, Bill Clinton ofrecéralle a Gadafi un programa de "reinserción internacional" que pasaba polo recoñecemento do atentado ao avión de Lockerbie –que matou 270 persoas no 1988– e un papel activo na defensa do Estado de Israel no mundo árabe.

Libia non aceptou daquelas pero si dous anos despois. O clima de inseguranza do 11-S callou en Trípoli. Para manterse no poder e facer pervivir o seu modelo económico e político, Gadafi preferiu apartarse do punto de mira norteamericano. Asinou os pedimentos de Washington, permitiu a entrada nas súas intalacións industriais dos inspectores de enerxía atómica e aínda concedeu máis de 200 millóns de dólares para a investigación aeronáutica, nunha clara chiscadela a Lockerbie.

O camiño iniciado por Libia era lóxico. Despois dunha década de reconversión económica para saír da crise na que caeu após a queda da URSS e o radical cambio político que se produciu no mundo árabe, Gadafi tiña que reformular o seu papel no mundo. Xa non podía actuar como potencia panarabista e intervir activamente nos procesos de liberación nacional desde o Chad até Palestina. Os tempos cambiaran e o protagonismo desta loita, tal e como se comproba hoxe en día, pertence aos partidarios do islamismo.

Ademais, sabedor de como funciona a diplomacia internacional nestes momentos, preferiu pactar coas petroleiras ocidentais a explotación dos seus recursos (gas e petróleo) a cambio de estabilidade política e respecto para o seu modelo, bastante afastado da "democracia representativa" do actual Irak pero relativamente exitoso, se comparamos o nivel de renda de Libia cos Estados do seu contorno.

Mentres flúa o cru e haxa torta que repartir entre todos, George Bush parece pouco preocupado polo pensamento ideolóxico de Gadafi. O líder libio non renunciou ao seu ideario en ningún momento e hai que lembrar a súa condena firme á intervención no Irak. "Esta guerra foi un paso innecesario na guerra contra o terrorismo".

Durante a súa última visita a Bruxelas, gabou a posición de Alemaña e Francia durante o conflito e día si día tamén defende "unha visión multilateral do mundo, a defensa da paz e do diálogo e a superación dos conflitos pola palabra para evitar a enorme dor de cada guerra". Esta aposta pola diplomacia até o levou a ofrecerse como mediador para superar o conflito entre Israel e Palestina e incluso adiantou que se Tony Blair e George Bush quixesen, até a Liga Árabe acabaría "aceptando un Estado de Israel con fronteiras estábeis e seguras".

Por que esta man permanentemente tendida? Por necesidade económica tamén. O perdón occidental servirá para que a industria libia poida beneficiarse de intercambios tecnolóxicos con Gran Bretaña e os EE UU, modernizar as súas infraestruturas e asegurar a protección para os seus pozos de petróleo. A Washington interésalle moito contar con mans amigas nun intre de suba rampante do valor do cru.

O 17 de maio, dous días despois de que Libia deixase a lista de Estados terroristas, Hugo Chávez visitou Trípoli. A noticia non foi destacada nos xornais aínda que o mandatario venezuelano, que está de xira por África, tenta poñer de acordo a Gadafi con outros líderes árabes, partidarios de que non se permita unha nova humillación coa obriga de someter a Irán a un bloqueo por querer usar enerxía nuclear. "Se Gadafi se une aos que nos opomos a que o mundo sexa un patio particular de George Bush", explicou Chávez "non terá fácil facer o que lle dá a gana."♦

Aquí fóra

América Latina na axenda europea

LAUDELINO PELLITERO

América Latina ten anotados diversos temas prioritarios na súa axenda das relacións con Europa. Depositou a fe no vello continente, cando a finais dos 90, comezou a rexistrarse a perda de confianza nas relacións cos EE UU, patente nos latinobarómetros do último lustro do século XX: Relacións comerciais en base a normas xustas, alianzas estratéxicas para a conformación dun mundo multipolar, cohesión interior....

Os catro cumios eurolatinoamericanos, celebrados con anterioridade en Rio de Janeiro, Madrid, Guadalajara e Viena, só serviron para fabricar o marco de relacións ou para fixar os principios nos que se deberían sustentar as relacións futuras.

As fatais consecuencias do denominado consenso de Washington, que recollía nun breve decálogo de receitas económicas, toda a filosofía neoliberal que acabaría por empobrecer o continente, agrandando as desigualdades sociais, provocou un cambio político que se estende polos principais países da área. As fracasadas relacións "carnais" que a maioría dos gobernos continuistas mantiñan cos EE UU, foron revisadas e redireccionadas na procura de novos socios comerciais e políticos que lles permitisen participar na escena mundial.

América Latina como área xeopolítica, sitúase entre países de renda media, que avanzou notabelmente na súa democratización nas últimas décadas, con economías relativamente diversificadas, con fluídas relacións comerciais e diplomáticas internacionais e con procesos de integración rexional en marcha, inexistentes noutras latitudes.

Tamén é verdade, que Latinoamérica, posúe os peores índices de desigualdade planetaria, que a violencia acada taxas descoñecidas en calquera outro continente, que a corrupción constrinxe o desenvolvemento e sementa a falta de confianza no estado.

Tras do profundo ocaso do quinquenio 1997-2002, pragado de crises socioeconómicas, América Latina entrou nunha nova fase. Paradoxalmente, mentres vivía o fulgor do seu renacer político e económico, se opacaba a súa visibilidade internacional tras dun 11-S que situou a seguridade internacional e a loita contra do "terrorismo" nas prioridades da axenda mundial. Europa ficou atenta aos grandes focos de inseguridade máis próximos: Oriente Medio, a fronteira sur, Os Balcáns, os atentados terroristas masivos ou centrada na ampliación das fronteiras coa incorporación de dez novos socios.

> "América Latina como área xeopolítica, sitúase entre países de renda media, que avanzou notabelmente na súa democratización nas últimas décadas, con economías relativamente diversificadas, con fluídas relacións comerciais"

Dende Europa, os máis optimistas consideran que non ten razón de ser o pesimismo interoceánico que asolaga as expectativas que esta "Asociación Estratéxica" espertase na I Cimeira do Rio de Janeiro. Esgrímese que Europa é o segundo socio comercial de Latinoamérica, (sen facerse referencia ao dato de que o comercio bilateral non chega nin a un terzo dos fluxos comerciais EE UU-Latinoamérica), que os fondos destinados á cooperación chegados dende Europa duplican os que veñen dos EE UU, que os investimentos europeos xa superan os norteamericanos ou que as remesas que se envían dende Europa medran progresivamente ata situarse nos 1.600 millóns de euros anuais.

Non sería boa praxe pechar os ollos as percepcións que chegan dende América preñadas de críticas e frustracións. Europa, mergullada na súa introspección, na procura do ser ou non ser constitucional, non asimilou aínda os vertixinosos cambios que obrigan a redefinir ás súas estratexias, e segue ancorada no deseño que no ano 1994 fixera o Consello de Europa. América é distinta e a axenda de intereses bilaterais ten experimentado profundas mutacións.

Na nova axenda continental que chega do outro lado do Atlántico, temas como: a pobreza, a cohesión social, as grandes infraestruturas que teñen que artellar a pendendida integración rexional, o comercio bilateral baseado en bases equitativas, a transferencia tecnolóxica, capacitación profesional, fortalecemento institucional, a suma de enerxías na procura dunha nova orde mundial multipolar... seguen ser recibir resposta nas sucesivas cimeiras.

Os diálogos, os cumios, as declaracións son oportunos e necesarios. Mais se non van acompañados de respostas ás demandas anotadas na axenda Latinoamericana, chegarán a Lima no 2008, con máis frustración, escepticismo e indiferenza.♦

LAUDELINO PELLITERO é vicedirector do IGADI.
www.igadi.org

Comezan a disputarse trofeos femininos de traíñas

As mulleres collen o remo polo mango

A.N.T.

O remo deixou de ser cousa de homes. Os pasados 13 e 14 de maio, dúas regatas demostraron o potencial feminino nas traíñas. Clubs tan asentados como Perillo, Amegrove ou Mecos abriron as súas portas para que as mulleres demostren o seu potencial.

Chapela viviu o pasado 14 de maio un feito histórico. Celebrouse a I Bandeira 'Marcha Mundial das Mulleres', como homenaxe ao movemento feminista internacional. Esta bandeira de traíñas é a primeira da tempada en ser competitiva. A vitoria final foi para o club Perillo, de Oleiros, con ampla vantaxe sobre Chapela, Bueu, Mecos do Grove e Vila de Cangas.

A superioridade de Perillo non foi tanta durante a carreira. Chapela xogaba na casa e esforzouse por dar boa imaxe. A regata foi moi competida e agradou os veciños e os expertos, que destacan as grandes posibilidades do remo feminino de cara ao futuro.

Tamén no Grove

Un día antes, no Grove celebrábase a súa anual bandeira de traiñeiriñas. Antes da competición, celebrouse unha carreira de exhibición de embarcacións tripuladas por mulleres, na que participaron Amegrove, Mecos, Bueu, Cangas e Chapela. Esta regata, celebrada tras o compromiso dos concelleiros grovenses Alexandre Aguín e Isabel Domínguez, e o presidente do club Mecos, Xoán Ramón Outeda, tivo como obxectivo reivindicar o papel da muller no remo e protestar contra a discriminación que existe nesa práctica deportiva. "Debemos valorar o esforzo das remeiras nun deporte duro e no que non están a merecer recoñecemento", manifestou Domínguez, quen anunciou que este mesmo ano haberá unha bandeira de bateis para tripulacións femininas.

Por outro lado, a tripulación masculina de Mecos venceu nas probas de traíñas da Bandeira do Grove e do Trofeo Faro de Vigo, en Chapela. O club grovense impúxose na casa a Meira e a Amegrove. Na bandeira do Grove quedou cuarta a tripulación de San Martiño, filial de Mecos. En Chapela, foi segundo Cabo da Cruz e terceiro Samertolameu. ♦

O Barça consegue a súa segunda Copa de Europa nun partido de moitos nervios

Festa mollada, pero festa

CÉSAR LORENZO GIL

Curioso. Foi o partido de Henry mais o francés volta para Londres coas mans baleiras. Ía ser o encontro de Ronaldinho mais quen regresa ao fogar coroado é Henrik Larsson. Unha final mollada, algo atrapallada, que non será símbolo pero si fin da mellor tempada do Barcelona en 15 anos.

Ás veces pasa. Cando máis pendentes estamos do flash, saímos na foto cos ollos pechos. Iso foi exactamente o que pasou en París o 17 de maio, na final da Liga dos Campións. O Barcelona foi un monllo de nervios incapaz de facer o seu xogo. O Arsenal, un equipo de trincheira, mutilado desde o primeiro pola expulsión do seu gardameta Lehmann, tan estrito defendendo a súa vantaxe como trapalleiro achicando a cuberta da agua de Larsson.

E iso que o encontro prometía. Thierry Henry tivo á súa mercé o Barcelona no primeiro cuarto de hora. Os barcelonistas non entendían nada. Non era o guión marcado e empezaban as primeiras dúbidas.

Cando empezaban a frunxirse os primeiros labios da afección, Eto'o obrigou a Lehmann a cometer falta. O árbitro expulsou o meta alemán e deulle a volta ao partido coma un calcetín.

Mais o Barça non puido saír do nerviosismo. Un Arsenal pechado licuou os espazos coma unha máquina de envasado ao baleiro. Ronaldinho e Van Bommel sentían o bafo de Toure, Cesc e Eboue na caluga e Giuly e Eto'o facían a manicura nas bandas esperando balóns.

E nesas, caeu o gol de Campbell. Foi o primeiro erro de Oleguer, mais non o último. O lateral catalán foi o peor da final e volveu demostrar que debería xogar só de central, e de suplente.

O 0-1 simplemente profundou os medos barcelonistas. Un equipo con dez, supostamente inferior e pechado na área, marchaba ao descanso gañando. E o mellor de todo, co rival noqueado, coas pantasmas dacabalo.

Cambiar o modelo

No descanso, Frank Rijkaard optou por cambiar o modelo. O Arsenal non tiña xa centro do campo, polo tanto, para nada valía Edmilson no campo. A entrada de Andrés Iniesta osixenou, pola contra, a demediada área de creación blaugrá. O Barcelona volveu ter bandas e durante quince minutos parecía que o gol sería cousa de paciencia.

Da filosofía zen tirouno Henry, que tivo na man marcar un ou dos goles. O francés está na flor da carreira e laiarase durante moito tempo de ser tan inocente. Foi coma eses pistoleiros das películas que cando se encontran co malo tirado no chan, acaban disparándolle a unha silveira, non se sabe ben se por caridade ou por vertixe para administraren a gloria.

E na selva cortada coma céspede a rente de chan, a gloria está aí pendurada sen que haxa dragón que a vixíe. Larsson-Xasón andou espelido e colleuna para si. Só precisou dous pases de veterano de todas as guerras para se consagrar como un dos mellores xogadores do mundo. Igual ca un heroe de Ingmar Bergman, riuse da vellez, da decrepitude que nos futbolistas comeza aos 30 anos, para soñar que podía ser campión de Europa xusto antes de voltar a Itaca.

Coroado co vélaro de ouro, retorna a Suecia para tomar un anaco de boroa á porta da casa e contarlles aos netos que houbo unha noite de chuvia que gañou a Copa de Europa. E o seu fútbol efectivo, rotundo coma un libro de misa calvinista, recordarase no Camp Nou durante anos.

Non puido con el a chuvia; talvez tampouco con Eto'o, que foi letal no gol e recibiu o trofeo ao mellor xogador da final. Pero si foi cruel con Deco, con Giuly (dous veteranos dunha anterior final cando o primeiro gañou co Porto e o segundo perdeu co Monaco) e incluso con Ronaldinho, que deberá agardar ao Mundial para se consagrar como o mellor xogador do mundo.

Un novo 'dream team'?

O 2-1 da final da Liga dos Campións entra dentro do esperado. O Barcelona 2005-2006 estaba preparado para gañalo todo e logrouno, se minimizamos a Copa do Rei.

Foi o final esperado por Joan Laporta, que deseñou unha "lexislatura" redonda na que todos os pasos se deron correctamente e que agora precisa dun pulo poderoso para non morrer de éxito, de satisfacción.

Gañouse en París porque o ano pasado o Barça caeu na "semifinal" da primeira rolda de eliminación contra o Chelsea. Gañouse en París porque Rijkaard puido brunir o seu proxecto, porque a maré de inestabilidade da liga española –especialmente do Madrid– lle permitiu resolver os partidos da competición doméstica con comodidade e pragmatismo mentres soñaba coa segunda Copa de Europa.

Mais non hai que frivolizar este éxito porque é moi difícil facer algo así na Europa actual. Só o Porto, de entre todos os campións dos últimos anos, foi quen de gañar o título do seu país e o continental. Os demais, por exemplo o Liverpool, pagaron a vitoria europea cun absoluto fracaso na *Premier League.*

A liga española é unha competición moi dura e máis igualada do que se poida pensar. Con certeza, se o Real Madrid estivese máis atinado as cousas non serían tan doadas. Pero é que o raro é conservar a cabeza fría e o marcador a favor como fai o Barcelona, non o contrario. O Valencia, que só tiña que pensar na liga, non foi quen de gardar a regularidade, a pesar do seu gran plantel e de ter conseguido un modelo de fútbol.

Velaí o segredo: o modelo futbolístico que posúe este Barça. Se cadra, a altura do espectáculo non foi a esperada, pero os números son asoballadores. Arestora, o equipo catalán ten nas súas fileiras os xogadores máis valiosos do fútbol mundial: Ronaldinho, Eto'o, Carles Puyol e Lionel Messi. A súa canteira podería dar novos talentos en breve, caso do galego Iago Falque ou Giovanni dos Santos e a estrutura deportiva que comanda Txiki Begiristain é, hoxe por hoxe, máis efectiva que a do Chelsea, o modelo de fartura económica por antonomasia. ♦

O celtismo celebrou a clasificación para a Uefa por todo o alto.

Se hai case un ano a praza de América de Vigo se encheu de seareiros que celebraron o ascenso do Celta, o pasado 13 de maio o monumento das Travesas volveu ser eixo dunha festa que contou coa presenza de case todo o plantel de xogadores, unha actuación d'*A Roda* e unha verbena popular que se estendeu até altas horas da madrugada. Esta última xornada, na que o equipo vigués xa non se xogaba nada diante do Getafe, serviu para homenaxear os xogadores que marchan da disciplina celeste, caso de Juan Sánchez ou Éverton Giovanella. Mais a indiscutíbel estrela foi o arxentino Gustavo López. O mediocampista é considerado un símbolo do club polos moitos anos que leva en Vigo e certas declaracións en contra do Deportivo antes de cada duelo nacional. Ademais, dada a súa baixa participación no equipo durante esta tempada, moitos afeccionados corean o seu nome contra a xestión do adestrador Fernando Vázquez. Isto notouse concretamente cando o propio Vázquez saíu a saudar desde o palco e foi recibido con berros de "Gustavo, Gustavo!" ♦

Francisco Souto, premio Johán Carballeira

O escritor Francisco Souto fíxose co Premio de Poesía Johán Carballeira coa obra *As horas de María*, unha convocatoria que este ano corre pola súa décima edición. O xurado, composto por Marilar Aleixandre, Emma Couceiro e Diego Cousillas, valorou a concepción global do libro, ter rescatado unha enciclopedia que se está a perder así como a variedade de rexistros e a sinxeleza. O premio entregarase xunto co da cuarta edición do Johán Carballeira de xornalismo o sábado 20 de maio no salón de plenos do concello de Bueu. ♦

F. Fernández Naval.

Diálogos Literarios en Mariñán

A Fundación Casares organiza a terceira edición dos Diálogos de Mariñán que este ano xiran ao redor dos escritores de memorias, biografías e biógrafos. Os encontros, que terán lugar entre o 31 de maio e o 4 de xuño, pretenden ser un exercicio de reflexión e de convivencia entre literatura galega e outros ámbitos lingüísticos e editoriais. Nelas participarán X.M. Álvarez Cáccamo, Antón Baamonde, Juan Antonio Hormigón, Marina Mayoral, Ian Gibson, Xosé Carlos Caneiro, Antonio Martínez Sarrión e F. Fernández Naval entre outros. ♦



Dieter Kremer.

Semana da cultura galega en Trier

Trier acolle a partir do 18 de maio un coloquio sobre a onomástica galega, que contará con estudosos como Dieter Kremer ou Servando Lois Silva. O acto coincide co Galicien-Tag, unha celebración organizada pola Sociedade Galega-Alemá, dedicada este ano está a Lois Tobío. A conferencia de Ramón Loureiro sobre Joseph M. Piel, a mesa redonda sobre literatura e tradución, na que intervirán, entre outros, Marga Romero, Heidi Kühn-Bode, Luís Fernández e Silvia Montero e o concerto de Resonet son algunhas das actividades que conforman o programa. ♦



Álvaro de la Vega

A marca do home na madeira

AN Nº 1.223
Do 18 ao 24 de maio
do 2006
Ano XXIX

Cultura

Milladoiro presenta o seu novo disco o sábado, 20 de maio, no Pazo da Cultura de Pontevedra. *Unha estrela por guía* é unha homenaxe póstuma ao poeta Manuel María. Este traballo, o décimo oitavo do grupo, contou coa participación dos músicos Antón Seoane e Harry C, alén da colaboración de Laura Lema, o grupo *Leilía* e os actores Luís Tosar e Mabel Rivera. Do son á imaxe. Desde o 17 de maio pódese contemplar nos corredores do Teatro Arte Livre de Vigo unha exposición de fotografías de Xoque Carbajal, artista recoñecido no Estado e que ademais de fotógrafo é actor. Xa se coñecen os gañadores do premio de xornalismo Concello de Carballo. O traballo escollido foi "Un idioma na cetaria", de Ramón Vilar; a finalista foi Ana Rodríguez, con "Sinfonía en galego maior". E tamén hai finalistas para o premio Biblos-Pazos de Galiza para narradores menores de 25 anos. Os escolleitos para presentaren as súas novelas son Lorena Marrozos, Alexandre Rizzo, Alexandra Pérez e Alberto Ramos. ♦

Cultura

A Academia reclama o deber de coñecer o galego

Os actos de Sada recordan o labor de divulgador do idioma de Lugrís

CÉSAR LORENZO GIL

A Real Academia Galega celebrou os actos centrais do 17 de maio en Sada. O manifesto deste ano reivindica que a Xunta lexisle a prol de que sexa obrigado coñecer o idioma.

O presidente da Real Academia Galega (RAG), Xosé Ramón Barreiro, explicou con claridade os tres retos que ten a lingua para garantir a súa sobrevivencia e aumentar o seu peso social. Segundo Barreiro, a primeira ferramenta é intensificar a transmisión familiar, a segunda, poñer en práctica o Plano de Normalización Lingüística do 2004. Para a RAG, este plano contén cinco puntos fundamentais: pacto pola lingua impulsado polo propio presidente da Xunta; posta en marcha do cambio para o galego de toda a documentación xurídica e notarial; cambio nos criterios polos que se outorgan as axudas públicas, priorizando o aumento do uso do galego, coa conseguinte avaliación efectiva e adiantar medidas que adecúen ao galego a terminoloxía das novas tecnoloxías.

A terceira ferramenta pasa pola aprobación do novo Estatuto. Para Barreiro, cómpre que a nova norma contemple "a oficialidade plena e sen reservas" do galego, incluíndo "o deber de coñecelo".

O discurso de Xosé Ramón Barreiro tivera vimbios semellantes un día antes, durante o recordo a Rosalía de Castro en Padrón. Nesta vila, o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, comprometeuse a "impulsar ao máximo" o actual plano de normalización. Touriño dixo "ser consciente de que o galego está lonxe dos niveis de normalidade que un idioma como o galego necesita". Un día despois, o presidente galego eludiu pronunciarse sobre a posibilidade de que o novo Estatuto obrigue a coñecer o idioma propio. "É algo que se terá que ver no relatorio parlamentario", explicou.

O posicionamento da Academia a prol da normalización ten moito a ver coa figura de Manuel Lugrís Freire, gran dinamizador da vida cultural da súa época, fundador de xornais, da propia RAG e impulsor de iniciativas tales como o levantamento dun monumento aos Mártires de Carral, tal e como recordou Xosé Luís Axeitos en Sada. Neste acto tamén falaron os académicos Xosé Neira Vilas e Xesús Ferro Ruibal, que destacaron o labor de Lugrís en América e o seu exemplo como potenciador do galego en áreas nas que non se respectaba, caso das cidades, respectivamente.

Ademais do acto da RAG, outras institucións súmanse á celebración do 17 de maio. Por primeira vez, o Concello da Coruña celebrou esta data de xeito oficial, cun acto protocolario e un concerto de Susana Seivane. O Concello do Porriño, por exemplo, convocou a segunda edición do concurso de mensaxes de móbil en lingua galega. As mensaxes deben enviarse ao 630468553 e o gañador recibirá 250 euros.

A Consellaría de Cultura sumouse cunha iniciativa propia, a presentación da publicación *Praza das Letras*, unha fiestra á lectura que conta cun caderno especial sobre Manuel Lugrís Freire. Ademais, está operativa a páxina electrónica www.17demaio.org, que inclúe información sobre todos os homenaxeados nesta efeméride.

Imaxinación e cultura

Os actos culturais programados co gallo da Semana das Letras Galegas son múltiplos e estiveron moi repartidos por toda Galiza. A Fundación Granell organizou un maratón de lectura pública. En Ourense preparouse un *bookcrossing* –intercambio de libros en lugares estratéxicos debalde–, igual ca en Compostela, onde o organizou o Movimento em Defesas da Língua.

O Museo Provincial de Lugo unifica a celebración do Día das Letras co Día Internacional dos Museos (que se celebra o 18 de maio). Na capital das murallas haberá maxia, exposicións e obradoiros. Outro museo, o do Pobo Galego, axuntou tres celebracións en unha: o propio 17 de maio, o devandito Día dos Museos e a celebración dos Maios.

Entre as obras publicadas en homenaxe a Lugrís Freire, destacan a edición facsímile da *Gramática do idioma galego*, orixinario do 1931, que agora reedita o Consello da Cultura. *La Voz de Galicia*, *La Región*, *Atlántico Diario* e *Galicia Hoxe* repartiron diversos materiais relacionados co galeguista. ♦

O presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro. Atrás, Emilio P. Touriño. IAGO LÓPEZ / AGN

A fala, de Polonia ao Ceará

As celebracións do Día das Letras traspasan as nosas fronteiras. O Bierzo foi a zona máis festeira, con actos durante toda a Semana Xarmenta, con proxeccións do filme *O soño dunha noite de San Xoán* e varias representacións teatrais, ademais de exposicións, conferencias e moitos actos culturais e musicais.

Outro punto quente das celebracións son as universidades de todo o mundo onde se estuda o galego. Na Universidade de Salamanca celébrase unha Semana das Letras con conferencias e un ciclo de cinema galego. En Cáceres, o compositor extremeño José López celebrou o día cun recital de poemas de Curros, Celso Emilio e Avilés de Taramancos, entre outros.

Trintxerpe será capital dos galegos de Euskadi. Dionisio Pereira falará o 19 de maio do papel dos mariñeiros galegos nas loitas do Trintxerpe republicano. O sábado 20 proxectarase o vídeo *Ánxel Casal, a luz impresa.* O 21 de maio haberá unha homenaxe a Castelao no poboado de Pescadores.

Barcelona tamén se acorda da data. A Universidade Autónoma de Barcelona entregará o premio Risco e haberá conferencias de Daniel Salgado, Roberto Pascual e Xabier Campos. Nas Canarias e en Murcia haberá senllos ciclos de cinema galego.

En Portugal a axenda é apertada. O Centro de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa planificou un estenso programa de actividades, entre o que destacou unha mesa redonda na que participaron escritores e editores galegos. O Instituto Cervantes da capital portuguesa acolle unha exposición de primeiras edicións de clásicos galegos pertencentes aos fondos de Ramiro Fonte, director desta institución. As cidades de Braga e Faro acollen tamén exposicións, de fotografías e pinturas, respectivamente.

Francia tamén acolle unhas xornadas de cultura galega que se desenvolverán na última fin de semana do mes, durante o I Encontro da Rede Francesa de Estudos Galegos, que facilitará os contactos entre todos os que traballan en Francia a prol da cultura galega. Alí estarán os galegos Pancho Lapeña (pintor), Niki Picalitos (fotógrafa) e Mercé de Rande e Xurxo Piñeiro (bailaríns).

Os lectorados de galego en Alemaña (Berlín, Heidelberg e Tübingen) axuntáronse no cuarto, Trier, onde se celebrará o Coloquio Científico sobre Onomástica Galega. Na cidade alemá tamén haberá un foro sobre o Camiño de Santiago e outros actos, caso de conferencias de Úrsula Heinze e Helena Villar Janeiro, en representación do PEN Club.

As universidades de Varsovia e Cracovia (Polonia) tamén se uniron ás celebracións, cunha conferencia de Fran Alonso. En Italia, o lectorado de Roma acolleu unha xornada de tradución do galego ao italiano.

Alén mar

Buenos Aires viviu a pasada fin de semana un concerto de Xosé Manuel Budiño, organizado pola Consellaría de Cultura. Máis ao norte, a Universidade de Fortaleza, capital do Estado do Ceará (o Brasil), organizou un encontro de todos os seus alumnos de literatura e lingua galega para aprenderen máis cousas sobre Galiza. Asemade, celebraron un xantar con produtos típicos da nosa gastronomía e houbo tempo para un recital de música galega. ♦

Antero e Curros

RAMIRO FONTE

Ler un gran poeta leva unha vida. Levo unha vida lendo a Antero de Quental e, así e todo, sucédeme unha cousa curiosa con respecto a el. Penso que nunca interiorizara ningún dos seus sonetos dunha maneira significativa. A un poema debemos pedirlle o mesmo que lle reclamamos a unha canción: que ocupe un lugar nos arquivos sentimentais da nosa memoria. O outro día andaba eu á procura de libros cando batín cun volume dos *Sonetos Completos* de Antero de Quental, publicados por Oliveira Martins. Esta edición de 1890 vén sendo a segunda, e está aumentada cun apéndice con traducións dos versos anterianos a varios idiomas.

Como un non rexeita a lectura dos grandes tráxicos do XIX, Antero é un deles, ó longo funme facendo con diferentes edicións do azoriano. Se me decidín a cobrar a peza que o azar e o libreiro puxeron nas miñas mans foi debido a un feito determinante. Seis sonetos do libro, concretamente os que aparecen co título de "Elogio de la muerte", están traducidos ó castelán por Manuel Curros Enríquez. Resulta sumamente interesante reparar na mención ó celanovés errante, porque nos dá unha pequena pista sobre o alcance da súa obra poética no medio cultural lusitano daquel tempo. Así lemos no prefacio: "Manoel Curros Henríquez, cujo nome bem dispensa qualquer commentario, conhecido e estimado como é em Portugal pelo seu admiravel volume de versos en dialecto gallego *Aires d´a minha terra*, que o tornou quasi um dos nossos".

Un currosiano confeso coma min encheuse de ledicia ó comprobar cómo o seu nome anda perdido polos inestimables libros decimonónicos. Máis dunha vez dixemos que tanto en poesía como en novela un ten o deber de ser decimonónico, no bo sentido. Curros e Antero pertencen a unha mesma familia poética. Un simbólico retratista agruparíaos co Victor Hugo, Pushkin, pode que algún inglés. En fin, que sentei no miradouro da Graça, e alí mesmo, rodeado de turistas desexosos de escolmar horizontes urbanos de Lisboa, púxenme a ler, con devoción, varios sonetos de Antero de Quental. Un gozo para a vista. ♦

Teatro do Atlántico pon en circulación a memoria do 36

Xulio Lago resgata a Pilocha para a actuación en directo

A.N.T.

O venres 19 e sábado 20 na sala *Yago* de Compostela e o 22 no *Gustavo Freire* de Lugo, o grupo Teatro de Atlántico que dirixe Xulio Lago, leva ás táboas unha representación poético-musical co título *Memoria do 36*. A orixe hai que situala no XI Seminario de Historia e no II Congreso da Memoria celebrados en Culleredo o pasado decembro, cando o grupo preparou unha representación no que o fío principal foi a poesía "o noso grupo xa fixo anteriormente varios recitais. Lembro os adicados a Celso Emilio Ferreiro, aos poemas galegos de Lorca ou á poesía galega contemporánea. Desta volta abordamos un tema qu desperta en todos nós aspectos adurmiñados e fiexmos unha escolla con moitas implicacións emotivas e ideolóxicas", dinos Xulio Lago.

Non lles gosta que polas súas características se fale de espectáculo teatral, "facer espectáculos forma parte do noso oficio, pero non imos ofrecer espectáculo ningún; trátase só de compartir algo realmente valioso: partículas esenciais da nosa memoria colectiva. Memoria estimulada desde a palabra dos poetas; quer dicir, palabra cargada de emocións, de imaxes, de rabia, de reflexión..... e de dor. Porque son vía de expresión para vivencias terriblemente crueis, dolorosas e inesquecíbeis: as que produciu na carne e no corazón de millóns de cidadáns a guerra civil provocada polo levantamento militar de 1936, e a terríbel posguerra que nos acompañou ate hai ben pouco. Compartir desde a memoria, parte da nosa historia recente, dando uso a esa inmensa riqueza que, á par da auga, os galegos temos a fortuna de posuír en abundancia: a palabra dos poetas".



Xulio Lago. XAN CARBALLA

Memoria do 36 ten un fío narrativo e sitúa ao público nos días da República mediante cantigas da época ou referidas a ela (un texto de Alonso Montero), sons de radio contando algúns artigos da constitució republicana e a voz de María Casares falando da Institución Libre de Enseñanza. Esa escenificación da ilusión democrática crébase coas explosións das bombas e de aí en diante sucédese a música, a poesía e as narracións.

No espectáculo intervén Xosé Luis Bernal *Farruco* que dramatiza algúns acontecementos posteriores en Compostela após o 18 de xullo de 1936, a música interprétaa Xabier Constenla e algunhas das pezas son cantadas por Pilocha, o que converte *Memoria do 36* tamén nunha ocasión de ouro para poder escoitar a unhas das mellores voces galegas que apenas intervén en directo.

Os textos escolmados son de Xosé Mª. Alvarez Cáccamo, Cláudio Rodríguez Fer, Celso Emilio Ferreiro, X.L.Méndez Ferrín, Pilar Pallarés, Xesús Rábade Paredes, Eduardo Blanco Amor, Xesús Alonso Montero, María Casares, León Felipe, Xosé Quintas, Antón Seoane, Xosé Luís Bernal, Miguel Hernández e Emilio Álvarez Blázquez.

Teatro do Atlántico constitúese no ano l985. Leva realizadas ata o momento 22 producións, entre as que se poden subliñar "Casa de Bonecas", de Henrik Ibsen, "A noite das Tríbades".de Olov Enquist, "Amor de don Perlimplín con Belisa no Xardín", de Garcia Lorca, "Solo para Paquita",de Ernesto Caballero, "O cerco de Leningrado", de Sanchis Sinisterra , "Vanzetti", de Luís Araújo, "O encoro", de Conor McPherson ou "A beleza da raíña de Leenane", de Martin McDonagh. ♦

XERAIS FÓRA DE XOGO

Agustín Fernández Paz
Corredores de sombra

Corredores de sombra de Agustín Fernández Paz é un thriller moral onde se pretende desvelar un dobre misterio (quen é o morto, quen o asasinou?) que conleva unha investigación, con momentos de grande tensión, e unha resolución na liña das mellores novelas negras. Mais tamén é unha novela sobre a progresiva toma de conciencia da xove protagonista obrigada a elixir o camiño polo que quere facer a súa vida, mesmo se iso implica opoñerse á súa familia e todo o que significa. Unha novela memorable que confirma a Agustín Fernández Paz como un dos narradores primeiros da literatura galega.

XERAIS
xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

Cultura

NARRATIVA

Vidas asentadas sobre crimes da guerra

Agustín Fernández Paz presenta *Corredores de sombra*

Título: Corredores de sombra.
Autor: Agustín Fernández Paz.
Edita: Xerais.

Chéganos unha novela de Agustín Fernández Paz, o escritor galego máis lido e tamén un dos máis premiados. Sempre é unha noticia agradábel para a literatura de mozos e mozas, e tamén para adultos sen prexuízos infantís, ou mesmo para os que necesitan historias sen complexidades léxicas nin estruturais que os acheguen ás nosas letras. Para esta ocasión escolleu unha historia que ten como fondo a Guerra Civil, unha historia que desde 1995 retrocede aos anos do alzamento franquista e cambiará a vida das personaxes, queiran ou non admitilo. Tanto a daquelas que abren as fiestras para que entre luz nos corredores de sombra do pasado, cegados por comenencias e medo, como para aquelas que consideran a descuberta do cadáver un "anoxoso incidente" e que poñerán todos os medios para que iso non altere a súa prácida e despreocupada vida nin supoña mácula ou desdouro de apelidos con tanto lustre e poder. Neste que andamos, o Ano da Memoria, non cabe dúbida de que aquí temos un tema ben acaído para que os escolares reflexionen sobre o valor da memoria e a vontade de xustiza.

> Os diálogos están ben levados, son áxiles e caracterizadores, e o enfrontamento dos dous mundos tan distintos dos proveñen os protagonistas sempre está presente.

Xa nos comezos da novela, Agustín Fernández Paz deixa por aquí e por alá algúns conceptos deses que, sempre en teoría, resultan moi das apetencias do lector adolescente. Velaí están o medo, a inseguranza, as barreiras invisíbeis, a descuberta do amor, a rebeldía e a autoafirmación. Xeran expectativas que realmente se verán cumpridas e manterán o lector atento ao desenvolvemento dunha trama na que a música e a lectura teñen especial relevancia á hora da autoafirmación. Da conformación da personalidade de Clara, adolescente que asiste á aparición dun cadáver oculto entre dúas paredes do pazo que os seus pais están reformando. A identidade daquel cadáver, con orificios indicadores de que foi asasinado, só lle vai importar a Clara, a un tío de Clara (homosexual que tivo que fuxir a Barcelona na procura dun clima máis liberal) e a un mecánico, tamén adolescente, de familia pobre. Eles tres descubrirán a identidade do cadáver, e tamén a do asasino, establecéndos entre eles unha complicidade de amor que contrarresta aquela de odio e de medo que orixinou toda a traxedia que está detrás e na que está asentada a vida familiar de Clara.

Agustín Fernández Paz. A.N.T.

Para iso terán que reconstruír a historia dos avós de Clara, a partir dos relatos que testemuñas daqueles anos lles van comunicando. Dosificadamente, de xeito que o progreso no esclarecemento do crime camiñe de par do namoramento entre os mozos, sendo así que o lector atopa un duplo foco de interese sempre pendente. E de xeito, tamén, que a parte social da trama fique estreitamente ligada á vertente íntima, pois o que se trata de amosar é que a barbarie condicionou, truncou, as vidas da xente. Mais ha de dicirse tamén que o feito de que finalmente sexa un crime paixonal o que se resolve, seguido dunha calculada vinganza, causará unha certa decepción en quen agarde (fundamentalmente o lector adulto) maior implicación na compoñente social. Con todo, iso non quita para que a novela de Agustín Fernández Paz sexa unha boa ferramenta que axude a abrir debate nas aulas.

En *Corredores de sombra* os espazos teñen moita importancia, están ben coidados, descritos polo miúdo, serven para contrapoñer a situación socioeconómica de Clara e de Miguel e tamén as súas formas de pensar, de ver e enfrontar a vida, unha vida na que as clases humildes están abocadas á emigración. Con todo, no que atinxe ás personaxes, sobre todo ao dúo protagonista, a Clara e Miguel, estas presentan unha configuración un tanto debedora dos estereotipos xenéricos. Os diálogos están ben levados, son áxiles e caracterizadores, e o enfrontamento dos dous mundos tan distintos de que proveñen sempre presente, o enfrontamento de dúas realidades sociais opostas. Mais hai algo que non deixa de lembrar ao lector que Clara e Miguel son personaxes novelescas, están moi idealizadas (como tamén está moi idealizada a personaxe de Carlos, o tío tan especial de Clara) e nesa idealización perderon, por exemplo, a naturalidade á hora de expresarse, empregando un rexistro uniformizador exento da típica xiria adolescente. Sen dúbida isto lastra a identificación do lector (falamos do lector ideal) coas personaxes, aspecto fundamental; con todo isto reviste máis trascencia aínda para o lector adulto -négamonos a considerar este tipo de lecturas como só aptas para o lectorado mozo.

Do resto, a novela, contada en primeira persoa, memorialista, está conducida con axilidade e a tensión da trama garantida, como sempre nos traballos de Agustín Fernández Paz, de xeito que este *Corredores de sombra* é un título quen han de ler moitísimos adoescentes. Finalmente, lembremos outra vez a importancia da música, por aquí e por alá aparecen moitas referencias á música como un prezado refuxio no que afirma a personalidade. A música e a lectura, porque os dous protagonistas (e o tío, as personaxes positivas) son bos lectores, no caso de Miguel mesmo por tradición familiar lle chega esta devoción. E ao seu carón, non se esqueza o valor da memoria, da memoria e do relato oral, sen o cal pouco poderían facer os protagonistas. ♦

XOSÉ M. EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. HOME SEN NOME.
Suso de Toro.
Xerais.

2. BROOKLYN FOLLIES.
Paul Auster.
Galaxia.

3. HERBA MOURA.
Teresa Moure.
Xerais.

4. O CIDADÁN DO MES.
Diego Ameixeiras.
Xerais.

5. CRUCEIRO DE VERÁN.
Truman Capote.
Galaxia.

NON FICCIÓN

1. A TERRA CANTADA.
Camilo Nogueira.
Xerais.

2. MANUEL LUGRÍS FREIRE.
Henrique Rabuñal.
A Nosa Terra.

3. LUGRÍS FREIRE. UNHA BIOGRAFÍA.
Xabier Campos.
Galaxia.

4. 1936. REPRESIÓN E ALZAMENTO MILITAR EN GALIZA.
Carlos F. Velasco Souto.
A Nosa Terra.

5. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA.
Anselmo López Carreira.
A Nosa Terra.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: ***Cartabón*** **(Vigo).** ***Couceiro*** **(A Coruña).** ***Michelena*** **(Pontevedra).** ***Pedreira*** **(Santiago).** ***Souto*** **(Lugo).** ***Torga*** **(Ourense),** ***Central Libreira - Dolores 2.*** **(Ferrol)**

CONTA DE LIBROS

As poetas

Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas de Rosalía á Xeración dos 80, de Maximino Cacheiro Varela reúne poemas de Rosalía, Pura Vázquez, Luz Pozo, Mª do Carme Kruckenberg, Mª Xosé Queizán, Helena Villar, Ánxeles Penas, Marica Campo, Ana Romaní, Marta Dacosta e Pilar Pallarés, para dar unha visión xeral da poesía feminina galega do último século. Edita Baía. ♦

Poemarios premiados

Espiral Maior publica tres libros de poemas que recibiron senllos premios. *O útero dos cabalos*, de Lupe Gómez, mereceu o *Johán Carballeira* 2003; *Cidades de area*, de Xurxo Alonso, o *Fermín Bouza Brey* 2003 e *Casa de orfas*, de Emma Pedreira, o *Fiz Vergara Vilariño* 2005. Tres obras diferentes pero moi actuais. ♦

Sabedoría oriental

Camiño virtuoso, así podemos traducir *Tao Te King*, a obra cumio do pensamento taoísta que compuxo o chinés Lao Tse no século VI a. c. Agora Toxosoutos publica a obra ao galego, editada por Xosé Lois García. Este libro é un dos máis traducidos do mundo e dá consellos básicos para vivir en harmonía cos demais. ♦

Século XX

Xosé Luís Méndez Ferrín volve á lírica con *Contra maquieiro*, un poemario autobiográfico e histórico que pretende analizar o século XX desde a óptica persoal e política do escritor ourensán. A infancia en Vilanova dos Infantes, a revolución rusa, a represión fascista, o movemento descolonizador, os estudos en Compostela e moitos outros acontecementos xerais e íntimos desfilan por estas páxinas. Edita Xerais. ♦

O CORDEL

A Trabe de Ouro

Nº 65. Xaneiro-marzo 06. Prezo 11 euros.
Dirixe: X.L. Méndez Ferrín.
Edita: Sotelo Blanco.



Xosé Ramón Pena pescuda nas *Cantigas de Santa María*, de Afonso X. Patricio Sánchez analiza as relacións entre a economía aplicada e a estatística. Xosé María Lema conta a vida do crego liberal Juan Antonio Posse e Xandra Tedín procura unha posibilidade para o xornalismo como modo de reconciliar sociedades divididas por algún conflito. Os textos escolmados neste número pertencen a Tudor Arghezi, autor romanés do primeiro terzo do século XX, traducidos por Mihaela-Mariana Morcov.♦

SY

Nº 0. Abril 06.
Edita: Asociación Cultural *Amigos da Sala Yago*, Santiago.

O tema central deste primeiro número adicado ao teatro é unha análise da próxima obra que estreará Teatro do Noroeste, *Imperial Café Cantante*. A xeito de musical, a obra lévanos ao Vigo do 1936 nas semanas previas ao golpe de Estado. Liana Vella entrevista a Anima Sonho, compañía brasileira de títeres. A unidade didáctica adícase a *Bicos con lingua*, obra de Talía Teatro.♦

Roteiros

Arumes
de pensamento crítico

Nº 0. Ano 2006. Prezo 22 euros.
Dirixe: Xosé Luís Barreiro Barreiro.
Edita: TresCTres.

Este primeiro número está adicado a Ramón Regueira, catedrático de Filosofía e gran dinamizador desta materia na sociedade. Carme Vidal entrevista o propio Regueira e colaboran con artigos de política, literatura, psicoloxía e pensamento Ramón López Vázquez, Moisés Lozano, Xosé Manuel Domínguez, Ignacio Castro, Xosé Luís Barreiro Barreiro, Anxo González e Anxo Carretero. A publicación será anual e busca un espazo para a análise social en profundidade.♦

POESIA

Poemas con patente de corso

Xosé Miranda retorna á lírica con *Piratas polo Miño*

Título: Piratas polo Miño.
Autor: Xosé Miranda.
Edita: Tambre.

Piratas polo Miño é o título do novo poemario do escritor lugués Xosé Miranda, autor dunha obra extensa tanto en narrativa como en poesía e que recibiu o recoñecemento de crítica e público. Á súa obra en solitario hai que engadirlle as colaboracións con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba no *Dicionario dos seres míticos galegos* ou os xa vinte volumes que forman a colección 'Cabalo Buligán' mostra palpábel do traballo inxente de recollida dos contos da nosa tradición oral.

> Un poemario de forma e estrutura variábel e que atesoura mundos de seu, divertido e desacougante.

Agora Xosé Miranda volta de novo á poesía, despois de publicar no 2003 *As cidades mergulladas (Poesía reunida 1973-2002)* (Xerais) cun volume de temática única que queda de abondo especificada no título, *Piratas polo Miño*. Este poemario está adicado a unha faixa de idade que vai dende os nove até os 99 anos, o que supón unha novidade, non porque escriba para un público xuvenil senón porque o fai empregando o verso para un xénero no que o autor se atopa moi cómodo, a aventura, como demostrou na novela *Morning Star* (Xerais). Igual ca entón, agora estan presentes as lecturas do autor, mesturándose Robert Louis Stevenson, Edgar Allan Poe, Manuel Antonio, Paul Valéry, Álvaro Cunqueiro, Samuel Taylor Coleridge (Eu, que amarrei os pulsos ás patas dun albatros),…

Xosé Miranda. A.N.T.

Non é a primeira vez que Miranda olla para o mundo da pirataría para compor un poema, en *Permiso para o corso*, hai un poema cuxos primeiros versos deixan de manifesto o engado que os piratas e a pirataría teñen para o autor:

Quen for, coma o pirata da Moureira,
Trasfegador de ron, bébedo asceta,
Tocado pola aura dun cometa
Fugaz, brutal, de rápida carreira.
Amigo das duas tibias e a caveira

Piratas polo Miño garda no seu interior un mundo no que latexan os cociñeiros con patas de pau, os capitáns que falan cos seus loros ou mesmo podemos visitar un cemiterio mariño no que *xacen os nosos ósos consumidos na area/ a medias enterrados, aínda con farrapos/ das carnes e das roupas, e atroces peixes sapos/ visitan os seu restos no altor da maré chea*. Un poemario de forma e estrutura variábel e que atesoura mundos de seu, divertido e desacougante.♦

XOSÉ FREIRE

NARRATIVA

O amor é un dereito humano

María Reimóndez viaxa á India con *Usha*

Título: Usha.
Autor: María Reimóndez.
Edita: Xerais.

María Reimóndez Meilán é tradutora e intérprete de profesión. Leva traballando desde o 1998 en proxectos de desenvolvemento integral cun claro compromiso pola superación da discriminación de xénero, como base de progreso perdurábel na India e Etiopía. É fundadora de IND (Implicadas/os no Desenvolvemento) unha ONG centrada sobre todo na situación da muller. Ten dous libros publicados, *Moda Galega* e *O caderno de Bitácora* (IV Premio de Novela Mulleres Progresistas, 2003).

> Todos os capítulos fan reflexionar arredor de temas cruciais para calquera persoa cun mínimo de sensibilidade.

Reimóndez escribe desde que tiña seis anos. Con *Usha* quedou finalista do Premio Merlín, 2005. En breve sairá *O club da calceta*, finalista tamén do Premio Xerais de Novela, 2005.

No presente libro, Usha, unha nena que quere ser escritora, relata a súa estancia en Devastana, India. E rememora a súa fascinación por ese país, o que considera un segundo fogar á par de Galiza. Todos os capítulos do libro son pequenos, curtos e contundentes, e fan reflexionar arredor de temas cruciais para calquera persoa cun mínimo de sensibilidade. Por medio de cuñas que penetran caudalosas o frondoso val da imaxinación, Uxía, a protagonista, nos transporta coa súa inseparábel compañeira Laksmi polas páxinas seductoras desta fermosa novela. Sentadas xuntas debaixo da árbore *neem*, falan do que qeren ser de maiores, falan sen parar baixo a sombra reconfortante e diaria, falan co corazón.

María Reimóndez. PACO VILABARROS

A Uxía, Usha en canarés, encántalle cando a nai a chama con agarimo Nam Gulabi (que significa "a miña rosa") ao tempo que agocha no seu colo o seu corpo pequerrecho para xuntas viaxar por miles de mundos marabillosos que todos levamos dentro.

A historia xira arredor do alucinante mundo da muller, que está presente en toda a novela, e nos transporta continuamente á orixe, ao primixenio, á placenta máis primitiva. Unha e outra vez a muller aflora como único salvoconduto para cruzar as canles da vida, polas páxinas supostamente ficticias, e digo supostamente, porque todo o que aquí se conta non é ficción, é pura e dura realidade, e vai ser a cerna dende onde viaxen silenciosas as naves que abordan con sutileza as eternas praias do amor, a depresión, a marxinación, a relixión, a discriminación, a prostitución, a corrupción e a explotación.

O corazón desta fermosa viaxe está centrado nos capítulos 14 e 15, que van ser os máis extensos e nos que se desenvolva a trama argumental que deseguido vai xirar en torno ao amor entre Savitri e Rama. A súa truncada relación, motivada por absurdas crenzas, vai provocar unha obrigada ruptura. Savitri será enviada a aldea para ver se alí senta a cabeza e lle atopan marido. A separación causará na rapaza unha enorme amargura e máis tarde a consabida depresión. Pero "o amor é un sentimento humano. Intentar reprimilo é a maior infracción dos dereitos humanos coñecida".

Usha vai experimentar tamén o seu primeiro amor en Devastana. En canto viu a Deepak, soubo que se namorara. Que tiña sen sabelo o seu primeiro segredo, que nin á súa mellor amiga (Laksmi) sería capaz de desvelar. Un sentimento poderoso que non entende de nin de credos, nin de razas. Un sentimento que emerxe do mais profundo do noso ser, atrapándonos nunha fermosa palabra chamada amor.♦

RAFAEL FDEZ. LORENZO

XAN CARBALLA

Álvaro de la Vega

‘As artes visuais de hoxe teñen moita erudición e pouca emoción’

XAN CARBALLA

Álvaro de la Vega (Paradela, 1954), é un dos grandes da escultura galega de hoxe. Recentes exposicións en Ourense e Vigo serviron para coñecer unhas obras que, en palabras de Carlos Bernárdez, “son como exvotos sen templo, relatos de silencio, imaxes sen sombra que acertan a transmitir o profundo da nosa condición”.

Ten unha traxectoria artística xa moi longa, as primeiras exposicións (1974-1984) son de pintura e despois xa hai nunha dedicación definitiva á escultura. Di vostede que o debuxo é base xenética de toda a súa obra.

Porque o debuxo é moito máis instantáneo para facer presentes as ideas. A escultura ten procedementos máis racionais aínda que sexa esencialmente emocional. O outro día falei en Foz sobre a importancia do debuxo para os escultores, e comentaba que esa idea inicial para plasmarse nunha obra precisa moitos debuxos técnicos: coller medidas, axustar partes,... porque o traballo de transformar a materia é longo. Eu son autodidacta de comezo e despois estudei Belas Artes. A escultura ten moitos terreos para moverse, e hoxe podes ter que saber usar tecnoloxías informáticas. Depende do terreo no que te movas e dos materiais que uses, que son os que máis definen a técnica. Por exemplo nestas exposicións últimas miñas hai madeira sobre todo, pero tamén cemento, aluminio e ferro.

> ‘O artista busca pero non encontra nada. Pero intentas comprender a existencia”

Dise que as obras explícanse por si mesmas, pero ás veces os espectadores precisan algo máis.

Intento que teñan unha entrada visual obvia e que iso lle permita ao espectador adentrarse en ideas máis complexas ou subtís, porque para explicar o obvio non pagaría a pena dedicarse á arte. Pero quizais hai unha complicidade de entrada cando se produce unha identificación inicial coas pezas, por exemplo se semellan a algo que xa coñeces. Despois está a poesía das pezas, os novos significados que lles podes atopar. As ideas que quero explicar na miña obra son a partir de formas e unha estética que planteo, literaria ou narrativa, para chegar ao racional, á ocupación do espazo que iso é a escultura no século XX. Pero non son partidario de superpoñerlle moito coñecemento ás miñas obras, porque ese é o defecto que lle vexo ás artes visuais de hoxe que se lle supón moita erudición e coñecemento e pouca emoción.

Cal é a súa búsqueda como artista?

Nunca encontramos nada. Non hai búsqueda, hai un intento de comprender a existencia. Preguntas que te fixeches nalgún momento da túa vida, desasosegos ou imperfeccións que tes ás que intentas darlle sentido ou tapalas adicándote a estas linguaxes coas que tratas de entenderte co mundo e cos demais. Así o entendo pero as reflexións de por que existe a arte levámolas facendo sempre e non topamos unha resposta sólida, quizais porque existen zonas escuras. Non está claro nin falta que fai.

No caso dalgunhas das súas pezas de madeira hai un achegamento estético a Leiro que é coetáneo seu.

Aínda correndo ese risco quero achegarme a Leiro pero resaltando as diferenzas. Eu fíxenme escultor máis tarde. A madeira é moi expresionista, fala do que se traballou nela e até que ferramentas se usaron. Esa proximidade física co traballo non cha dá a fotografía, por exemplo, que mantén unha distancia entre obra e autor. Na madeira, sobre outros materiais, ves perfectamente os golpes que se diron para tallala, esa conexión de peza-artista-espectador, que non admite virtualidade, non a logran moitas expresións artísticas.

Unhas obras están espidas materialmente, a outras dalles cor...

Pero non son moito de cromar e nada de lixar. A miña cultura non é a dos ebanistas é a dos leñadores: a da machada, a madeira estalada, as pegadas das ferramentas,... as poucas veces que pulín a madeira como experimento non mo soportaba a vista.

Ten uns traballos que remedan obras coñecidas, como os touros de Guisando.

Empecei hai pouco tempo con eses traballos sobre imaxes coñecidas. Por exemplo unha primitivización do anagrama esterotipado do coche Jaguar, intentando levalo a unha época histórica no que a escultura era outra cousa. Quero obrigarme a min e ao espectador a moverse, tamén no tempo. Aos touros de Guisando, que agora están en depósito na Fonsagrada, procurei domesticalos e tratalos como unhas vacas atadas na feira. Ese camiño vouno seguir.

A xente que estuda a súa obra, como Carlos Bernárdez no último libro-catálogo, fala de primitivismo.

Non lle nego esa característica. Nalgunhas culturas, puido que por ignorancia ou falta de técnicas, pero déronnos unha lección de sinxeleza. Para a arte moderna trascencederon máis as obras inconclusas de Miguel Anxo, que recolleu despois Rodin ao que lle tomou o testemuño Henry Moore.

Non son obras de consumo fácil, como certas banalidades que se nos ofrecen.

Se por consumo entendemos o que se deglute e despois tiras penso que non. Pódeste cansar dunha obra pero despois lémbrala e precisas volver a ela. É unha relación temporal marabillosa. ♦

GALAXIA LITERARIA

A BISNETA LERCHA
Paco Martín

ESTA HISTORIA
Xosé Monteagudo

CRUCEIRO DE VERÁN
Truman Capote



BROOKLYN FOLLIES
Paul Auster

A FIN DA TERRA
María Rosa Lojo

XUNTOS E MÁIS NADA
Anna Gavalda

GRIAL
169

EDITORIAL GALAXIA

Cultura

Que trabucado estaba!

MARIANO RODRÍGUEZ

Ao mestre e etnógrafo galeguista Xosé Ramón Ferández-Oxea, do que me falaba o meu pai

Se nos pomos a pensar sequera un intre na sempre aberta posibilidade de malentendidos entre os seres humanos, e no lonxe que poden chegar as consecuencias prácticas destes, lonxe até o punto de faceren inviábel toda real comunicación entre as persoas, acaba por parecernos o milagre máis milagroso ese peculiar entendemento que polo xeral damos por descontado que constitúe a base da meirande parte das relacións humanas. Porque está fóra de toda dúbida que este é excepcional, sobre todo en tanto non coincidan os intereses das persoas involucradas: a cada quen élle dado ver da realidade xusto o que resulta compatíbel cos seus particulares intereses, e non resulta pouco chocante atopármonos con persoas, os animais políticos, que se poñen eles mesmos como representantes e voceiros de intereses colectivos, coma se iso fose comprensíbel de seu, coma se non houbese sempre enfrontamento e máis guerra de intereses particulares. Por iso hai que estar aberto á posibilidade do erro, atento ao perigo de nos trabucar, e até o fondo, radicalmente, sen importar a nosa experiencia nin tampouco a sabedoría acumulada que é o resultado dunha xestión intelixente da experiencia. Esa blindada confianza en si mesmo que tantas veces se admira nos xenios e nos homes de acción áchase moi próxima á cegueira ignorante, pero no fondo voluntaria, que é propia dos fanáticos de toda condición.

Cando un chega á metade da vida vaille quedando cada día máis claro que nunca poderemos estar absolutamente seguros de case nada, polo menos se o que se pretende é a verdade e non calquera outra cousa que da verdade herdase o prestixio ou a santidade. E os exemplos son moitos. Para dar algúns deles, voume limitar a casos evidentes nos que eu estiven radicalmente equivocado. Menos mal que tiven ocasión de recoñecelo a estas alturas da miña biografía persoal, para non dicir ren da historia da humanidade occidental.

> “Que o exército éche en realidade unha organización humanitaria que traballa pola paz e para que a poboación dos países que máis sofren poida seguir vivindo”

1º. Dende a miña inxenuidade e a miña curtidade de xuvenís dun tempo xa hai moito transcorrido, grazas sexan dadas a Deus, e isto da mocidade é unha desculpa a ter en conta, para non falar da lectura dalgúns autores menores, tan manifestamente confundidos e confundentes coma Karl Marx, Friedrich Nietzsche, Sigmund Freud, poñamos por caso, eu viña a estar na máis crasa ignorancia no tocante á hoxe evidente verdade. Por fin chegou a idade madura, de que son os empresarios das grandes empresas os auténticos heroes semideuses que fan agromar a riqueza, sen eles só potencial, dun país ou do mundo enteiro, movidos no fondo do seu ser polo afán de crear emprego e de contribuír ao benestar xeral e ao florecemento das artes e da cultura. De xeito que é só agora cando caio na conta de que son os resentidos incapaces de sentido común os únicos que deixan de ver que ese beneficio que coste o que coste parecen buscar os tales heroes non ten nada a ver con esa calumnia intolerábel da explotación e a miseria moral e material das masas supostamente explotadas (pois a ver que ían facer as masas sen os empresarios!).

2º. Que, tamén en contra do que daba en pensar ano tras ano, os bancos e caixas de aforro sonvos o verdadeiro expoñente da riqueza dun país e das súas xentes, auténticas irmanciñas da caridade que evitan que tantos desnortados vaian rematar na ruína. Abonda con fixarse na inxente obra social que promoven a eito para sentirmos moi dentro un pulo de agradecemento sen límites. E pensar que unha persoa tan mal informada coma o profesor Aranguren tiña o descaro de estabelecer nas súas clases, como se tal cousa, a directa correlación entre número de bancos e número de pobres!

3º. Que o exército éche en realidade unha organización humanitaria que traballa pola paz e para que a poboación dos países que máis sofren poida seguir vivindo, ao garantiren uns mínimos servizos. Non vou mencionar aquí sequera as barbaridades que dera eu en pensar sobre o servizo das armas; sen dúbida que nisto tivo algo que ver o feito de que a min a autoridade militar tivo a ben declararme no seu día “inútil total”, privándome así da posibilidade de viaxar por todo o planeta con gastos pagos facendo o ben de aquí para acolá.

4º. Que a publicidade é a apoteose posmoderna da arte e a sabedoría, e os que fabrican os comerciais da televisión, eses que se chaman a si mesmos, con tanto tacto e modestia, “creativos”, encarnan, falando propiamente, os xenios e pensadores dunha época coma a nosa. Ou sexa, que se Wolfgang Mozart vivise neste noso século XXI, comporía melodías para que fosen asubiadas en anuncios de compresas con ás. Xa se ve, xa se ve, moito máis formativo para o espírito pór as televisións dos anunciantes que ir de museos coma se fósemos cavernícolas.

5º. Que o fútbol xa non supón a alienación da clase traballadora (por certo, que era iso da alienación? E ademais, é que non somos todos traballadores? Xa non hai clases, mire vostede por onde!). Éche en realidade unha forma de alta cultura que fortalece o espírito patriótico, deixemos o das razas fóra, que iso é anecdótico. De parecido xeito, xa non hai peiteadores nin modistas, senón estilistas e deseñadores, coma expoñentes da máis elevada creatividade do pobo, que por iso xustamente se atopa irmandada coa rendibilidade industrial.

6º. Que Igrexa e ciencia veñen no fondo a coincidir –non pensemos no feito de que os cregos queimasen vivo e a lume lento a Giordano Bruno por ensinar a pluralidade dos mundos– en estaren ambas as dúas centradas na verdade propiamente dita. Eu antes non o sabía ver, seica porque o nacionalcatolicismo dos corenta anos noxentos tamén nos castrara a intelixencia.

Mais que queredes? Se agora na miña madureza descubro a verdade, é que antes estaba equivocado; e se antes o estaba tamén o podo estar arestora. Ou non? ♦

A FÁBRICA COMPOSTELÁ DOS DEBUXOS ANIMADOS

MAR BARROS

DESCOÑECIDO PARA MOITOS DOS ESPECTADORES QUE SE SENTAN NAS BUTACAS DO CINE, DETRÁS DAS PELÍCULAS EN 3D DE FILMAX ATÓPASE O LABOR DE BREN ENTERTAINMENT, O ESTUDIO DE ANIMACIÓN QUE O GRUPO FILMAX TEN EN COMPOSTELA. SALAS ATEIGADAS DE ORDENADORES CASE ÁS ESCURAS, DECENAS DE PROFESIONAIS REBULINDO NOS APARELLOS, DEBUXOS DOS PROTAGONISTAS PEGADOS POR TODAS PARTES, MONECOS, CASCOS, ESPELLOS E MOITA CREATIVIDADE COMPOÑEN UNHA FACTORÍA QUE SE OCULTA NUN DOS RECUNCHOS DE ÁREA CENTRAL



OTTO / AGN

Botar unha ollada cara dentro da factoría compostelá é introducirse nunha sorte de laboratorio animado onde todas as engrenaxes encaixan. Como se dunha liña de montaxe industrial se tratase, nas instalacións de máis de oitocentos metros cadrados ao redor dun centenar de profesionais danlle forma virtual ao soño dun director. Comezase co deseño en 2D dos elementos, dos personaxes e dos decorados que comporán a película no departamento de arte. Con eles iníciase un proceso que se pode prolongar durante varios anos até a estrea na gran pantalla. En lapis ou a través do ordenador van xurdindo castelos, animais, escenarios, casas e personaxes que máis tarde, trala validación do director, servirá de guía para a sección de modelado, pero que de momento enchen as paredes da pequena sala de deseño, como se da páxina dun cómic se tratase.

Posteriormente toda unha serie de ordenadores e de profesionais danlle volume a esas primeiras imaxes planas. Foi aquí onde don Quixote, protagonista da próxima estrea de Filmax, adquiriu os oitenta matices faciais cos que expresará sorpresa ante os muíños ou enfado ante as trouladas do burro. Como explican os membros do equipo, facer as mans pode levar días e a cara meses. O pelo de Don Quixote, por exemplo, tardou oito meses en contar coa aprobación do director.

Pero os personaxes da película non comezan a moverse até que pasan polo departamento de set up, onde se lles debuxan o esqueleto e os músculos e se lles da mobilidade. "Cómpre que saibamos de anatomía" comenta o supervisor deste departamento, Juan Lara, diante da súa pantalla e rodeado doutros cincuenta profesionais traballando nunha sala en penumbra. "Moitas veces, para artellar os movementos de personaxes animais, como na caso de Donkey Xote, temos que recorrer a vídeos e a internet, e ver varias veces como trotan os cabalos, para non meter a zoca", engade.

Unha vez rematado este proceso escóllense as texturas, selecciónanse os tiros de cámara e finalmente anímase, unha fase que se podería equiparar a interpretación dun actor dunha película de imaxe real. Por iso, neste departamento non é raro ver sobre os taboleiros espellos de man, que os animadores empregan para copiar dos seus propios xestos os acenos que se verán máis tarde na gran pantalla.

Don Quixote en Galiza

Ao redor de cen profesionais están a darlle forma a *Donkey Xote*, un dos últimos proxectos de Filmax. A película é unha cómica, e un tanto irreverente, revisión do clásico de Cervantes, que conta coas chiscadelas de Rucio, o burro de Sancho, e de Rocinante, montura de don Quixote. A estrea está prevista para o verán do 2007 e conta cun orzamento de 12 millóns de euros. Mais de momento as andainas do cabaleiro da triste figura e o seu compañeiro Sancho teñen como escenario principal os estudios de Bren Entertainment.

A loita do Quixote cos muíños, os xestos simpáticos de Rucio, os decorados históricos e as aventura dos personaxes que artellan esta película están a ser traducidas a fotogramas por un equipo técnico e artístico coas técnicas e as ferramentas máis modernas, equiparábeis ás de calquera estudio internacional de animación.♦

XOSÉ MANUEL BARREIRA

'SOMOS UN PAÍS PEQUENO CUN POTENCIAL CREATIVO MOI GRANDE'

OTTO / AGN

Bren nace no 2000, en que contexto aparece?

Filmax aposta por facer unha factoría de animación en Galiza. Despois dun traballo previo de deseño e de análise financeira establécese en Compostela e inaugúrase no 2000, centrada na animación de imaxes xeradas por ordenador aplicado ao debuxo animado. Materialízase coa produción da serie en 3d, *Goomer*, a primeira que se fai integramente en Galiza. Anos despois elaboramos máis produtos de animación para o cine e xa non tanto para televisión, porque desgraciadamente as televisións en España optan por outro tipo de produtos.

Apostan por un *software* propio?

Case todos os estudios de todo o mundo traballan cos mesmo *software*, basicamente Maya e XSI. Nós empregamos este último pero podemos utilizar indistintamente calquera dos dous. Por outra parte, contamos cun departamento de enxeñería, I+D+i, no que se deseñou unha ferramenta básica para a produción de películas de animación que é o *software* de xestión Soft Bren. Permítenos traballar con esa inxente cantidade de información que xera unha película deste tipo axilizando moito a xestión das validación por parte dos diferentes directores artísticos e técnicos de cada película. Vimos de traballar na película *El Ratón Pérez*. O director estaba en Buenos Aires e validaba en tempo real cada proceso. O departamento de I+D+i xera tamén outro tipo de *software* complementario para solucionar os problemas que se presenten nas diferentes partes do proceso.

Como mudou o contexto neste tempo?

En Galiza houbo un desenrolo grande do sector audiovisual moi ligado a propia TVG e a un cambio na política de produción. En xeral as administración foron moi sensíbeis durante estes últimos anos, pero o traballo que nos queda por diante é moito e non podemos parar. Somos un país pequeno, cun potencial creativo moi grande. Temos que ser capaces de apoiar proxectos industriais, que vaian máis alá dun filme, que poida dar traballo de xeito continuado aos profesionais que saen das escolas e da universidade.

Empréganse tecnoloxía similar ao das empresas norteamericanas e a calidade é equiparábel. Mais pode competir un produto galego?

En canto a calidade sen dúbida. É máis, facemos milagres, porque co10% do seu orzamento estamos realizando películas que non teñen nada que envexar. O problema está na capacidade de distribución. Eles teñen unha rede mundial moi forte da que as industrias europeas aínda non dispoñemos. Eu síntome un privilexado porque en Filmax temos unha compañía internacional de venda e de distribución que nos está a conseguir acordos no exterior.

Pódese falar dunha animación galega?

Dende o momento en que está feita aquí, si. Pero penso que hai conceptos que se van quedando obsoletos co tempo. Temos unha vocación claramente galega. Pero unha produción dende un país pequeno como é Galiza debe buscar alianzas. Non por iso deixa de ser galega. Coido que entre todos debemos mudar esa vella nomenclatura que se cadra xa non vale nos tempos que corren.♦

Marful reabre os vellos salóns de baile

M. BARROS

Despois de varios anos dándolle a volta ao concepto de folk en palcos galegos, franceses, portugueses e cataláns, Marful presenta o seu disco debut, un traballo que mira cara a América para mesturar na cocteleira tangos, habaneras, twist cos ritmos dos vellos salóns de baile do país.

O proxecto musical Marful, integrado por Ugia Pedreira, os irmáns Pedro e Pablo Pascual e o guitarrista Marcos Teira, vén de dar un paso máis na súa traxectoria coa publicación do seu primeiro traballo discográfico. Baixo o título Marful, a formación redescubre os salóns de baile das vilas e das cidades galegas, onde os sons que chegaban da emigración en América mesturábanse coa música popular do país.

Marful nace unha noite coa idea das orquestras que ían ás romarías da Cañiza na década dos 50 e dos bailes da Mariña bulíndolle na cabeza. Como explica Ugia Pedreira, "esa noite os irmáns Pascual e R. Pinheiro falamos do esquecida que estaba a música popular urbana para a xente que se dedicaba ao folclore, falamos das cancións que tiña compostas e gardadas nun caixón, nas pezas de J. Luís do Pico e do repertorio para acordeón diatónico de R. Pinheiro, e comezamos a tocar xuntos". Puxéronlle ao grupo Marful, o segundo apelido do avó de Ugia, "un indiano que voltou de Cuba co posto e sen maleta". "Él dicíame de pequena que na Habana sempre durmía a 4 pernas, todo un referente imaxinario para o universo marfuliano, para unhas cancións populares con influencias americanas da emigración".

Deste xeito subíronse a palcos galegos, portugueses e cataláns intentando abrir xanelas distintas para a música popular galega, espallando o seu repertorio de autor.

A contracorrente de moitos dos grupos, Marful foi de vagar na publicación do seu primeiro disco. "Gústanos a froita no seu punto", comenta Ugia. Ademais, como ela mesma explica "en Galiza a nosa concepción musical non se escoitaba moito e estaba por descubrir para o público en xeral pola errónea interpretación da palabra folk como *world music* ou música de raíz. Foi unha experimentación de nós mesmos co público, unha procura da emoción que dura até hoxe en día".

Os temas que se recollen no disco foron perfilándose nos concertos, foron gravados a finais do 2005 e principios do 2006 e mesturáronse nos estudos Katarais de Navarra. Con el "reabrimos metaforicamente os salóns de baile do país, lugares onde a xente bailou, namorou, gozou coa música".

Con letras de Manolo Pipas sobre o fuxido Manuel O Fresco, de Anxo Quintela, do francés Jacques Prevert, de Ricardo Carvalho Calero e da propia Ugia Pedreira, o disco fala da nocturnidade e aleivosía, de mulleres valentes, das distintas formas que ten o amor, da idiosincrasia dun pobo e da ironía galega.

Todos os músicos que integran Marful están inmersos noutros proxectos como NARF, Talabarte e a Ecléctica Ensemble, a nova orquestra galega de jazz, experiencias que, en palabras de Ugia, "enriquecen a nosa vida musical á hora de compoñer e arranxar".

Próximos concertos

20 de maio, Museo da República. **Lisboa**
16 de xuño, Auditorio de Galicia. **Compostela**

Club de fans

Unha das curiosidades de Marful é que moito antes de publicar disco xa contaba con club de fans. Naceu despois dun concerto en Pontevedra e está presidido pola escritora Raquel Miragaia. Como recorda Ugia "catro persoas avisáronnos que despois da festa vivida ían constituír un club de fans". E o que semellaba "unha brincadeira converteuse nunha realidade que mesmo parece un soño".♦

Novidades no Festival de Cans

M.B.

Vinteoito curtas galegas, a preestrea dunha longametraxe e as actuacións de Andy Chango e Josele Santiago conforman o máis destacado da terceira edición do Festival de Cans, un evento organizado pola asociación cultural Arela, que se desenvolverá do 25 ao 27 de maio e que este ano homenaxea a actriz Mabel Rivera co premio de honra Pedidree'06.

Ademais de manter as características que xa se teñen convertido en sinais de identidade do evento, como a procesión de chimpibuses ou os cortellos e alpendres convertidos en salas de proxección, desta banda o festival presenta algunhas novidades. Tres días de duración, duplicación do aforo, máis salas, os premios de mellor actriz e mellor actor que se engaden ao Pedigree'06 e aos galardóns á mellor curta de ficción e de animación segundo o xurado e o público, máis chimpibuses e un destacado cartel de concertos son as novas propostas da cita, que encara esta nova edición co obxectivo de consolidarse como o festival de referencia para as curtametraxes galegas.

O festival dá comezo o 25 coa preestrea da longametraxe *Por mí y por todos mis compañeros*, ópera prima do realizador Juadas Diz no Círculo Recreativo Cultural do concello. Esa mesma noite o artista Víctor Coyote fará a presentación do seu libro *Cruce de perras* no marco da festa Espazo Noite no pub La Chimenea.

O torreiro de Cans acollerá o venres 26 a presentación do documental *Agroglamour* dirixido por Carlos Contreras, que recolle algúns dos mellores momentos da pasada edición. Alí farase entrega a Mabel Rivera do premio de honra Pedigree'06 e terán lugar os concertos do grupo de cabaré montañés Os Tristes Tigres e do arxentino Andy Chango, autor de bandas sonoras de películas como *A mi madre le gustan las mujeres* ou *Mortadelo y Filemón*.

O día grande do festival será o sábado coa proxección das case trinta curtas programadas nos alpendres habilitados espallados por toda a aldea, entre elas, *Redondeo*, *Servizo a domicilio*, *Nais*, *Quérote mal*, *O señor dos mosquis* ou *O castigo*. A música de Josele Santiago e Pablo Novoa será a encargada de pechar o festival.♦



CHANTADINOS NA PRIMEIRA SERIE PARA A TELEVISIÓN LOCAL

M.B.

Os veciños de Chantada convertéronse nos actores, produtores e nos creadores da primeira serie de ficción producida para unha televisión local que leva por título *Cabodomundo*. Os seis capítulos que conforman o proxecto están a ser emitidos por Televinte.

Despois de case catro anos de traballo, xa se está a emitir a serie *Cabodomundo*, un proxecto que parte da xornalista e actriz Comba Campoy dende o ámbito académico e que conseguiu implicar a máis de cincuenta veciños de Chantada na creación de guións, na actuación, na gravación e na produción.

O pasado 15 de maio estreouse en Televinte, a televisión local da zona, o primeiro dos capítulos que conforman Cabodomundo, unha serie que en palabras de Comba Campoy quere ser "unha proposta doutro xeito de facer televisión máis próximo á xente e a cultura local" que demostre ademais que é posíbel "unha televisión feita por e para os espectadores, cubrindo a falta de medios con imaxinación e frescura". Era a culminación dun proceso que englobou a elaboración do guión, a selección de actores e moitas horas de gravación e produción.

A serie está ideada para o público de Chantada e foron eles quen, de xeito desinteresado, botaron a andar o proxecto. Nela van a aparecendo referentes reais que destacaron ao longo da historia con outros coñecidos polos veciños. Eles e toda unha galería de personaxes de ficción procedentes do mundo máxico e do imaxinario popular do lugar van artellando unha trama onde os problemas socias vanse mesturando con lendas e situacións moitas veces xeneralizábeis ao resto do país.

Cabodomundo narra a peripecia vital de Luís Expósito, un home que chega a Chantada para negociar a adquisición das terras altas da Ribeira Sacra co fin de construír nelas un parque eólico. Alí entra en contacto con diferentes personaxes que fan que a súa vida comece a cambalear, entre eles dúas ánimas en pena, Luís Franco, un obreiro que morreu sepultado nas obras de construción do encoro de Belesar, e O Piloto, un guerrilleiro morto na década dos sesenta sobre o que perdura a dúbida de se loitou pola liberdade ou foi un simple bandoleiro. Tamén teñen protagonismo na serie o grupo Bravú, un colectivo chantadino que vén realizando diferentes actividades reivindicativas para mobilizar a súa vila.

Primeira serie para o local

Cabodomundo presentase en antena como a primeira serie para televisión local. Os motivos, para Comba Campoy atenden a motivos económicos e a falta de medios. Como ela mesma explica "As televisións locais independentes, que nacen coa intención de dotar a vila de voz propia, non teñen capacidade económica nin técnica para poder levar o seu obxectivo a cabo". Mais "a xente interésalle a proximidade". Por iso, na súa opinión "as televisións locais independentes deberían dar o paso de abrirse a participación da xente e fomentala. Conseguirían así servir de instrumento de comunicación para a vila ademais de encher horas de programación. Pero para iso coido que é necesario o apoio das administracións porque se precisa educación e formación. Debe fomentarse a participación dos veciños nas televisións locais como unha forma máis de activismo social".

Caldo de cultivo

A posta en marcha da serie foi o motivo que reuniu durante catro anos ao redor de cincuenta persoas, entre elas grupos vinculados coa actividade cultural da zona, para parir ideas que logo tomarían forma. Agora, dese proxecto inicial, están a xurdir nova ideas vinculadas a música, ao audiovisual e a pintura. Como indica Campoy o proxecto quere ser a "constatación de que é posíbel producir sen moitos cartos con enerxía e ilusión". ♦

Licenciado en Belas Artes pola Universidade do País Basco. As súas fotografías amosan sofisticación, glamour e unha desacougante mise-en-scène con influenzas do design, a publicidade e a moda, incluindo textos e logos e escrutando nos roles do traballo do artista e na función social da arte nas consumistas sociedades contemporáneas. Entre as súas exposicións individuias lembramos en 2006 "Super Artist Forever", Sala Carlos III, Pamplona. En 2005: "Rarities and Curiosities", Galería Espacio Marzana, Bilbao. En 2004: "My Love Affair with Art", Galería Espacio Mínimo, Madrid. En 2003: "Me, Myself and I", Centro Cultural Montehermoso, Vitoria. En 2001: "Ten Pink Flies", Project Room. Artissima 01, Turin. En 2000: "Home, Sweet Home". BILBAOarte. ♦

Festival do Norte

1º cartel da temporada

H. VIXANDE

Un cartel aquelado, un prezo razoábel e un emprazamento apropiado para dar comezo á temporada de festivais.

Un festival sempre é un acontecemento e se conta cunha boa programación como o Festival do Norte, máis aínda. A pesar de que as cabezas de cartel son Echo & The Bunnymen e Placebo, se cadra hai outros alicientes debido á súa novidade no noso país, como son os norteamericanos de Radio 4.

Mais repasemos os principais pesos pesados da escena máis ou menos *indie* que pisará Vilagarcía os días 26 e 27 de maio. Echo & The Bunnymen chega tras unha prolongada traxectoria musical un tanto apagada nos últimos tempos. O seu último disco "Siberia" implicou unha resurrección case máxica. Placebo tampouco son uns neófitos e veñen avalados polo seu último traballo, "Meds", onde xa non ecoan tanto as voces de Bowie. The Divine Comedy conforman xunto cos dous anteriores a experiencia entre as figuras senlleiras do festival, onde chegan sen renovar a súa discografía nos últimos dous anos. Radio 4, co seu rock actualizado, é a maior novidade no noso país. A lista é longa, pero cabe sinalar nomes como o de Cycle. Este grupo madrileño que coquetea coa electrónica foi unha revelación en 2005.

Pero non podemos rematar sen aludir a catro representantes do país: 6PM, Meu, Manuel Seixas e X-Wife. Os composteláns 6PM propoñen un pop electrónico e artesanal, os coruñeses Meu –varios deles ex Elephant Band– prefiren o power pop, o ourensán Manuel Seixas presenta o seu último traballo, "Microse", e o portuense João Vieira (X-Wife) acode a pinchar música electrónica. ♦

VENRES 26 DE MAIO.

Recinto Fexdega. Echo & The Bunnymen, The Divine Comedy, Cycle e Nacho Vegas y las Esferas Invisibles.

Praza da Peixería. The Unfinished Sympathy, Meu e 6PM.

SÁBADO 27 DE MAIO.

Recinto Fexdega. Placebo, Radio 4, Atom Rhumba, Tokyo Sex Destruction.

Praza da Peixería. Second, X-Wife e Manuel Seixas Neuroband.

Prezo: Diario: 30 adiantada / 40 billeteira. Abono 2 días: 50 adiantada / 60 billeteira.

Horario: Praza da Peixeira: Apertura de portas 17.30, inicio concertos 18.00

Recinto Fexdega: Apertura de portas 20.30, inicio concertos 21.00

Acampada: Finca A Maroma (a carón de Fexdega).

Venda entradas:

www.caixanova.es (902504500), www.ticktackticket.com (902888902). Santiago: Gong, Discoprecio. A Coruña: Nonis, Portobello. Pontevedra: Vázquez Lescaille, Froiz (Cobián). Vigo: Diskopolis. Elepé. Ourense: Peggy Records. Vilagarcía: Discos Froiz, Vázquez Lescaille.

Máis: www.festivaldonorte.com

A Carón do Lar. Contos de Lugris Freire en *A Nosa Terra*

Os dous avogados

Don Constante, que era naqueles tempos o avogado de mais sona da Coruña, tiña unha casa-quinta en Moruxo, perto da vila de Betanzos.

A horta non tiña semeadura de abondo, e ademais, polo fondal, faltáballe un bon pedazo pra ser cadrada. Lindaba por este lado cunha leira de Bastián, que non quería de ningunha meneira vender o cacho de terreo que acuciaba don Constante.

Un día presentouse Bastián na Coruña, no despacho do noso avogado, e díxolle:

—Señor, veño poñer no seu coñecemento como lle tocou en sorte ir ao servizo do rei ao meu fillo Pedro, que é o meu brazo dereito. Se mo levan non sei que será de min, pois xa estou moi velliño e non podo traballar a miña facenda.

—Tes razón, amigo Bastián.

—E polo mesmo eu viña rogarlle que me emprestase algún diñeiro sobre da leira que está a carón da súa horta...

—En que condicións? –preguntou entón don Constante cheo de alegría porque ao fin ía completar a horta.

—Señor, como vostede queira. Vender non lla vendo porque doime moito desfacerme dos bens de meus pais; pero, se lle parece ben, tomareille o diñeiro en pacto de retro.

—Ben, home, ben... –respondeu o avogado, refregando as mans.

—Como a miña leira é moi grande, hipotecarei nada máis que a metade.

—Conforme, se a parte que hipoteques sexa testando coa horta.

—E como non, señor?

Fixeron a escritura de pacto de retro, e Bastián largou co diñeiro redimir a Perucho, que volveu aquel mesmo día prá súa casa máis contento que un cuco.

Ía cumprir un ano despois disto. A véspera do vencimento da hipoteca presentouse Bastián, en compaña de tres viciños seus pra que lle servisen de testemuñas, no despacho de don Constante.

—Señor –dicía Bastián–, eu sonlle home perdido. Este ano caeron enriba de min moitas desgrazas. Non collín maínzo ningún, caeume a feluxe no viño, apodrecéronme as patacas no celeiro, e deume moita perda a venda do gando... Non lle podo pagar señor; doume por perdido!

—E daquela?

—Daquela? Ai meu señor don Constante! Que lle estou empeñadiño de todo, e non teño modo pra saír de apuros máis que hipotecando a outra metade.

—Ben, home, ben; pra que vexas que te trato ben, e que non abuso do apuro do próximo, dareiche a mesma cantidade que pola outra parte.

—Vaia todo pola alma dos seus defuntiños!...

Fixeron a escritura, e cando Bastián tiña os cartos na man, dixo.

—Agora, meu señor, quero deshipotecar a outra metade, que vence mañá. Aquí ten o diñeiro; e os señores me serán testemuñas de como fago a entrega.

—Mira, meu amiguiño –respondeulle don Constante dándolle uns golpiños no ombro–; agora queda a miña horta sen completar, e poñerei unha ponte, se me deixa, para pasar á outra banda que agora me hipotecas. Ti non tiveches necesidade de ir a Santiago para aprender leis. Coa retranca que Deus che deu tes de abondo pra xiringar calquera letrado, como me xiringaches a min, con perdón.♦

Enxeños e criaturas

Xosé Miranda

Vinte e cinco anos de narrativa galega (II)



CALI

Porén, como eu son dos da *cáscara amarga*, quixera falar dun par de cuestións que non vexo nada claras. E ese par de cuestións preocúpame desde hai uns anos. Xa me preocupaba cando escribín o meu libro *A biblioteca da iguana*, por eso un dos meus personaxes di:

"Aquela noite non puiden durmir e ocorréuseme, para pasar o tempo, unha terrible diatriba en forma de artigo contra os defensores dunha literatura do inmediato e contra os que diferencian a literatura rural da urbana. Definíame eu a favor das novelas de aventuras e dun fantástico cotián ó estilo de Cortázar ou de Borges. Dicía, entre outras cousas, que me resultaba tremendamente aburrido ler o que xa lía tódolos días nas seccións de sucesos dos periódicos. Imaxinaba o efecto que lles ía facer a cronistas, críticos e escritores ver o meu artigo na sección de opinión de *La Voz de Galicia*. Pero como nunca tiven editor para as miñas fantasías nin contacto ningún cos xornais, fóra o de lector, é dicir, como son, aínda hoxe, un perfecto descoñecido e non un nomeado literato ou grande articulista, esquecín case instantaneamente o artigo para pasar a entreter o meu insomnio con outras argalladas do maxín.

"Espertei cunha frase, na que lles chamaba "destaxistas da crónica de sucesos" a eses escritores que semellan epígonos do socialrealismo, na punta da lingua. Fora unha noite longa e profusa, ata o extremo de que non lembraba a penas nada das miñas moitas ensoñacións e de que a dor bourábame nas tempas coma unha trade nas lastras do pavimento. Collín o periódico e alí, vostede non mo vai crer, estaba o meu artigo, nas páxinas de opinión, encabezado precisamente co título "Os destaxistas da crónica de sucesos" e firmado por un tal S. Curtis Estelo, que me resultaba perfectamente descoñecido."

Eu veño ser un trasunto do meu personaxe e podo asumir como miñas todas as palabras que anteceden, todas as opinións que el verte en *Os destaxistas da crónica de sucesos*.

Porque si, nos últimos anos houbo unha moda retro na literatura galega, que consistiu en reabrir a Caixa de Pandora do costumismo. Moito do que se publicou é puro costumismo. Claro que non só aquí e non predominantemente aquí. Pero non por eso deixa de ser certo. Non importa que se etiquete con outro nome, é o que é: ¿realismo suxo? ¿que importa? Hai que repetilo continuamente, toda literatura é, por definición, realista, pois teñen a mesma existencia os personaxes de *A Mai* de Maxim Gorki que os hobbits de J. R. R. Tolkien, nin máis nin menos. E, se me apuran, *O Hobbit* é máis realista, porque unha característica esencial das chamadas literatura fantástica e do marabilloso (¡que non son a mesma!) é que teñen que convencer o lector da súa verosimilitude, polo que necesariamente describen con detalle as cousas cotiás dos mundos reais ou fantásticos e eso sitúa estas obras no realismo descritivo, que é o único que hai. En cambio, a mal chamada literatura realista pode prescindir desa descrición, pois ocorre, ao parecer, nun mundo que xa coñecemos. Porén, toda narración é imaxinaria por definición, ningunha ocorre no mundo real. ¿É o Quixote máis verosímil que Amadís? ¿Son máis reais Os pazos de Ulloa que Drácula? ¿Cara de Plata ten máis consistencia que Merlín? ¿Non é verdadeiro e recoñecible o Doutor Jekill? ¿Que diferencia a Oliver Twist de Gregor Hamsa? Non fagan caso: toda a literatura é ficción. Ata as biografías. Ben o comprendeu o grandísimo e case descoñecido escritor Marcel Schwob, autor das *Vidas Imaxinarias*, unha xoia da literatura de todos os tempos, e non falemos de Santiago della Vorágine e da "lenda áurea". En fin, que a min o costumismo tende a aburrirme. Como o meu personaxe, de abrir unha caixa, eu preferiría abrir a dos soños, a da imaxinación, a das cousas que están no fondo, no interior, habitando na cidade asolagada que todos levamos dentro, a caixa dos demachiños, e unha vez aberta, asombrarme de velos evolucionar e de comprender, súpeto, que xa os coñecía. A fin de contas, dous daimones discuten agora mesmo dentro de min se teño ou non razón.♦

Xosé Manuel Fernández Costas

'Lugrís Freire é un home de plena actualidade'

M.B.

Co título *Manuel Lugrís Freire. A fe na causa* Baía edicións publica o seu ensaio sobre a vida e a obra do homenaxeado no Día das Letras deste ano. Como concibiu o traballo?

Como a historia da literatura non se tiña ocupado del vin a posibilidade que había de recuperar os textos publicados por el e as primeiras edicións. Comecei entón a traballar co Manuel Lugrís Rodríguez, o seu neto, e ao tempo que avanzaba o proxecto funme sentindo cada vez máis identificado.

Que lle fascinou da figura de Lugrís Freire?

Especialmente o seu compromiso, por iso o titulei *A fe na causa*. El tiña unha paixón moi fonda en que Galiza podía xogar un papel moi importante no futuro. Tamén a súa coherencia e práctica do galego. Foi ademais pioneiro e precursor. Se Lugrís Freire non existise non coñeceríamos como coñecemos o nacionalismo, polo menos do primeiro terzo do século pasado. É un home de plena actualidade precisamente por ese compromiso.

No libro que publica inclúese novo material sobre Lugrís Freire.

Ao traballar co seu neto puiden incluír biografía inédita, con datos descoñecidos referidos a familia e as amizades e fotografías. O gran continuador de proxecto político e cultural de Lugrís é o seu neto. Entre o material descoñecido presento un "a propósito", escrito por Lugrís Freire, un poema e a transcrición dunha conferencia que pronunciou na Círculo de Artesáns da Coruña.

Por que pensa que está tan pouco estudado?

Quizás por algún tipo de prexuízo e polo seu firme compromiso: foi de esquerdas, nacionalista e masón. Non ten a calidade doutros poetas, pero foi revolucionario no teatro. Foi defensor do idioma e un divulgador da ideoloxía e o ideario das Irmandades da Fala. A Xunta debería comprometerse máis e non limitarse a un mes de actos centrados na figura dos homenaxeados no día das Letras.♦

África peta pouco

FRANCISCO CARBALLO

África era para os romanos o norte dun continente de soños. Foron beréberes –como Santo Agostiño– quen lle deron ao Imperio cereais e talento. O cristianismo tivo, de Exipto a Tinxitania, extensión, fondura e mártires. Hoxe é Africa un continente en ebulición.

***Mundo negro*, unha publicación dos misioneiros combonianos, dedica anualmente un número especial á realidade africana. No de 2006, abril-maio, mandan as estatísticas. Abraia contemplar os datos espidos: 53 países independentes máis o Sahara na espera. 936 millóns de habitantes. Un crecemento poboacional e un crecemento da pobreza.**

O relato das guerras interiores deste continente, dos refuxiados, dos nenos militarizados e dos violados, das vítimas da sida (28 millóns), dos fluxos de emigrantes, dos mortos de fame etc. produce anguria. En tebra tan profunda estremecen os raios de luz: son cada ano máis os países democráticos; hai medra do PNB; hai recomposición das unidades nacionais. Luces e sombras? África fai camiño de seu. Todo o continente quedara baixo a bota do colonialismo desde mediados do XIX a mediados do XX. Leva 50 anos a saír dese cárcere á liberdade. E esta é sempre custosa.

***Mundo negro* descobre os camiños de saída de África á liberdade: desenvolvemento da cultura propia e das tecnoloxías, da organización civil e relixiosa, da recuperación do patrimonio histórico e do subsolo (uranio, petróleo, bauxita, diamantes, cobre).**

Un axente a decidir: a muller. Ela padece nun 80 % a pobreza; ela comeza a mandar (en Liberia é presidenta Ellen Jinhson-Sirbeat); ela organízase. E iso en todo: economía, familia, cultura, relixión. África é continente moi relixioso: musulmáns, 377.352.032 (40.29%); cristiáns, 325.929.416 (34.16%); outras relixións, 232.218.148 (24.9%). Aínda peta pouco África: necesita e ten dereito a facerse ouvir.♦

Dos contos de lobos aos de ordenadores

Hércules recompila, en edición de luxo, relatos tradicionais e modernos

M.B.

O Museo do Pobo Galego acolleu a presentación do libro *Galicia de conto* (Hércules de Ediciones), unha recompilación de contos tradicionais e modernos elaborada por Manuel Quintáns Suárez e por Xosé Manuel González Reboredo que ofrece unha ampla mirada a este xénero no país. A publicación inclúe ademais unha análise destas narracións orais desde a perspectiva literaria e a antropolóxica.

Xosé Manuel González Reboredo e Manuel Quintáns asinan o último libro que se vén de publicar sobre os contos populares. Baixo o título *Galicia de conto*, a editora Hércules presenta unha escolma de cento cincuenta narracións galegas recollidas e publicadas con anterioridade que inclúe ademais unha análise destes relatos populares.

O libro publícase dentro da serie *Galicia para soñar*, que ten como finalidade contribuír a que a cultura popular non desapareza. Como explica o director da colección Francisco Rodríguez Iglesias "para as culturas minoritarias a globalización non é unha boa aliada".

Galicia de conto nace con esta mesma motivación, pero ten a intención engadida de espertar a curiosidade do lector e do investigador sobre este eido da tradición oral.

A selección das obras foi realizada polos propios autores seguindo un criterio amplo que permitise "incluír a diversidade suficiente para poder ofrecer unha perspectiva completa da tradición oral". Así, o libro recolle contos relixiosos, relatos que fan referencia a vida cotiá, narracións marabillosas, de contido sexual e outros que están protagonizados por animais. Por primeira vez nunha escolma feita no país, os autores inclúen narracións pertencentes ao mundo tecnolóxico, que falan de ordenadores, de funcionarios e de informática, así como os relatorios dos contacontos galegos. Quico Cadaval foi o escollido para ilustrar este último apartado. No libro recóllese a transcrición dunha das historias que compoñen o seu repertorio.

Como explica Manuel Quintáns "este tipo de historias representa a continuación do conto no mundo urbano". "O conto sigue vivo", comenta "e ten unha actualidade total". Ao seu ver, o que está acontecer na actualidade é que esta narración oral "está a sufrir unha adaptación natural aos novos contextos e ás novas necesidades".

Facendo fincapé na existencia dun conto galego, os autores elaboraron para o libro un amplo estudo sobre estas narracións atendendo primeiramente ao aspecto formal e literario para afondar máis tarde no conto dende unha perspectiva antropolóxica.

Ambos autores defenden a existencia dun conto galego diferenciado dentro do panorama internacional. Como indica Quintáns "a orixe destas narracións é moi diversa. Viaxeiros, soldados, peregrinos foron traendo ao longo da historia contos procedentes de diferentes lugares que o público galego foi reinterpretando e facendo propios".

Para Manuel Quintáns o conto está ao mesmo nivel literario e estético que o relato de autor.

Todos os contos que compoñen a escolma publicada por Hércules foron transcritos e publicados por diferentes recolledores dos séculos XIX e XX. O libro, ilustrado cos debuxos de Luís Sendón e as fotografías de Xosé Manuel Salgado e Anxo Rial, conta cunha edición en castelán.

A pesar de todos os traballo de recolleita e estudo do patrimonio oral galego que se veñen desenvolvendo nos últimos anos, para Manuel Quintáns "queda moito por facer". O autor e investigador pon o acento na necesidade de que "unha institución levase a cabo un labor de recolleita exhaustiva". Con todo, sinala que a sociedade recrea e adapta constantemente este tipo de relatos e que existe unha ampla variedade segundo as zonas, polo que pode ser moi complicada a recolleita.♦

Manuel Lugrís Freire

Colección Esencias

Volta Lugrís Freire da man dunha intensa e axil biografía escrita por Henrique Rabuñal.
O compromiso literario e galeguista dun autor que mantivo unha deliberada aposta por trascender coa súa poesía, teatro e prosa entre as clases populares.

Letras Galegas 06

A ponte

Manuel Lugrís Freire
Ilustracións de Anxo Fariña



Drama en dous actos

Representado por primeira vez no *Teatro Principal* da Coruña o 18 de xullo de 1903.

A NOSA TERRA

O Trinque

Lendas Urbanas

Trinta novos creadores galegos de menos de 37 anos expoñen, até o 28 de maio, na mostra 'Urbanitas', no MARCO de Vigo. Á parte de coincidiren na idade, os artistas comparten actitudes e visións próximas ao espazo urbano. Entre as obras destacan as esculturas, as fotografías, pinturas murais, instalacións, son, vídeo, debuxo e grafiti. A maior parte, feito en exclusiva para esta exposición.♦

LeCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

A Cultura Circula

Tomando como punto de partida conceptos como o de factoría cultural, no sentido de xerar unha cultura en proceso, creativa e participativa, fronte a unha cultura espectacular, unilateral e allea, a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza propón o soporte de dúas carpas itinerantes para poñer a cultura galega en circulación, implicando a 400 persoas entre persoal técnico e artistas, con música, teatro, circo, vídeo, internet, obradoiros, e concursos. Desde este xoves 18 e até o domingo 21 as carpas instalaranse no **PORRIÑO** e en **BOIRO.** Na primeira temos este venres 19 de 22 a 00:30 h. o ***Espectáculo Tentacular*** de **Chévere**, que leva coma convidados a **Iván Ferreiro, Mofa e Befa, Quico Cadaval** co espectáculo ***Polas pólas,*** as estrelas internacionais **Joseph Collard,** clown belg e **Duelirium Extremis** (trapecio de teas), e a colaboración especial de **Carlos Meixide, O Sobrado de Abadín;** o sábado 20 a partir das 20:30 h. temos o concerto de **Berrogüeto, Mercedes Peón** e ao magrebí **Rachid Taha;** ao día seguinte, domingo 21, chega desde ás 17 h. o ***Domingo en familia na carpa,*** espectáculo para todos os públicos a cargo de **Berrobambán.** En **Boiro** teremos o venres 19 desde as 20:30 h. en directo a **Leilía, Bumba** e á **Orquestra Nacional de Barbés;** o sábado 20 desde ás 22 h. o ***Espectáculo Tentacular*** de **Chévere,** e o 21 o ***Domingo en familia na carpa.*** Ademais en ambas carpas haberá o venres 19 de 10 a 13 h. ***Obradoiros educativos para xente nova;*** e o sábado 20 de 11 a 14 h. ***Obradoiros educativos para xente adulta.*** Parellamente a estas actividades **Pistacatro** realizará un ***Espectáculo de rúa*** este xoves 18 de 19 a 21 h. en **VIGO;** o venres 19 de 13 a 15 h. en **TUI;** o sábado 20 de 19 a 21 h. en **NOIA;** e o domingo 21 de 13 a 15 h. en **RIBEIRA.** Os itinerarios da carpa e o programa completo poden consultarse en www.aculturacircula.info.♦

Camilo Nogueira presenta o seu libro *A terra encantada* este venres 19 en CAMBADOS.

Bueu

■ **ACTOS**

LETRAS GALEGAS
O sábado 20 ás 12 h. no Salón de Plenos do Concello faise entrega dos premios de poesía e xornalismo **Johán Carballeira,** agasallándose ao público asistente co libro de **Lupe Gómez *O útero dos cabalos.*** O domingo 21 ás 19:30 h. no *C.S. do Mar* e con entrada libre represéntase ***Entre dous abismos,*** polo grupo de teatro **A Casa da Bola** de Cangas.

Cambados

■ **ACTOS**

A TERRA CANTADA
Este venres 19 ás 20 h. preséntase na libraría *Carro* o último libro de **Camilo Nogueira,** nun acto no que estará presente o autor que estará acompañado por **Francisco Trigo Durán.**

Cangas

■ **TEATRO**

MOFA E BEFA
O magnífico dúo humorístico chega o vindeiro sábado 27 ao *Auditorio Municipal* con ***Cultura para dar e tomar***.

O Carballiño

■ **TEATRO**

FINAL DE PELÍCULA
O *Auditorio Municipal* acolle, este venres 19, a actuación de **Áncora Producións.**

A Coruña

■ **ACTOS**

CASA MUSEO E. PARDO BAZÁN
Conmemora o día internacional dos museos este xoves 18 desde as 17 até as 24 h. con teatro, danza, música (clásica, latina, moderna e jazz), cantautores, cantareiros...

■ **CINEMA**

CGAI
O ciclo dedicado ao ***Cinema fantástico español*** continúa este xoves 18 ás 20:30 h. coa proxección de ***La matanza canibal de los garrulos lisérgicos*** (1993), de **Antonio Blanco** e **Ricardo Llovo,** que tamén poderemos ollar o sábado 20 ás 20:30 h; o luns 22 e martes 23 ás 20:30 h. chega á pantalla ***El espinazo del diablo*** (2001), de **Guillermo del Toro**; o vindeiro xoves 25 ás 20:30 h. e venres 26 ás 18 h. tocaralle o turno a ***Frágiles*** (2005), de **Jaume Balagueró.** De **Joaquín Jordá** poderemos ollar este venres 19 ás 18 h. ***María Aurèlia Capmany parla...*** (1968) e, o mércores 24 ás 20:30 h, ***Portogallo, paese tranquilo*** (1969), e ***Lenin vivo*** (1970). De **John Huston** teremos este venres 19 ás 20:30 h.***Report from Aleutians*** (1943), ***The battle of San Pietro*** (1944), e ***Let there be light*** (1945); o vindeiro venres 26 ás 20:30 h. proxéctase ***Dublineses*** (1987), que se repite o sábado 27 ás 18 h. Ademais en ***Cartoon Manía*** poderemos gozar este sábado 20 ás 18 h. da sesión ***Cartoons politicamente incorrectos (e II).*** Máis información en www.cgai.org.

CURT FICCIONS
Este xoves 18 ás 12 h. no cines *Rosales Yelmo Cineplex* presentase o festival coa presenza de **Nacho Varela,** xerente do Consorcio Audiovisual de Galiza; **Xosé Zapata,** produtor e director de Mártires; **J.M. Mesías,** director de Yelmo Cineplex en Galiza; e **J.A. Corredoira,** direcor da Escola de Imaxe e Son de Lugo. Os 9 cortos premiados poderanse ver neste cine desde o venres 19 até o domingo 21 nun pase de 90' de duración e por 4 euros.

■ **EXPOSICIÓNS**

LATEXOS
No hotel *Meliá María Pita* expóñense, até o 3 de xuño, as xilografías de **José Valentín.**

GUERREIRO
O pintor de Xove amosa a súa obra até este sábado 20 na galería *Ana Vilaseco*.

TERRITORIO OESTE
O museo *Unión Fenosa* acolle esta magnífica colectiva de 27 artistas portugueses.

OS OUTROS ARQUITECTOS
Podemos visitar esta mostra no *Domus-Casa do Home.*

FRANCISCO LEIRO
No recén estreado edificio da *Fundación Caixa Galicia* podemos contemplar a obra de **Francisco Leiro,** a de **Cristina Iglesias** e a colectiva ***10 anos, 10 artistas,*** selección de autores que simbolizan o percorrido da *Colección de Arte Caixa Galicia* na última década.

DIEGO RIVERA
A nova sede da *Fundación Caixa Galicia* estréase cunha mostra única sobre o pintor mexicano.

MODELOS DE INTENCIÓN
Até o 18 de xuño podemos ollar a mostra ***Bodegóns e paisaxes de Luís Seoane,*** na sede da súa fundadición, conformada por magníficas obras pertencentes aos seus fondos.

VIDA E MORTE NO ANTIGO EXIPTO
O *Museo de Belas Artes* acolle, até o 28 maio, a mostra *Da arte faraónica ao faro de Alexandría*, unha viaxe a través de numerosas pezas delicadas e espectaculares: a arte, os costumes funerarios, a historia e a relixión entre outros aspectos

GALIZA INDUSTRIAL
A *Fundación Barrié* acolle esta impresionante mostra de producción propia que cobre máis de dous séculos de desenvolvemento industrial no noso país, desde os precursores do s. XVIII até as novas industrias do s. XXI.

O Museo de Belas Artes da CORUÑA acolle a mostra *Vida e morte no antigo Exipto. Da arte faraónica ao faro de Alexandría.*

Festa da Marosa

Este venres 19 ás 20:30 h. comeza o festival na carpa situada na Praia da Marosa, en **BURELA,** cunha **Chourizada Popular,** organizada pola *A.C. Ledicia*; xa ás 22 h. teremos as actuacións musicais de **Fía na Roca, As Ferreñas, Batuko Tabanka** e un diaporama de **Xulio Villarino,** para continuar a festa coa **Foliada do vento mariño.** O sábado 20 ás 13 h. na sesión vermú estará **Unclealbinodj;** ás 17 h. na *Casa da Cultura* proxéctase a película ***O soño dunha noite de San Xoán*** e, a partir das 22 h. de novo na carpa, van tocar **Dani Bellón** e **Diego Maceiras, Leilía** e **A Compañía do Ruído,** e entre grupo e grupo gozaremos coas regueifas provocadoras das **Garotas de Ribeira;** o festival rematará coa segunda parte da **Foliada do vento mariño,** a tradicional queimada e bolos preñados. A entrada para todas as actividades é totalmente de balde.♦

Perecho, protagonista de *Soño dunha noite de San Xoán.*

I Festival da Língua

Proxecto da Coordenadora Galega de Centros Sociais, a Associaçom Galega da Língua (AGAL), Novas da Galiza e o Movimento Defesa da Língua (MDL) que terá lugar en **OLEIROS** o sábado 20. Ás 11 h, no Palco Grande da zona do Monumento ao Emigrante, alborada a cargo da **Banda de Gaitas Xaramago***;* ás 13 h, presentación do act centrando o protagonismo en **Manuel Lugrís Freire**, e lectura do *Manifesto pola normalización lingüística* dos colectivos convocantes. O *Teatro Municipal das Torres* acolle durante todo o día as conferencias e mesas redondas ***Galiza é o nome do País***, ***Situaçom do galego hoje,*** e ***Razons para o reintegracionismo,*** ademais da presentación da ***Plataforma para a Recepçom das Rádios e TVs portuguesas na Galiza,*** con intervención de **Maurício Castro, Martinho Montero Santalha,** ou representantes dos colectivos convocantes. Na Praza do Exílio sitúase o palco pequeno onde ás 17 h, hai un ***Recital de Poesía;*** ás 19h. a música tradicional de **Servando e Contradança,** e durante todo o día á banda de gaitas **Xaramago** e o grupo de pandeireteiros e pandeireteiras dos **Centros Sociais da Galiza**. Desde as 22 h. no palco grande do Parque *Luís Seoane* gozaremos co hip hop dos pontevedreses **Trasnos de Moscoso;** o rock-hardcore de **Nao;** o ska de **Skárnio,** e a fusión da **Banda de Poi**. Ademais durante todo o día celébrase a ***Feira das Palavras e das Ideias***, na que diferentes organizacións e colectivos, terán os seus materiais e iniciativas en exposición e venda; o ***Encontro galego de Rádios Livres***, coa súa retransmisión desde o *Quiosque* do parque; animación de rúa para crianzas co grupo ourensán **As Esmorganas** e o globoflexista e conta contos **Nilson Leite**. A organización dispón de barras a prezos populares de bebida e xantar, baños químicos e zona de durmida no pavillón *Arsénio Iglésias*. O programa completo pode consultarse en http:emmovimento.agal-gz.org.♦

Carteleira

16 RÚAS. Un policía recibe o encargo de trasladar un preso da comisaria ao xulgado, a dezaseis rúas de distancia. En aparencia é un traballo de rutina pero alguén o segue para matar o preso. Película de polis bos contra polis ruíns.

NO CUMIO. Unha actriz licenciosa que ten ciúmes do seu home, a filla que organiza a súa voda, un escritor que prepara un catálogo do seu amante... vidas que se entrecruzan durante 24 horas, unha historia que xurde conforme avanza a película.

OUTROS TEMPOS. Pasados trinta anos, un home forza un reencontro coa súa primeira moza para recuperala. Ela está casada en Tánxer e ten un fillo xa emancipado, que está de visita na súa casa, por iso non quere nada del. Boa actuación de Depardieu.

MISIÓN IMPOSÍBEL III. Terceira parte dunha saga economicamente moi rendíbel. Ethan Hunt (Tom Cruise) debe cumprir unha misión arriscada na que nada é o que parece. Moita acción e bastante máis intriga que en entregas anteriores. Dirixe o creador das series "Perdidos" e "Alias", J.J. Abrams.

UN FRANCO CATORCE PESETAS. Martín e Marcos son dous amigos que deciden emigrar a Suíza na busca de mellores oportunidades. Pouco e pouco irán facendo a vida alá e criarán as súas familias. Cumprido o seu obxectivo, chega o máis difícil, volver á casa convertidos en estranxeiros.

DECLARAIME CULPÁBEL. Durante un macro xuízo contra a mafia, Jackie DiNorsio defréndese a si mesmo. Fronte a acumulación de probas en contra e malia ser un baldreu, consegue convencer ao xurado de que as acusacións son inxustas. Comedia resultona de Sidney Lumet.

V DE VENDETTA. Un fantoche con careta preséntase para loitar contra un goberno autoritario e abolir o poder do Estado. Ten como aliada unha moza perseguida por erro. Aderezada cunha conspiración para xerar medo entre a poboación e xustificar a ditadura.

PLAN OCULTO. Un grupo de persoas asalta un banco e toma como reféns aos empregados e clientes. Piden un avión para fuxir, pero o policía que dirixe o cerco pensa que algo falla, que teñen un plan oculto. Spike Lee dirixe unha película un chisco artificiosa.

VOLVER. Raimunda e Sole son irmás manchegas. A nai delas aparécese en forma de pantasma moi real. Ao tempo, Raimunda debe ocultar o cadáver do seu home, asasinado pola propia filla. O novo de Pedro Almodóvar, máis cómico e feminino que as súas últimas películas.

TRISTÁN E ISOLDA. Tristán naufraga e namórase da súa rescatadora, Isolda, princesa de Irlanda. Máis tarde, o namorado deberá entregarlle á moza como esposa ao seu rei Mark. O primeiro amor imposíbel pensado para adolescentes de hoxe.

CAPOTE. Película máis ou menos biográfica sobre o xornalista e escritor norteamericano Truman Capote, famoso pola súa novela *A sangue frío*, editada a primeiros dos sesenta e que trata sobre o asasinato de catro membros da mesma familia nunha pequena vila de Kansas. O filme céntrase sobre todo na pluma que tiña o escritor.♦

TEATRO

García

Teatro do Adro representa esta peza de **Cándido Pazó** o venres 19 na *Casa da Cultura* de **Boiro;** o vindeiro venres 26 faráo no teatro municipal *Lauro Olmo* do **Barco de Valdeorras.**♦

84 Charing Cross Road

Carmen Elías e **Josep Minguell** compoñen o reparto desta peza de Helen Hanff, dirixida e adaptada por **Isabel Coixet,** que poderemos ollar este xoves 18 ás 20:30 h. no auditorio *Gustavo Freire* de **Lugo;** o venres 19 no *Pazo da Cultura* de **Pontevedra;** o sábado 20 no *Auditorio de Galicia* de **Santiago;** e o domingo 21 no teatro *Jofre* de **Ferrol.**♦

Ana en el trópico

Dirixida por **Nilo Cruz,** esta obra ambientada nos EE UU do 1929 conta a historia dunha familia cubana que vive e traballa en Florida, no negocio dos puros. A chegada dun atractivo lector que decide lerlle aos cigarreiros a novela de Tolstoi *Ana Karenina*, para que o traballo sexa menos monótono, desencadea a trama. Terémola o vindeiro martes 23 e mércores 24 no *C.C. Caixanova* de **Vigo;** e o venres 26 en **Ourense.**♦

Lagarta Lagarta

Representa a obra ***Carambola (Cóncavo convexo),*** de **José Luís Prieto,** baixo a dirección de **Lino Braxe,** este venres 19 e sábado 20 no *Padroado do Teatro Principal* de **Ourense;** o domingo 21 estará no *Centro Sociocultural* de **San Sadurniño;** vindeiro venres 26 ollarémola no *Auditorio de Bandeira* en **Silleda;** e o sábado 27 no *Salón de Actos* de **Cee.**♦

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR 05
As obras do prestixioso premio de fotografía de natureza, recoñecido como o máis importante do mundo, organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London, nas que non só se valora a beleza formal, senón tamén a crueldade e os problemas de conservación da natureza, pódense ollar no *Aquarium Finisterrae*, até o 25 de xuño.

Cotobade

■ **ACTOS**

LETRAS GALEGAS
O sábado 20 realízanse (de 10 a 13 h. na biblioteca de **Tenorio** e de 11 a 13 h. na biblioteca de **Carballedo**) dous obradoiros baixo o título *Achegándonos a Manuel Lugrís Freire*.

A Estrada

■ **TEATRO**

POR ARTE DE MAXIA
Antonio Romarís estará no teatro *Principal* este xoves 18 con este espectáculo. No mesmo lugar teremos aos **Quinquilláns** con ***Moby Dick*** o vindeiro sábado 27.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

SIRO
A galería *Sargadelos* acolle, até o 31 de maio, a obra recente do caricaturista e pintor.

MIGUEL NAVARRO
A sede da *Fundación Caixa Galicia* acolle esta mostra do escultor valenciano até o 21 de maio.

Gondomar

■ **CINEMA**

TIERRA Y LIBERTAD
Dentro do ciclo *Historia e Cinema* que organiza o *Cineclub Latino*, o venres 19 ás 22:30 h. proxéctase no auditorio *Lois Tobío* esta fita sobre a Guerra Civil Española de **Ken Loach.**

Lalín

■ **TEATRO**

TARTUFO
Teatro de Ningures presenta esta adaptación do clásico de Molière este venres 19 no *Novo salón Teatro*.

Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

FEMINISMO
Até o 2 de xuño o centro sociocultural *Uxío Novoneyra* acolle a mostra *Un século e medio de movemento feminista e sufraxio feminino en España*.

O MAR
Caixa Galicia presenta, até o 28 de maio, na súa *Aula Sociocultural* unha selección de obras pertencentes á colección da entidade.

■ **MÚSICA**

AULOS
Este xoves 18 celébrase no *Clavicémbalo* unha gala de voces a cargo desta escola de música moderna. O venres 19 esta sala acolle o concerto dos lexendarios **Ñu;** o sábado 20 tocaralle o turno ao flamenco dos **Adiquerando;** o vindeiro xoves 25 vai dar un concerto o angolano **Alberto Mvundi;** o venres 26 e con entrada libre *Aulos* organiza un ***Festival rock;*** e o sábado 27 contaremos co directo de **Frank T,** un dos referentes do hip hop en español, que presenta o seu cuarto disco ***90 kilos.***

Maceda

■ **EXPOSICIÓNS**

JUÁN CID
No Castelo podemos contemplar, na cafetaría, a súa mostra de fotos apoiada por textos de **Delfín Caseiro** e, na Sala de Mostras deste mesmo lugar, a que está adicada ao navegante galego ao servizo da coroa portuguesa **João da Nova.** Paga a pena, porque tamen podemos coñecer o castelo, hai pouco restaurado e convertido en hotel.

Ourense

■ **CINEMA**

MAIO XOVE
Con motivo da semana organizada pola *Casa da Xuventude, Amigos da Terra* celebra o ***I Cine Fórum Itinerante Ecoloxista*** levando a diferentes colectivos da cidade películas e documentais que reflexionan sobre o ritmo de consumo e perigos actuais do planeta, a relación do ser humano con este e o acoso das multinacionais. O luns 22 ás 20 h. na *Asociación de Veciños Limiar* proxéctase ***La gran superficie;*** o martes 23 á mesma hora na *Casa da Xuventude* ***Un lugar llamado milagro;*** o mércores 24 na *Cultural Auriense* ***Supersize me;*** o xoves 25 ás 16:30 en *Atox* ***Whalerider;*** e o venres 26 ás 16 h. en *Aixiña* ***El viejo que leía novelas de amor.***

■ **EXPOSICIÓNS**

AVANGARDAS PORTUGUESAS
Trazos próximos. Artistas do século XX portugués acolle a autores da importancia de **Amadeo de Souza-Cardoso, Paula Rego** ou **Almada Negreiros**, que podemos ollar no *C.S. Caixanova* até o 18 de xuño.

ANTONIO SORIA ROCAFORT
Mostra a súa pintura, baixo o título *A disolución*, na galería *Visol* até este xoves 18 de maio.

As Pontes

■ **MÚSICA**

MÚSICAS DE SALITRE
O encontro musical de **Xabier,** voz de **Nova Galega de Danza,** e **Guillermo,** músico de **Berrogüetto**, deu lugar a un fermosos proxecto, ***Músicas de Salitre,*** que poderemos escoitar o venres 19 no auditorio municipal *Cine Alovi*.

Pontevedra

■ **ACTOS**

MAIO, MES DA LINGUA

O Concello organiza,. xunto cunha vintena de asociacións e entidades un amplo programa de actividades arredor das letras galegas. Este xoves 18 inaugúrase ás 20:30 h. no *C.C. A Carballeira* en *Vilar* (Ponte Sampaio) unha mostra de ***Fotografías e obxectos sobre a vida na parroquia desde 1900 até 1972,*** e, ás 21 h. no mesmo lugar, **Manuel Portas Ferro** falará sobre ***Manuel Lugrís Freire. Da Cova Céltica ás Irmandades da Fala.*** O venres 19 ás 21 h. nos soportais da *Casa da Luz* haberá un ***Serán poético.*** O sábado 20 temos os obradoiros ***Falando en Verde*** de dinamización lingüística para crianzas de Lourizán de 11:30 a 13 h. na *Casa da Cultura* de Estribela, ás 20:30 h. no C.*C.* de Monte Porreiro un ***Concerto de música coral polas Letras Galegas***, e ás 21 h. no *Pazo da Cultura* preséntase o disco ***Unha estrela por guía,*** de **Milladoiro,** sobre a obra de **Manuel María.** O luns 22 a partir das 11 h. pola rúas da cidade celébrase o ***Correlingua.*** O mércores 24 no *Salón de Actos* da *Facultade de Ciencias Sociais* ás 20:15 e 22:15 farase un pase de curtametraxes en galego, no que poderemos ollar ***O Derradeiro Chanzo*** (2004), de **Manuel Quiroga;** ***El nunca o faría*** (2004), de **Javier Cea;** ***Galiza*** (2004), de **Pachi Baranda** e **Manuel I. Nanín;** ***Mártires*** (2005), de **Xosé Zapata;** ***Baseado en feitos que puideron ter acontecido*** (2005), de **Ozo;** e ***O castigo*** (2005), de **Isabel Ayguavives.**

■ **CINEMA**

NOITES ABERTAS
Este venres 19 ás 20:30 h. no teatro *Principal* e o sábado 20 ás 21 h. no *Froebel* realízase un cine fórum sobre as matemáticas, coa proxección de ***Cube*** (1997), de **Vicenzo Natale;** ***Cube 2: Hypercube (C´est la vie)*** (2002), de **Andrej Sekula;** e ***Cube Zero*** (2004), de **Ernie Barbarash**.

■ **EXPOSICIÓNS**

ESCULTURA NA COLECCIÓN CAIXA GALICIA
A sede desta fundación, o *Café Moderno*, expón por primeira vez e até o 4 de xuño, unha mostra monográfica sobre a escultura nos fondos da *Colección Caixa Galicia.*

O Porriño

■ **ACTOS**

LÚA CONLUVAS
Os máis cativos poden participar todos os xoves das 18,30 até as 19,30 h. neste divertido e participativo programa de animación á lectura, que se desenvolve até xuño no *C.C.Municipal*.

■ **EXPOSICIÓNS**

EXPORRIÑO
Desde o luns 22 podemos ollar no *Centro Cultural* esta mostra de proxectos realizados polo alumnado de 5º curso da *Escola Técnica Superior de Arquitectura* da *Universidade da Coruña*, arredor do urbanismo e as vías de comunicación porriñesas.

Ribadavia

■ **EXPOSICIÓNS**

SEGUINDO O FÍO
Podemos ollar esta mostra no *Museo Etnolóxico* até xuño.

Santiago

■ **DANZA**

CANDANSEU CHAPEU
Na sala *Nasa* podemos gozar este venres 19 e sábado 20 ás 22 h. coa obra da compañía **Disque danza.**

■ **CINEMA**

CINECLUBE COMPOSTELA
O martes 23 ás 22:30 h. proxéctanse, con entrada de balde no centro social *O Pichel* (Santa Clara, 21 baixo), as fitas soviéticas ***A sexta parte do mundo*** (1926) e ***Entusiasmo (Sinfonía do Donbass)*** (1931), de **Dziga Vertov,** en versión orixinal subtitulada en galego.

■ **EXPOSICIÓNS**

LUÍS H. FLORES RIVAS
O *Museo do Pobo Galego* acolle a mostra de fotografía *Debuxos e gravados nas construcións populares*.

O XARDÍN DA FELICIDADE
Na galería *DF Arte Contemporánea* podemos coñecer, até o sábado 27, a obra de **Ming Yi Chou,** unha pintura sobre 15 metros de papel continuo; e o traballo do artista sonoro lisboeta **Paulo Raposo.**

GALIZA E O SURREALISMO
Esta mostra podémola contemplar no *Colexio de Fonseca*.

WILLIAM WEGMAN
A obra do polifacético e prolífico artista norteamericano exponse, por primeira vez na Galiza, na galería *Trinta*, onde permanecerá até o luns 22.

JORGE MOLDER
O CGAC presenta a mostra *Algún tempo antes* até o 4 de xuño. No mesmo lugar tamén se expón ao público as últimas adquisicións do *Centro*, da súa colección e da *Fundación ARCO*.

RITMO PARA O ESPAZO
Os compositores españois e o ballet no s. XX, exposición que podemos visitar na Biblioteca Universitaria *Concepción Arenal* (Campus Sur).

SEN XERACIÓN
Podemos contemplar esta mostra de **X. Anleo, G. Aymerich, D. Basso, P. Barbeito, B. Cáccamo, T. Carbajo, D. Matamoro, M. Paz, P. Pereira, I. Pérez Vicente, C. Rial, D. Santomé** e **M. Vilariño** no *Auditorio de Galicia*, até o 18 de xuño.

VUDÚ
O proxecto *O camiño negro de Santiago* do fotógrafo **Luís López Gabú** exponse na *Fundación Granell* até o 12 de xuño.

KAILÄSA
Podemos visitar a mostra *Unha peregrinación ao corazón do Tíbet* até o 18 de xuño no *Museo das Peregrinacións*.

DIÁLOGO DENDE O INVISIBLE
Até o 14 de xuño podemos ollar no *Parlamento de Galiza* esta colectiva dos artistas **Fran Rodríguez, María Viñas, Federico Fernández, Natalia Díaz-Mella, Marisa Torres, Jorge Rivera, Sabela Dopazo, Pancho Lapeña** e **Nano 4814.**

■ **MÚSICA**

REAL PHILARMONÍA DE GALICIA
Vai tocar este xoves 18 ás 21 h. no *Auditorio de Galicia* baixo a dirección de **Antoni Ros Marbà**, nun concerto no que poderemos escoitar á soprano **Soledad Cardoso** e a **Evaristo Calvo** e **Víctor Mosqueira** como recitadores.

■ **TEATRO**

MEMORIA DO TRINTA E SEIS
Teatro do Atlántico estrea na sala *Yago* este venres 19 e sábado 20 este recital poético musical con textos de **Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Cláudio Rodríguez Fer, Celso Emilio Ferreiro, X.L. Méndez Ferrín** e **Pilar Pallarés** entre outros, e a interpretación musical de **Pilocha.** No mesmo lugar poderemos ollar desde o vindeiro xoves 25 ao domingo 28 ***A raíña da beleza de Leenane,*** de **Martin McDonagh** pola compañía **Teatro do Atlántico**. Entradas e horarios en www.salayago.com.

ASOMADOS Y ESCONDIDOS
As crianzas poderán gozar o domingo 21 ás 12:30 h. na sala *Yago* co espectáculo de títeres ***El huevito de ida y vuelta***, desta compañía arxentina.

Sanxenxo

■ **TEATRO**

BICOS CON LINGUA
Con esta peza escrita por **Suso de Toro, Cándido Pazó, Avelino González** e **Xabier Lama** entre outros, **Talía Teatro** presenta este espectáculo como unha proposta sincera e cargada de intención sobre a situación da lingua galega, elevando a voz e sinalando co dedo cando é preciso, sempre cun gratificante sorriso na cara. Este sábado 20 no Pazo *Emilia Pardo Bazán*.

Talía representa *Bicos con lingua* este sábado 20 en SANXENXO.

Festival do Norte

O vindeiro venres 26 e sábado 27 celébrase en **Vilagarcía** unha nova edición deste festival que presenta un cartaz de 14 artistas que actuarán en dous escenarios diferentes situados no casco urbano da vila. Desde ás 18 h. do venres no escenario *Caixanova*, na Praza da Peixería, poderemos escoitar a **The Unfinished Sympathy, Meu** e **6pm;** o sábado estarán no mesmo lugar **Second, X Wife** e a **Manuel Seixas Neuroband.** No *Recinto Feiral de Fexdega* sitúase o escenario *Xacobeo*, por onde pasarán o venres desde ás 21 h. **Echo & The Bunnymen, The Divine Comedy, Cycle** e **Nacho Vegas y las esferas invisibles;** o sábado escoitaremos en directo a **Placebo, Radio 4, Atom Rhumba** e **Tokyo Sex Destruction.** A entrada ten un prezo de 30 euros por día de adquirirse anticipadamente, ou de 40 na billeteira, dispondo a organización dun bono para os dous días cun prezo anticipado de 50 euros e de 60 o día do concerto, que ademais permite acampar gratuitamente na finca *A Maroma*, situada ao lado do *Recinto Feiral*. Puntos de venta anticipada e máis información en www.festivaldonorte.com.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Tomiño

■ ACTOS

POR UNHA PAIXÓN
A *A.C. Eliseo Alonso* realiza no seu local de **GOIAN** este ciclo de charlas coloquio no que participan persoas cunha experiencia destacada dirixindo asociacións e que son referentes no Baixo Miño polo seu esforzo e implicación. Este venres 19 ás 20:30 h. contan coa presenza de **José Antonio Uris Guisantes,** fundador e Presidente de Érguete Baixo Miño.

Tui

■ EXPOSICIÓNS

NA MEMORIA
Mostra do pintor **Juan Valcárcel** na galería *Trisquel & Medulio* que podemos contemplar até o 20 de maio.

Vigo

■ ACTOS

MÁXIMO GORKI
Esta asociación de solidariedade entre os pobos está a realizar aulas de idioma ruso e, tamén, de castelán para rusos, impartidos por unha filóloga rusa (até xuño); durante agosto e setembro volveranse a impartir estas clases, tendo a posibilidade de recibilas en Moscova ou San Petersburgo. Máis información nos telf. 986 366 381 durante a mañá ou no 986 224 457 de 17 a 19 h.

MUSEOS E MOCIDADE
Baixo este lema o MARCO celebra o *Día Internacional dos Museos*, con xornadas de portas abertas e multitude de actividades destinadas a todos os públicos pero especialmente ao infantil e xuvenil. Desde este xoves 18 e até o domingo 21 ás 12 e 18 h. poderemos visitar a mostra *Urbanitas* acompañados por algún dos artistas participantes, que estarán dispostos para falar do seu traballo "a pé de obra"; no mesmo horario poderemos gozar coa proxección en continuidade dunha selección dos mellores traballos das pasadas edicións dos festivais de cinema dixital ***ArtFutura*** e ***Resfest;*** o venres 19 de 18 a 20 h. e o domingo 21 de 12 a 14 horas organízanse no *Laboratorio das Artes* o **obradoiro para familias *Siluetеando;*** e o venres de 17:30 a 20:30 e o sábado e domingo de 11:30 a 14:30 no *Vestíbulo* os máis cativos terán agasallos e sorpresas no obradoiro *Look urbanita*. O venres ás 17 e 20 h. e o sábado ás 12 e ás 20 h. preséntase en colaboración co festival ***Isto Ferve 06*** organizado por **Teatro Ensalle** o espectáculo de danza ***Con permiso,*** da compañía **Pisando Ovos,** que nos irá mostrando os distintos espazos e salas da exposición *Urbanitas,* na que se inspira. O sábado de 11 a 14 e de 17 a 20 h. na zona peonil en torno ao museo disporase dun panel que vai servir como base para crear un mural colectivo e participativo no que se ensaiarán distintas técnicas utilizadas por artistas do graffiti. Máis información en www.marcovigo.es

■ CINEMA

LOS CHICOS DEL CORO
Parellamente ao ***Utopía Son,*** o café *Uf* organiza o ciclo *Cinema e Canción* no que podemos ollar, o domingo 21, esta fita dirixida por **Christophe Barratier** no 2004. Ademais no ciclo *36 filmacións de Cantautores Xeniais*, este xoves 18 adicarase a xornada a **Jacques Brel;** o martes 23 ao francés **Leo Ferré;** o martes a **Lluís Llach;** e o vindeiro xoves 25 a **Mikel Urdangarín.**

■ EXPOSICIÓNS

XAVIER MAGALHÃES
Reviravoltas titula a súa mostra que inaugura este xoves 18 no *Centro Social Caixanova*, onde permanecerá até o 4 de xuño.

VIRGINIA PREGO
Mostra na galería *María Prego* (Luís Taboada 21, 2º) a súa obra, onde se poderá contemplar até o 17 de xuño.

HOMENAXE A FERRÍN
A *Casa Galega da Cultura* acolle unha mostra itinerante na que máis de trinta artistas galegos recrean a obra do escritor.

SONS DOUTRO TEMPO, HOXE
Podemos ollar a mostra ***O prodixio de Antón Corral*** até este sábado 20 no *Museo Leste*.

XURXO MARTIÑO
Podemos contemplar a súa mostra na galería *PM8* (Pablo Morillo 8) até o 27 de maio.

RAFAEL ÚBEDA
Na sala I do *C.S. Caixanova* podemos ollar, até este domingo 21 de maio, unha interesante mostra antolóxica que repasa o traballo do magnífico pintor pontevedrés.

A OUTRA CARA DE ÁFRICA
O *Verbum-Casa das Palabras* acolle esta mostra até o 31 de agosto.

IMPRESIONISMO
A sede da *Fundación Barrié* acolle a mostra *Obras mestras do museo Wallraf-Richartz-Fundación Corboud*, formada por unha coidada escolma de 41 paisaxes realizadas por artistas da talla de **Courbet, Pissarro, Daubgny, Sisley, Monet, Renoir, Cézanne, Gauguin, Toulouse-Lautrec** ou **Matisse.**

URBANITAS
O MARCO presenta a interesante mostra ***Actitudes urbanas da arte galega actual*** que podemos ollar na sala da Planta Baixa até o 18 de xuño. Como complemento desta mostra temos ***Videourbanitas*** no *Espazo Anexo* até o 11 de xuño.

■ MÚSICA

AMADOU & MARIAM
Esta parella de artistas de Mali, con influenzas do pop dos 70, o blues, ou o reggae, presenta este sábado 20 no *C.C. Caixanova* o seu novo traballo ***Dimanche a Bamako,*** no que contan coa colaboración de **Manu Chao.**

Convocatorias

INDUSTRIA AGROALIMENTARIA
A sede da *Fundación Barrié* da **CORUÑA** acolle, o xoves 1 de xuño, un seminario sobre As perspectivas das actividades agroalimentarias galegas ante os novos mercados, organizado por **Francisco Sineiro** e **Fernando González Laxe,** no que se contará con aquelas empresas e asociacións que son líderes nos seus respectivos ámbitos de especialización e enfatizarase nas dimensións e posicionamentos dos mercados, ademais de analizárense as vantaxes comparativas e competitivas de cada unha das actividades agroalimentarias. As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse previamente, de forma gratuíta, en www.fbarrie.org.

100% ALGODÓN
A *A.C. Arela* do Porriño convoca o I concurso galego de Deseño de Camisetas, iniciativa pioneira que trata de recoñecer a cantidade e calidade dos traballos que se están a facer na Galiza no eido do deseño, tendo como soporte as camisetas, admitíndose todo tipo de deseños, estampados, bordados, customizados, etc... Pode participar no concurso calquera persoa, que presente unha ou dúas camisolas cun deseño orixinal, con total liberdade de técnica, material e tema, empregando prendas comerciais en tela, de calquera tipo e talla. Se o deseño inclúe textos, estarán escritos en lingua galega. A data límite de entrega será o 31 de maio, que se fará no *C.C. do Porriño* ou por correo á *A.C. Arela*, no apartado 232 do **PORRIÑO.** O traballo gañador recibirá un premio de 600 euros. As camisolas recibidas exporanse nas rúas da vila, e no blog do concurso, www.cenporcen.blogspot.com, onde tamén se poden consultar as bases completas.

II PREMIO CASTELAO
A Deputación da Coruña promove este certame de banda deseñada, no que poden participar todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade que presenten narracións en banda deseñada inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra (un guionista e un debuxante). A temática será libre, podendo tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias. Os traballos presentaranse por duplicado e en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados co guión e o debuxo finalizado, cun formato de mancha de 26 x 19 cm., ou proporcional, nun DIN-A4 como mínimo e DIN-A3 como máximo, e cunha extensión mínima de 48 páxinas e máxima de 64. No caso de que, a maiores, os traballos se presenten en soporte dixital, deberán figurar a tamaño final (26 x 29 cm.) e en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, ou 600 ppp para branco e negro, en soporte CD e formato TIFF. Para a súa valoración enviaranse copias encadernadas en DIN-A4 con calidade láser. As obras presentaranse baixo un título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior, e contendo no interior o nome e apelidos do autor ou autores, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono, antes do 31 de maio na Deputación da **CORUÑA** (Avda. Alférez Provisional s/n 15006). No caso de autoría conxunta, deberá incluírse un documento aclarando a participación de cada quen e a porcentaxe do premio pactada entre os autores, asinado por eles. O gañador recibirá un premio de 6.500 euros e a edición da obra, para o que se lle requirirán os orixinais , que ademais figurarán nunha exposición itinerante.

IX BIENAL DE GRAVADO
Caixanova promove unha nova edición deste recoñecido certame internacional no que poden participar artistas cun máximo de dúas obras, inéditas e orixinais, dunha medida que non poderá ser inferior aos 50 cm por algún dos seus lados, nin superior a 70 x 100 cm. Os traballos entregaranse ou remitiranse, antes do 30 de xuño, á *Unidade de Xestión de Obra Social* (Praza Maior 4, 32005) de **OURENSE.** Máis información e solicitude das bases no teléfono 988 391 746, a través do fax 988 391 751, do correo electrónico ourense@centrosocialcaixanova.com, ou en www.caixanova.es.♦

D.O.G.

CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL

Convócanse axudas a programas agrarios para a mellora técnica e o desenvolvemento sustentábel dos sistemas produtivos agrícolas. Poderán acollerse a estas axudas, con caracter xeral, calquera entidade agrícola, persoa física ou xurídica, vinculada ao sector agrario galego. Toda a información está recollida no DOG de 17 de abril de 2006.

CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Véñense de convocar axudas a estudantes universitarios para a realización de cursos de idiomas no exterior e para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares. As actividades para as que se solicita a axuda serán realizadas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2006, ambos os dous días incluídos. O prazo para presentar as solicitudes conclúe o 19 de maio. A información completa referida a estas axudas pode consultarse no DOG de 18 de abril de 2006.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Estabelecense as bases polas que se rexerá a concesión da prestación familiar por fillo menor a cargo así como a convocatoria destas axudas para este ano. Poderán ser beneficiarias aquelas persoas que teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos e que, por razón de ingresos obtidos durante 2004, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período. As solicitudes deberán presentarse antes do 30 de maio. A información completa está recollida no DOG de 19 de abril de 2006.♦



Lingua e Literatura
4º ESO

Agora que os libros de texto de 4º de ESO son gratuítos, o Consorcio Editorial Galego ofrece novos manuais para Lingua e Literatura e Sociais. Máis información no telf. 986 405 051

Sociais
4º ESO

Novos libros de texto para secundaria.

CONSORCIO editorial GALEGO



Christina Rosevinge está de concerto o venres 19 na *Fábrica de Chocolate* en VIGO.

UTOPÍA SON
O *Foro Utopía*, o *Coro Zeca Afonso* e o café *Uf* organizan a ***I Mostra de canción de autor,*** na que todos os venres ás 23:30 h. até o mes de xullo terá lugar un concerto de cada un dos cantautores que optan a un premio de 600 euros para a mellor canción presentada. Este venres 19 vai tocar **Peter John Baldwin del Castillo;** e o vindeiro venres 26 poderemos escoitar a **Xosé Constela Vega.** Este ciclo trata de mostrar todo o relacionado coa canción de autor, a través de exposicións, libros, discos, audicións, revistas, etc

A Rede

MANCOMUN
www.mancomun.org

Páxina electrónica da Iniciativa Galega polo Software Libre que impulsou a Consellaría de Innovación, Industria e Comercio. Os seus obxectivos son facilitar o desenvolvemento industrial das fábricas galegas de programas, achegar a Sociedade da Información á sociedade galega e promover o uso de aplicacións informáticas na nosa lingua.♦

EL CUBO
Esta banda toca este xoves 18 *Fábrica de Chocolate*, xunto con **Bruyah.** O venres 19 teremos no mesmo local a **Christina Rosevinge** e a **Plan 9;** o sábado 20 o concerto é de **Mala Reputación** e **Malas Pulgas;** o luns 22 serán **Manikins** e **The Tunas;** o martes 23 **Paul Camilleri;** o mércores 24 **Hot3sss;** o vindeiro xoves 25 **Tijuana Sauce;** o venres 26 **Manolo Kabezabolo** e **King Putreak;** e o sábado 27 **Femme Fatal.** Máis información en www.fabricadechocolateclub.com.

JIMENEZ DEL OSO
Xunto cos **Iribarnes,** tocan o sábado 20 na *Iguana Club*. O martes 23 teremos aos italianos **Banda Bassotti** presentando o seu novo disco *Vecchi Cani Bastardi*. O rock dos norteamericanos **Marah** soará o mércores 24, nun concerto no que estarán acompañados por **Gina Villalobos,** a nova princesa americana do country rock.

SINSAL 4.0
O festival ***Música para catro estacións*** presenta para a ***Estación Primavera*** tres proxectos destacados da escena nórdica. O vindeiro venres 26 de maio temos no *MARCO* ás 21 h. a **Pan Sonic,** os artistas máis coñecidos e activos de Finlandia, e ao sexteto noruegués **Salvatore,** por unha entrada anticipada á venda por 10 euros (socios) e 12 en *Sinsalaudio, Gong, Elepé* e *Libraría Plaxio*, ou por 15 na billeteira. O sábado 27 á mesma hora actúan as **Midaircondo,** tres mozas suecas procedentes do mundo das performances visuais e a improvisación electrónica. O acceso a este concerto é gratuíto co pase da ***Estación Primavera*** ou por 3 euros no *MARCO*.

■ **TEATRO**

CARAMUXO
Este sábado 20 de 11:30 a 12:30 celébrase na *Biblioteca Pública Central* o programa para crianzas ***Os sábados conto.*** O vindeiro sábado 27 poderán gozar co relato ***Por qué os elefantes teñen trompa?,*** de **R. Kipling.**

Vilanova de Arousa

■ **TEATRO**

A GATA CON BOTAS
Este sábado 20 **Sarabela** representa esta obra na *Casa da Cultura*.

Trinxerpe

■ **ACTOS**

LETRAS GALEGAS
A *Tenencia de Alcaldía* acolle este venres 19 ás 19:45 unha conferencia a cargo do historiador **Dionisio Pereira** sobre ***Os mariñeiros galegos nas loitas sociais do Trintxerpe republicano.*** O sábado 20 haberá no mesmo lugar ás 12 h. da mañá unha proxección do vídeo ***Ánxel Casal, a luz impresa;*** o domingo 21 celébrase ás 12:30 h. unha misa en galego na *Parroquia de Nosa Señora da Asunción*, no *Poboado de Pescadores* e, ás 13:30, fáraselle unha *Homenaxe a Castelao*, na súa rúa, coa actuación dos gaiteiros Novas Fontes de Hernani.

Anuncios de balde

■ **Alúgase habitación a partir de xullo,** con dereito a cociña e baño propio en piso novo na zona de **Conxo, en Santiago de Compostela.** Piso amoblado e exterior moi acolledor, a 10 minutos dos hospitais e do Campus Sur. Preferíbel persoa que traballa e se quede alomenos un ano. Contacto no 687 581 137.

■ **Na frecuencia de zimmer103 (www.zimmer103.blogspot.com)** e desde os estudos Grozni de Ribadeo prodúcese o modesto e arrolador ***podcast Ouveos na noite.*** Converte o teu ordenador nun moderno transistor do século 21 para sentir os ouveos e música contemporánea desta emisión sucedánea das emisoras árabes da AM.

■ **Véndese coche xemelgar completo por 150 euros** en Santiago. Preguntar por Teresa no 981 576 832 ou 650 768 973.

■ Negocio a **adquisición dun só nº da actual xeira d'A Nosa Terra,** para completar a colección. É o 680 (29 de xuño de 1995). Aínda que a miña economía é ben humilde serei xeneroso na miña oferta. Tratamos o asunto no 981 664 179. Preguntade por Xesús.

■ O **Comité de Defensa dos Presos *Concepción Arenal*** naceu hai dous anos, en Vigo, da sensibilidade dun grupo de persoas cara a situación da poboación penitenciaria galega. Desde entón levamos desenvolvido actividades asistenciais e culturais na cadea, e asesorando e orientado nos seus dereitos. Facemos un chamamento a quen queira colaborar (do xeito que sexa) para que se poña en contacto con nós, no telf. 986 291 722 ou no apdo. 6068 36210 de Vigo.

■ **Vendo cachorros de Golden Retriever** con *pedigree,* vacinados e desparasitados. Telf. 986 304 970.

■ **Regalo gatiños en Vigo.** Preguntar por Ana Rosa no 619 107 706.

■ **Alúgase vivenda en Beade (Vigo),** a 200 metros da autovía da universidade, preto do parque tecnolóxico, por 360 euros. Chamar ao 665 955 770.

■ **Alúgase casa en Penalva (Nogueira de Ramuín),** en plena **Ribeira Sacra,** por fins de semana ou vacacións. Completamente equipada e con garaxe. Telf. 661 642 070 ou 986 376 022.

■ **Urxe profesor/a nativo/a de inglés** para centro de formación en Compostela. As persoas interesadas deben enviar CV con foto a compostelaempleo@yahoo.com.

■ **Busco traballo como coidadora de crianzas,** limpeza ou para cafetaría. Con experiencia. 639 505 806.

■ **Psicólogo especializado** en modalidades de **intervención para inmigrantes.** Posibilidade de prevención, reformulación ou resolución de conflitos vencellados a necesidades de integración na cultura de acollida. Para particulares e institucións da comunidade. Primeira consulta de balde. Telf. 981 134 144.

■ **Inglés impartido por nativa bilingüe** diplomada pola Escola Oficial de Idiomas. Todos os niveis, conversa, apoio, recuperacións, tradución, fonética, cursos para pequenas empresas/institucións. Se queres aprender inglés de verdade, chama ao 625 692 813.

■ **Traspásase, por enfermidade local comercial** a pleno rendimento. Bazar, venda de caramelos e bombóns e libraría no centro de Pontevedra. Telf. 886 208 703.

■ **Arréndase piso en Ribadeo** nos meses de xullo e agosto. Telf. 982 120 839 / 676 727 518.

■ **Particular vende W-Golf PO-W** con ITV por 600 euros. As persoas interesadas poden chamar ao telf. 679 421 169.

■ **Véndese moto Yamaha Virago** 535 cc. en Vigo. Telf. 647 838 080.

■ **Alúgase casa de campo completa en Meira (Lugo),** á beira do nacemento do río Miño, con 3 cuartos duplos con baño incorporado, cociña, calefacción e 10.000 m² de finca, por temporadas. Chamar ao 686 753 105.

■ A *Gentalha do Pichel* informa que **está disponível um dos escritórios** de que dispom no Centro Social *O Pichel,* na rua Santa Clara 21, **em Compostela.** O preço do aluguer é de 150 euros por mês. Contacto: xentalha@agal-gz.org

■ **Alúgase apartamento en Lira (Carnota)** a 50 m. da praia. Terraza con vistas a Fisterra. Completamente equipado para 4 persoas. 1ª quincena xullo 460; 2ª quincena xullo 560; 1ª ou 2ª quincena agosto 570; e 1ª quincena setembro 460. Telf. 981 761 144, 666 843 997.

■ **Ofrécese home de 57 anos para coidar casas ou fincas na zona de Vigo** ou arredores, todo o ano e tamén por temporada. Preguntar por Miguel no teléfono 629 905 525.

■ Quero **traballar nunha aldea en calquera traballo.** Telf. 666 627 459.

■ **Busco traballo en empresas de transporte** (carnés B,C,E) para Galiza, España e Europa. Telf. 662 170 654.

■ **Coido crianzas, anciáns e,** tamén, **fago limpeza** de casas. Telf. 666 627 459.

■ **Ofrécese Licenciado en Filoloxía Galega** (Apto no CAP) para traballar en traducións, editoriais, docencia non pública, revistas, corrector ortográfico, etc. Contactar no 619 991 876 (polas tardes).

■ Véndese **carriño para xemelgos *Jané Sukpertwin,*** con cambotas para a chuvia, por 150 euros. Telf. 986 470 203.♦

Porto

■ **CINEMA**

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAS
Terceiro ano consecutivo deste festival que ten como principio a liberdade sen restricións nen condicionamentos e que abranxe mercado e mostras de escolas con espírito novo. No Auditorio da Biblioteca Municipal Almedida Garrett desde o xoves 18 até o sábado 20.

■ **EXPOSICIÓNS**

MUSEU SERRALVES
O Museu de Arte Contemporánea de Serralves organiza visitas orientadas ás exposicións (sábados ás 17 e 18 h. e domingos ás 12 e 13) que permite o encadramento e contextualización das mesmas; visitas orientadas aos espazos arquitectónicos (domingos ás 15 e 16 h.), o edificio do museo é da autoría de Álvaro Siza, e serven para relacionar a arquitectura coa casa e o xardín; e visitas guiadas ao parque (domingos ás 11 e 12 h.), posibilitando o recoñecemento do seu valor paisaxístico, ecolóxico e estético. Para as dúas primeiras precísase o billete de entrada ao museu e para a última o de entrada ao parque.

■ **MÚSICA**

CLIVE BELL & MIKE ADCORK / BOL
Programa paralelo Cristopher Williams no *Auditorio de Serralves* o sábado 20 ás 22 h. O xoves 25 continúa no mesmo lugar e hora con **Blank / Uské Orchestra:** Blank reune unha das máis importantes figuras emerxentes do free-jaaz europeu, Rüdiger Carl e dous dunha xeración máis recente como son Oliver Augst e Christpoh Korn; coa Uské Orchestra vémonos enmarañados nunha mestura frenética de unha miriada de sons.

GRUPO DE PERCUSSÃO DA ESMAE
En concerto este domingo 21 ás 18 h. no teatro Helena Sá e Costa.

KRONOS QUARTET
Na sala 1 da Casa da Música ás 23 h. con entrada a 15 euros o mércores 24♦

Non vos riades que o conto é triste

Este edificio vigués de seguro está catalogado como Ben de Interés Cultural e, a maiores, gozará dalgún tipo de protección patrimonial. Aínda así anunciantes e multinacionais campan ao ancho e longo do seu deseño arquitectónico orixinal deturpando a obra de quen o imaxinou. Cando rematará a agresividade publicitaria nas nosas cidades e a impunidade coa que se exerce?♦

A NOSA TERRA
Ano XXIX.
IV Xeira.
Nº 1.223
Do 18 ao 24 de maio do 2006
Nº 01223
8400021303104

VOLVER AO REGO

Martes 16. 16 horas. A TVG entrevista, no Programón, a Carmen Posadas. Non vai falar do punto de cruz, senón de literatura. Horario e duración da entrevista foron de privilexio, comprensíbeis se se tratase de Marsé, Vargas Llosa, Jelinek ou Auster, pero moito menos no caso de Posadas. Pode que os directivos da TVG o xustifiquen polo *share*, por aquilo de que se trata dunha "famosa". Aínda que ese seña un argumento discutíbel, ademais de que para esa viaxe non fai falta unha canle como a galega. Por certo, o programa de libros en galego é o mércores de madrugada.♦

Director: Afonso Eiré López. **Empresa Xornalística Editora:** Promocións Culturais Galegas S.A. **Presidente:** Xosé Fernández Puga.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

PACO VILABARROS

Montse Irago

'Despedíronme por falar en galego'

H. Vixande

Montse Irago é unha Graduada Social que foi despedida dunha xestoría de Pontevedra por falar galego. Outro dos requisitos que tiña que cumprir para traballar era usar traxe, tacóns e ir maquillada.

Despedida por falar galego.

Traballaba noutra empresa e presenteime a unha proba de selección realizada por psicólogos. Fíxena en galego e escolléronme entre outros candidatos. Entón, falei tamén en galego coa xefa da xestoría. Chegamos a un acordo e pedín a conta na outra empresa. Despois, a xefa, coas iniciais M.C.F.F., convocoume a unha reunión para falar dun par de flocos.

Cales eran?

Que non podía falar galego no traballo, nin cos compañeiros nin cos clientes, e que tiña que ir con traxe, pantalón ou saia con chaqueta a xogo. Tamén debía levar tacóns e ir maquillada. Os homes non tiñan este requisito, pero, segundo dixo, as mulleres vendíamos imaxe.

Cumpriu?

Díxenlle que si pero que aviseina de que non falara castelán nunca. Entón foi tallante: nada de galego.

Agora que quere, reclamar poder falar galego?

Claro. Ela, asustada, preguntoume se sabía escribir castelán. Díxenlle que si sabía e que, de todas formas, eu non escollera a lingua, que a lingua me escollera a min.

Levaba moito tempo na empresa que deixou?

Nove anos. Era unha empresa do centro da Coruña e alí sempre falei e escribín galego e, a pesar de que os clientes falaban castelán, nunca tiven ningún problema.

Entón foi unha fichaxe.

Á miña xefa de Pontevedra gustoulle o meu currículo e pensou que podía "quitarme" iso do galego. Unha chica mona, ben vestida e maquillada, como ía falar galego? Se es mona e falas castelán, dá igual que sexas unha taruga. Para que iría eu á universidade!

Os tacóns tiñan que ser dunha lonxitude concreta?

O traxe e os zapatos eran condicións para o traballo, aínda que non o dixo até despois de que aceptase o posto de traballo. Díxenlle que non podía levar tacóns porque me fan dano ás costas. Entón díxome que non necesitaba que fosen de cinco centímetros.

Que amábel!

Do traxe díxenlle que o compraría cando gañase diñeiro. Ofreceume prestarmo e negueime. Tiven que ter aceptado, porque por menos de 250 euros non arranxas.

E que fixo ao chegar ao traballo?

O primeiro día, falar castelán con todo o mundo. O segundo, galego cos compañeiros e cos clientes por inercia.

Tardou moito en despedila?

Unha semana. Alegou extinción dentro do período de proba e, de palabra, engadiu: "es que te dije que no hablases gallego".

Mandouna ao paro.

Non, quedei sen el porque a baixa do traballo anterior foi voluntaria. Díxenllo e ofreceume manter tres meses a alta na Seguridade Social para cobrar o paro. É dicir, ofreceume conivir con ela para conseguir fraudulentamente unha prestación.

Denunciouna?

Si, non podo estar en peor situación. Quixera que houbese un listado de empresas que non discriminan aos que falamos galego para pedir traballo nelas. A xente deixa o galego cando entra nun posto de traballo.

Agora que pensa facer, vender os zapatos de tacón?

Os zapatos non os comprei, pero o traxe si. Pero non foi o peor, o que non se paga con nada é que pisen a dignidade. Temos un idioma cooficial que é o galego. Reclamo poder falalo, eu non obrigo a ninguén a facelo.♦

O siñor Afranio

Ou como me rispei das gadoupas da morte.

Memorias dun fuxido

ANTÓN ALONSO RÍOS

Un dos libros centrais da cultura galega de todos os tempos.

Escrito para narrar a historia de Afranio; un esmolante que na Galiza do 36 agachaba a personalidade de Antón Alonso Ríos. Un deputado galeguista que, de aldea a aldea, fuxe durante tres anos dunha morte segura a mans dos franquistas.

A NOSA TERRA

A Nosa Terra
Nº 1.223
Do 18 ao 24 de maio do 2006
Ano XXVIII

Fundador de *A Nosa Terra* e da Real Academia Galega

Resulta insólito que despois de máis de corenta anos celebrando o Día das Letras Galegas, sigamos resgatando da práctica ignorancia social, a personaxes de grande relevancia. Neste caso Manuel Lugrís Freire ten con nós unha singular vinculación porque en 1907 foi un dos fundadores da cabeceira *A Nosa Terra*, que está daquela a piques de cumprir o seu centenario. Pero ese labor fundador de Lugrís non tivo límites. En Cuba xa estivera entre os promotores d'*A Gaita Galega* a primeira publicación monolingue galega editada na emigración.

E tamén é promotor da Real Academia Galega, que chegou a presidir, ou dos activistas inaugurais do grupo agrarista Solidaridad Gallega e máis tarde primeiro carné do Partido Galeguista e así un longo etcétera de nacementos que contaron coa súa presenza. A carón de todo esta biografía de militancia galeguista o *vello Lugrís* desenvolveu unha sólida labor literaria, que é a que principalmente se lembra neste 17 de maio, prodigándose en todos os xéneros.♦

Manuel Lugrís Freire na Galiza contemporánea

Henrique Rabuñal

Lugrís Freire gastou o mellor de si en facer Galiza, en defender o idioma, en crear organizacións culturais e políticas proprias, en desenvolver un teatro de noso, en entregarnos unha obra literaria e xornalística valiosa. El coñecía as desventuras da nosa lingua e as fazañas dos protagonistas do rexurdimento –moitos deles amigos e mestres seus. Sendo un mozo de vinte anos dirá que Galiza é unha nación cunha identidade definida.

Falo de don Manuel Lugrís Freire. Del e de *L.U.Gris, K.Ñoto, Roque d'as Mariñas, Manecho, Asieumedre*. Levo dúas décadas seguíndolle as pegadas na historia galega, escrutando a súa palabra e o seu teatro, destilando a súa mensaxe, viva e eficaz. No ano 1990, cincuenta despois do seu pasamento, evocamos a figura do vello patriota cando un muro de silencio sobre el parecía levantado polos que se conforman cun galeguismo *light* e inauténtico. Vexo en Lugrís a biografía de quen abrazou a causa galega desde a súa mocidade en Sada e xa non foi quen de abandonala ao longo de case oitenta anos de lúcida existencia.

A chamada da Galiza é unha chamada profunda. Aconteceulle ao Lugrís. Ouviu no corazón das mariñas betanceiras que a patria turraba por el e entregoulle unha biografía exemplar que nos permite percorrer a nosa historia colectiva desde o *boom* dos anos 80 ata os dramáticos anos da guerra civil cando o esterco se apoderou dos soños.

Foivos emigrante en Cuba e desde a distancia non deixou de facer patria galega. Non se esquecía de Dexo, nin de Fontán, nin dos soutos nin das searas, nin da naiciña, pero con vinte anos ao lombo, logo de traballar catorce horas apúntase a todas as iniciativas que teñen no servizo a Galiza a súa bandeira. As prosas daqueles días revelan un personaxe cultivado, sensíbel e por riba de todo galeguista.

Proba de que non esquece a súa terra é a versión que ofrece da lenda *O penedo do crime*, a fundación con Armada Teixeiro de *A gaita gallega* ou a edición do poemario *Soidades* no que o noso autor desvela o seu universo íntimo de galego emigrado. E sobre todo a súa entusiasta participación nos eventos de afirmación nacional galega que o van levar a redixir o seu primeiro texto teatral, aínda en verso, *A costureira de aldea*, co obxectivo de conformar un teatro de noso na nosa lingua e tamén de erguer –palabra moi súa–, o noso idioma.

A viaxe de volta á terra producese en 1896. O escritor vén coa súa esposa Conchita cuxa perda o vai aproximar á desesperación como testemuña o seu novo poemario *Noitebras*, dedicado á esposa falecida. A Coruña tiña reservado para el unha nova familia desque coñece á pianista Pura González Varela –a nai de Urbano, o compadre do noso Avilés de Taramancos– e desque lle abren as portas da Cova Céltica, a súa particular universidade e o lugar no que se cociñan algúns dos máis importantes proxectos da vida cultural e política do país.

Turrou por render homenaxe aos Mártires de Carral, practicou unha lusofilia que vía nos portugueses aos nosos irmáns, puxo o seu gran de area en moitísimas publicacións, e foi da man dos galeguistas da súa hora. Aqueles que botan a andar a Liga Gallega da Coruña ou a mesma RAG e xa no plano teatral a celebrada Escola Rexional de Declamación, unha institución que tivo en Lugrís un provedor de textos e un dos seus presidentes.

Coma home de teatro, Lugrís uniu as dúas beiras da nosa historia, a do rexionalismo e a do nacionalismo. Esta Escola de Declamación levou ao palco escénico as súas obras *A ponte, Minia* e *Mareiras*. Con el o teatro galego aproxímase á xente e aos problemas da xente, modernízase, substitúe o verso pola prosa, négase a un literaturismo excesivo, convértese en social, fala dos caciques e da inxustiza, dos abusos e das eivas democráticas. Lugrís quere que o teatro galego se escoite nas vilas, onde vive a burguesía, onde algúns seica teñen reparo en falar galego.

A Escola pon o teatro en galego na casa do teatro en español, aspira a concederlle idéntica dignidade. É unha ousadía. A de Eduardo Sánchez Miño. Lugrís bota combustíbel na tentativa. Coa súa palabra renovada e áxil.

No ámbito sociopolítico, en 1907 é un dos promotores de *Solidaridad Gallega*, colaborador de A Nosa Terra, participando en diversos mitins como no mítico de Betanzos o 6 de outubro de 1907, considerado o primeiro dos celebrados na nosa lingua.

En 1916 asiste á fundación da primeira Irmandade da Fala, asumirá o seu ideario nacionalista e participará nas súas actividades. O ideario nacionalista é o seu. Nótase no novo teatro que fabrica, comedia en clave galeguista que pode estrear un Coro e a Escola Dramática Galega. Testemúñao no poemario Versos de loita no que inclúe unha emblemática Cántiga dos amigos da Fala.

En 1923 ábrenselle as portas do Seminario de Estudos Galegos e as da revista *Nós*. O vello petrucio aínda ten folgos para darlle ao galeguismo unha *Gramática do idioma galego* escrita en idioma galego. Outra ousadía de Lugrís. E volve á poesía co seu libro de libros: *Ardencias*.

> "Participou do entusiasmo republicano e Castelao recoñéceo cando en 1931 se lle outorga o primeiro dos carnés do Partido Galeguista. Ten folgos para traballar polo Estatuto do 36 e no seu día votalo conmovido"

Cando ten ocasión pon a Sada polas nubes, chochea evocando a Cuba, tece a toponimia máis amada, participa do entusiasmo republicano e Castelao recoñéceo cando en 1931 se lle outorga o primeiro dos carnés do Partido Galeguista. Ten folgos para traballar polo Estatuto do 36 e no seu día votalo conmovido.

En xuño de 1934 é designado presidente da RAG. Era o agasallo dos seus colegas a un "venerábel patriota" e a un home "honesto e laborioso". Como presidente participa na inauguración do monumento a Curros realizada por Alcalá Zamora e traballa na edición do volume Poesías de Pondal que contén o discurso que sobre o Bardo pronunciara no Seminario de Estudos Galegos.

En agosto de 1935 debe deixar a Academia. Os terríbeis anos da guerra víveos na súa casa de San Andrés na que morre o 15 de febreiro de 1940, aos 77 anos, sendo enterrado no cemiterio de San Amaro. O meu mestre e amigo Jenaro Marinhas del Valle víao coma un neno grande, cando non saía da casa, choroso e impotente.

O ano 2006 é ocasión para restaurar a memoria dun dos máis fieis galeguistas, unha personalidade que co seu labor literario e teatral, co seu compromiso civil e patriótico axudou a que Galiza avanzase como país. Viva en todos nós Manuel Lugrís Freire.♦

Henrique Rabuñal é autor do libro *Manuel Lugrís Freire*, Colección Esencias de Edicións A Nosa Terra.

2 ***Lugrís e Solidaridad Gallega. Laicismo fronte a clericalismo*** Xesus Torres Regueiro

4 **Manuel Lugrís Rodríguez: 'O meu avó foi un fundador, da Academia ao PG'** Perfecto Conde

5 ***Manuel Casás, unha vida no turbillón*** Ernesto Vazquez Souza

8 ***Sempre chove em A Corunha*** Miguel Lopez Calzada

10 ***Lois Tobío, tradutor políglota e exquisito*** Emilio Xosé Ínsua

Lugrís e *Solidaridad Gallega*

Laicismo fronte a clericalismo

XESUS TORRES REGUEIRO

Lugrís Freire participou activamente no movimento de Solidaridad Gallega dende primeira hora e mesmo interviu nunha chea de mitins en Betanzos, Sarandóns, Meixigo (Cambre), Pontedeume, Cabanas, Sada (en varias ocasións), Lubre (Bergondo), Oza, San Sadurniño…, case sempre acompañando aos membros do Casino Republicano coruñés que adoitaban intervir neles: Casares, Martín, Gradaille, Andión, Seijo, Castillo…

Os seus *Contos de Asieumedre*, de intención solidaria e pedagóxica, difundidos na prensa solidaria e rexionalista e a través dunha edición de ¡dez mil exemplares! (segundo algunhas fontes) realizada pola xunta solidaria da Coruña, eran un complemento das súas prédicas oratorias, nas que a veces recurría aos mesmos contos. A publicación, adornada con debuxos do betanceiro Fernando Cortés (autor tamén das primeiras cabeceiras de *A Nosa Terra*), chegou a ter unha segunda edición. Probablemente se distribuíra nos mitines, como se facía co *Catecismo Solidario* (remedo do célebre *Catecismo do labrego*), elaborado por Uxío Carré Aldao, que acadou unha difusión extraordinaria para a época.

Solidaridad Gallega foi un movimento rexenerador da política e sociedade galega, un pouco a imitación da Solidaritat Catalá, que acadou a súa meirande relevancia no agro e na vida rural do país. Aglutinou a grupos e seitores ideolóxicos marxinados do poder e da política oficial da Restauración canovista: republicanos, carlistas e tradicionalistas, rexionalistas e, no caso de Betanzos, incluso a socialistas agrarios como Bernardo Miño, quen había ser xulgado en 1909 por "injurias a la Patria". Había mesmo quen se reclamaba "solidario de la izquierda", como o que chamaba a atención a *La Defensa* por dedicar frases de louvanza ao Marqués de Figueroa, máis non debían ser moitos.

> "*Solidaridad Gallega* foi un movimento rexenerador da política e sociedade galega, un pouco a imitación da *Solidaritat Catalá*, que acadou a súa meirande relevancia no agro e na vida rural do país"



Mitin agrarista en Betanzos o 6 de outubro de 1907 no que interviu Manuel Lugrís en galego.

O seu discurso anticaciquil e redentor tivo un grande impacto no agro galego, aínda que limitado aos distritos de Betanzos, Pontedeume, Arzúa, Carballo, Ordes, Monforte (onde se celebrarán as Asembleas agrarias) e algúns puntos aillados do país. O seu obxectivo político será a conquista dos concellos rurais desartellando as redes de poder establecidas e o control da xustiza nos chanzos primarios (xuíces municipais).

Solidaridad Gallega na vertente agraria que lle deu pulo e destaque nace na bisbarra de Betanzos, e máis concretamente en Oza dos Ríos da man dos irmáns Golpe, Salvador (presidente da Liga Gallega e secretario da Academia Galega) e Xoán, de onde eran orixinarios. Este, xunto co avogado tradicionalista Vítor Naveira Pato (quen escribía o apelido con y) será o seu líder na bisbarra betanceira e aínda noutros concellos da antiga provincia de Betanzos. Non é o único caso de avogados dirixindo sociedades agrarias: a de Celas, en Culleredo, por exemplo, presídea un avogado. O rexionalismo, aínda que neste caso de tendencia moderada ou conservadora e con relacións co carlismo, estará pois no xermolo do movimento, tendencia que se verá matizada co aporte do rexionalismo liberal e o republicanismo coruñés.

Houbo un momento en que na zona rural Solidaridad comezaba a irselles das mans aos seus dirixentes, sobrepasados pola realidade social. Falouse dunha "Mano negra mariñana" e dun clima de terror. O poder caciquil sentíndose ameazado botou man dos seus resortes. Os gobernos civís e a garda civil traballaron intensivamente. Houbo detencións, mesmo dos dirixentes Golpe e Naveira. Moitas das causas denunciadas terminan sendo sobreseídas: tala de viñas e pinos, incendios de palleiros e arborados en Paderne, Cesuras, Irixoa, Aranga e Oza; palizas e feridos, boicots…. Algúns medios botan leña ao lume e esaxeran os feitos, acusando aos solidarios de anarquistas, nada menos. O asunto tivo repercusión na prensa madrileña e chegou mesmo ao Congreso con interpelacións sonadas. Durán é quen mellor ten analizado o fenómeno de Solidaridad Gallega nos seus estudos sobre o agrarismo galego.

O semanario betanceiro *La Defensa*, "órgano de las sociedades de agricultores", (dirixido por un mozo Wenceslao Fernández Flórez, quen deixa a dirección xusto coa constitución de Solidaridad Gallega, aínda que continuará como colaborador) foi un dos grandes defensores do agrarismo solidario, da man de Xoán Golpe e Vítor Naveira, non só nas Mariñas senón en toda a zona de influencia destes dirixentes: Arzúa e bisbarra eumesa. *La Defensa* exalta un anticaciquismo radical, que ven enraízado nos que detentan o poder municipal e provincial, e defende a redención foral pagada a un prezo razoábel. Non en balde algúns dos seus dirixentes son grandes propietarios de terras (como os propios Golpe e Naveira; do presidente da sociedade de Meixigo, Eduardo González, dise que ten unha finca de 350 ferrados toda amurallada) e moitas veces foristas. Por iso critica abertamente a posición de Unión Campesina (sindicato máis pequeno e reducida case a súa influenza á bisbarra da Coruña) ou do abolicionista Diretorio de Teis sobre a redenzón de foros: "…somos partidarios de la redención de los foros, pero en la redención justa, en un término remunerador… Fíjese una cantidad que satisfaga, que no lesione los derechos de los propietarios de los foros, y entonces aplaudiremos la idea… El precio marcado por la sociedad de Teis a la redención de los foros es sencillamente un despojo…". (*La Defensa*, 3-05-1908)

Mítines en galego e laicismo

Se ben moitos cregos eran enemigos acérrimos de Solidaridad (o de Sada, os de San Xulián de Vigo e Santiago de Adragonte manipulando nas eleccións municipais, o de Souto prohibindo a leitura de *La Defensa* e desmentíndoo logo,…), había moitos que colaboraron co movimento. Así nun mitin en Santiso (onde o representante de Solidaridad era Ricardo Sánchez, un rico propietario da comarca) en febreiro de1909 acoden cregos de Visantoña, Veigondo, Vilantime, Boimil, Arcediago e Ortoño. Na directiva do sindicato agrícola de Arzúa había catro curas, nada menos. E anunciouse tamén que os párrocos de Monfero se unían ao movimento solidario. Cando o mitin de Betanzos, con Salmerón de estrela e Lugrís facendo historia para a lingua galega, seica no balcón da farmacia de Cortiñas viase unha "numerosa representación

365 días
de lingua e cultura
Concello de AMES
Concellaría de Cultura e Deportes

Nº 1.223
Do 18 ao 24 de maio do 2006
Ano XXIX

del clero", segundo *Galicia Solidaria*, non sabemos se en calidade de curiosos ou solidarios.

A prensa adicta (*La Defensa*, *Galicia Solidaria* e logo *Solidaridad Gallega*, *A Nosa Terra*) fai sempre referencia a que Lugrís fala en galego ou "en dialecto regional" nos mitines. Precisamente, a súa intervención no multitudinario de Betanzos, que serviu para presentar o movimento e darlle repercusión, pasa por ser a primeira en lingua galega nesta clase de actos. A iso contribuiu o feito de que se conservase a súa alocución, recollida por un taquígrafo e logo publicada por *A Nosa Terra* e tamén por Carré Aldao na súa "Literatura Gallega", como un modelo da escasa prosa oratoria en galego.

As discrepancias entre os membros máis conservadores de Solidaridad Gallega e os rexionalistas republicanos fanse públicas no mesmo portavoz oficioso solidario de Betanzos precisamente nun mitin no que interviu Lugrís e por causa da súa intervención e da do republicano coruñés Xaquín Martín: "Mitin funesto", califican en *La Defensa* (nº 101, 5-07-1908) o que viña de celebrarse en Maniños, concello de Fene. Segundo o órgano controlado por Golpe e Naveira, Lugrís e Martín atacan ao clero en verbas que repoñemos como foron ditas (as de Lugrís), pois o semanario traducíaas ao español:

"Vimos a falarvos de liberdade, de dereito e de xustiza, sen medo aos lobos do ceo nin aos lobos da terra". E tratándose da tributación engadiu: "Laudemios, quintas, consumos, ovos de Pascoa, doutrina, o demo, o demo."

Pola súa parte Martín, referíndose ao crego Padre Vicent, "verdadero solidarista" segundo *La Defensa*, dicía: "Non caiades no perigo de que sexan os curas quen organicen as vosas sociedades agrícolas. Organizádeas vosoutros…" E *La Defensa* contratacaba: "¡Pueblo gallego! No te dejes reducir a la nada: si pierdes el respeto al sacerdocio, lo pierdes todo!.

O semanario betanceiro expuña o malestar dos membros da sociedade organizadora "La Necesaria" de Fene e extraía de *El Eco de Pontedeume* este comentario: "Otro tanto hubiera pasado en el monstruoso mitin del Arenal (Cabañas) si el director de *El Eco de Pontedeume* [Edmundo Roberes Alonso] y don Víctor Naveira no se hubieran puesto de acuerdo para evitar que los oradores se extralimitasen, pues para atacar a los caciques no es necesario calificar de cuervos a respetables sacerdortes."

Manuel Lugrís Freire nos tempos da Habana.

Xaquín Martín Martínez defenderíase no órgano da xunta solidaria coruñesa, *Solidaridad Gallega*, moi diplomaticamente facendo un resume da súa exposición no mitin e dicindo que o Padre Vicent predicaba a constitución de sociedades presididas polo párroco e nas que só caben os católicos, polo que de ningún xeito poderían ser consideradas solidarias, como tampouco o serían a Unión Campesina (de orientación anarquista) ou o partido republicano autónomo da Coruña, que segundo el eran as forzas que nese momento "solicitan el concurso de los agricultores y pretenden su emancipación". Lugrís non debeu respostar e Martín evita ir ao fondo da cuestión. As palabras nos mitins serían ben máis quentes e menos calculadas. Martín (futuro secretario do Concello coruñés e paseado no 36) era, como a maioría dos republicanos coruñeses citados, masón, simbólico Giner. Tamén foi masón Lugrís, cousa que se elude en moitas achegas biográficas. Alomenos foino, xa con 63 anos, na loxia coruñesa Suevia nº 4, segundo o estudoso da masonería coruñesa Alberto Valín, co nome simbólico de Servet. O librepensamento dos coruñeses era dificil de conciliar co tradicionalismo católico do outro sector solidario.

> "Tamén foi masón Lugrís, cousa que se elude en moitas achegas biográficas. Alomenos foino, xa con 63 anos, na loxia coruñesa Suevia nº 4"

> "Se a *Solidaridad* tivo importancia e influencia, semellando mesmo un revulsivo na sociedade do seu tempo, foi precisamente nas zonas rurais grazas á súa compoñente agrarista e ao seu discurso anticaciquil e redentorista"

O denominado mitin de Pontedeume, en realidade celebrado no areal de Cabanas, diante de seis mil persoas (segundo *La Defensa*, 5-IV-1908), organizado por D. Gonzalo Prego Punín, Don Edmundo Roberes e Ramón Teijeiro, dacordo coa asociaciónde mariñeiros e coa colaboración do Centro Solidario de Betanzos, fora calificado como unha "gran jornada solidaria". Lugrís e Martín falaron xunto con Miño, Golpe, Naveira, Rodrigo Sanz e representantes das sociedades de Irixoa, Monfero; Vilarmaior e Fene. Na crónica do semanario betanceiro non aparecen as queixas que surxirán despois. Por aqueles días, o 3 de abril, viña de celebrarse o enterro coruñés de Curros e os ánimos dos republicanos e rexionalistas debían andar realzados.

Con todo, Lugrís ao menos aínda falou noutros mitines, acompañando a Golpe e a Naveira logo das críticas lanzadas polo semanario que estes controlaban. O conflito interno aguantou ate despois da celebración das elecións municipais de 1909 nas que os solidarios non obtiveron os resultados agardados. Así, segundo datos proporcionados pola propia *La Defensa*, no partido xudicial de Betanzos obtivo 23 concelleiros en seis axuntamentos; no de Pontedeume 30 concelleiros en sete axuntamentos; na ampla circunscripción da Coruña (que abranguía ate Malpica) obtiveron 24 concelleiros; no partido de Ferrol unicamente obtiveron representación en Serantes e Narón; e no de Ortigueira só no de Somozas e Moeche… En total pouco máis dun cento de concelleiros. E se a Solidaridad tivo importancia e influencia, semellando mesmo un revulsivo na sociedade do seu tempo, foi precisamente nas zonas rurais grazas á súa compoñente agrarista e ao seu discurso anticaciquil e redentorista, incitando á rebeldía dunha masa campesiña que non tiña outro futuro que a emigración, e facendo crítica aberta do poder clerical, aliado case sempre do caciquismo, e ao que a poboación rural se atopaba sometido e tiña que pagar gabelas e tributos onerosos. ♦

P. CONDE

Manuel Lugrís diante da tumba do seu avó no cimiterio de Santo Amaro da Coruña.

Manuel Lugrís Rodríguez

'O meu avó foi un fundador, da Academia ao Partido Galeguista'

PERFECTO CONDE

Manuel Lugrís é neto do protagonista do Día das Letras Galegas de 2006. O seu pai era fillo da segunda muller de Lugrís Freire. Vive na Coruña, a tiro de pedra da sepultura na que descansan os restos do seu avó. É un dos nove netos do autor, do fundador d'*A Nosa Terra* e d'*A gaita gallega*.

Como leva o de ser neto dun dos bos e xenerosos?

Con moita satisfacción e con orgullo. Estes días, ademais, cun movemento que ás veces chega a cansar algo, pero que se leva tamén moi a gusto. A actividade foi aterradora. Non paran de chamarme nin de pedirme que fale do meu avó. Síntome enormemente satisfeito pola homenaxe que se lle está a facer e polo que o meu parente representa, sobre todo para a lingua. Foi un dos primeiros fundadores de moitas cousas, o uso político do galego, o galego na prensa, a Academia Galega, etc. Aínda hai pouco que souben que figurou algún tempo como director d'*A Nosa Terra*, revista na que publicou parte dos contos do seu libro *Asieumedre*, ademais de artigos de opinión e poemas.

> "Na distancia, identifico o meu avó con Xosé Manuel Beiras"

O seu avó axudou a fundar movementos e partidos políticos tamén.

Entre eles, o Partido Galeguista. Como curiosidade, pódolle contar que tivo o carnet número un do Partido Galeguista porque lle cedeu este posto Castelao en recoñecemento dos desvelos que tivo ao longo da súa vida. O de Rianxo tivo o número dous.

Cal é o principal herdo que lle deixou a vostede Manuel Lugrís Freire?

O galeguismo. E logo un interese moi grande pola propia cultura galega en todos os seus aspectos. E tamén a afección por coller o bolígrafo e porme a escribir.

Que escribe?

Algunha poesía e algo de narración. Tamén escribo artigos de opinión.

E, no aspecto material, que lle queda do seu parente?

Algúns obxectos que me chegaron a través dos meus pais e dunha tía miña.

Por exemplo?

As primeiras edicións de varios libros seus: a *Gramática*, *Noitebras* ou mesmo *As Mariñas de Sada*, que é un volume que foi primorosamente reeditado polo que no seu tempo se chamou Colexio de Sada y sus Contornos.

Non coñeceu o seu avó porque el finou antes de que vostede nacera.

Morreu dous meses antes da miña chegada a este mundo. El finou en febreiro e eu nacín o 24 de abril de 1940.

A primeira memoria que garda del, polo tanto, é contada. Como é?

A primeira cousa que me dixeron do meu avó contouma a miña nai e quedoume moi gravada na memoria. Antes de que coñecera mesmo a meu pai, viu a meu avó baixar escouceando polas escaleiras do Concello da Coruña, botando lume contra non sei que cousa. E así foi como o viu por primeira vez. Miña nai, que era filla do xefe da Policía Municipal, ía moito por alí e por iso o coñeceu desa maneira. Foi no tempo da República. Ela contábame que o home ía moi ardente, pero que ao chegar á zona do recheo xa acougou. Polo visto, tiña un carácter forte.

Vostede en que destacaría máis a figura de Lugrís?

Foi un home moi importante para o país, pero non só no campo da cultura tamén na política.

Se cadra hoxe non hai personalidades tan acusadas como daquela: o seu avó, Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Bóveda…

Hai unha nada máis, e que en certa maneira participa das mesmas facetas culturais: Xosé Manuel Beiras. É a persoa con quen eu identifico a meu avó na distancia.

Se puidese ollar por un buraquiño a situación galega de hoxe, qué pensaría de nós o seu avó?

Coido que se sentiría bastante reconfortado co proceso de normalización da nosa lingua, por exemplo. Tomaría o que está pasando como un avance. Estaría ledo e satisfeito, pero logo atoparía aspectos negativos, que os hai. Seguramente tamén volvería a facer algunha das críticas que fixo na súa época, pero primaría nel o positivo dos tempos que corren agora.

Vostede forma parte dunha saga descendente de Lugrís Freire que está composta por cantas persoas?

Agora ficamos vivos nove netos. Dous da primeira muller e sete da segunda. Catro deles vivimos na Coruña, dous en Madrid, un en Bilbao, un no Porto e outro en Lisboa.

Un deles é Urbano Lugrís, o pintor.

Si, vive en Mera e é fillo do meu tío do mesmo nome, que foi tamén un gran pintor pero, sobre todo, un gran literato.

Como ve vostede a actual saúde da cultura galega?

Pois, no fondo, é algo parecida á que tiña cando meu avó fixo todas aquelas críticas nunha conferencia que deu, en 1927, no Circo de Artesáns da Coruña. Daquela dixo que deixaba na man dos xoves o rexurdimento da cultura galega. Polo que eu vexo, non o conseguiron e a cultura non tén aínda hoxe a protección que debería ter por parte dos organismos institucionais e políticos. E o peor de todo é o escaso sentimento do pobo que é portador de valores culturais irrepetíbeis.

Atrévese a enxuizar o momento político actual?

É un momento de transición. Aínda é cedo para valoralo. Hai acertos e tamén algún erro. Como se fixo unha renovación moi profunda non se poden pedir resultados inmediatos. Eu espero que haxa resultados positivos a medio prazo.

Que lle parece o Día das Letras Galegas?

Paréceme ben. Fálase moito de que non debería ser festivo para que as librarías estiveran abertas e os centros de ensino igual. Algúns din que pagaría a pena que se celebrase nun día laboral. Non estou tan de acordo con esa teoría. As letras galegas deberían ter os seus días todo o ano, e logo nunha data coma esta facer algo especial, aínda que só fose simbólico. Ademais, as librarías se non abren nun día como o 17 de maio é porque non queren. ♦

Sobre a fala galega, que é sagrada para nós, por sere un herdo dos nosos antepasados, deixaron caer a súa bulra os estúpidos que renegan do que nin siquera renegan as feras.

Discurso de Lugrís Freire nun mitin da Solidaridad Gallega en Betanzos en 1907

CONCELLO DE MUROS

Foi alcalde da Coruña e substituíu a Lugrís na presidencia da Academia Galega

Manuel Casás, unha vida no turbillón

ERNESTO VAZQUEZ SOUZA

Non pasaba inda d'as oito
N'o destrito eleutoral,
Cando notouse andar moito
O reló consistorial.
Bras se enrita e arma trefulca
y-o persidente, formal
respóndelle "*¿Quén esculca de si o sol anda hoxe mal?*"

Xosé Pérez Ballesteros, 1885

Non deberían sorprendernos moito certas actitudes do hoxe, pois carecemos tanto de historia civil canto da memoria das nosas principias institucións e plataformas asociativas. Unha das peores cousas que a sociedade española actual herdou tras tantos anos de feixismo e varios séculos de autoritarismos caciquís, é a ausencia de entramado civil, de democracia participativa e regulamentar que permita que as xuntas das sociedades non se apañen senón desde o voto democrático dos asociados, libre e secreto. Este pouso e a presente explosión de asociacionismo cívico entre a mocedade causan estraños resultados. Pois, vivimos nunha sociedade onde se montan despregues policiais dignos de películas do FBI, para impediren a un mozos que se embebeden festivamente, nun estado onde se aplica a lei antiterrorista a persoal que nun estado mental eufórico e probablemente alterado por sustancias varias, escaralla relativa ou totalmente unha propiedade privada (como un caixeiro automático) se atopa en posesión de fotocopias, autocolantes e revistas subversivas; mais, onde non se persigue aos defraudadores, nepóticos e impulsores da corrupción política especulativa e dos danos en ecosistemas que marcarán a diferencia sobre o futuro. Nunha sociedade que se obsesiona en aplicar todo o peso da lei –de calquera lei– a asociacións culturais alternativas e xuvenís, sob a suspeita de terrorismo mais que xamais intervén nos asuntos e decisións de grandes sociedades "deportivas" que alentan mannifestacións de xenófobos, pagan a feixistas violentos e organizados e son a casa dos maiores grupos de especuladores e defraudadores de facenda do país.



Casás dirixiu as honras fúnebres de Curros Enríquez. Ao trasformar o acto civil nun enterro católico provocou grande conmoción na sociedade coruñesa" Á esquerda, chegada dos restos de Curros á Coruña, ao paso pola rúa de Santo André, nunha imaxe publicada por *Nuevo Mundo* (nº 744, abril de 1908.

Como é difícil que podamos facer nada contra estes caciques, os seus avogados e menos contra o reaccionarismo imperante no terceiro poder, imos limitarnos ao que podemos, e inventariar un outro episodio de enfrontamento civil e político, con tintes de corrupción, neste caso protagonizado por Manuel Casás, naquela histórica plataforma cidadá que é o Circo de Artesáns.

Alcalde prototipo

Manuel Casás Fernández, político de caríz conservador adscrito ao partido liberal, home de *La Voz de Galicia*, comezou canda este xornal a súa carreira pública no republicanismo, pasando logo á parte "liberal" do turno canovista. Personaxe de ascendencia monterista e posteriormente garcia-prietista, ten sido considerado polos biógrafos locais e localistas o prototipo do alcalde (canda Molina Brandao e Francisco Vázquez). Autoritario, progresista de conveniencia e liberal dentro de unha orde, máis ben é o prototipo de político da Restauración, defensor da orde e do *status quo* a toda costa, partidario dunha reforma escalonada e desde arriba.

Nado na Coruña o 17 de agosto de 1867 morreu na mesma cidade o 30 de Xuño de 1960. Avogado, publicista e destacado conferenciante foi alcalde, contestado e "pitado" ("pita en Maria Pita" é un lema que moito circulou en 1916) polos republicanos e rexionalistas, da Coruña en dous periodos realmente conflitivos, desde o 1 de xaneiro de 1916 ata o 12 de xuño de 1917 e, por segunda vez, desde o 11 de marzo de 1925 ata o 22 de decembro de 1927. Nos dous casos trátase dunha alcaldía de "Real Orde", isto é designado polo goberno (no segundo dos casos ditatorial) e non por elección popular, feito común aos revoltosos concellos coruñeses da Restauración.

> "Casás foi alcalde de "Real Orde", isto é designado polo goberno (no segundo dos casos ditatorial) e non por elección popular, feito común aos revoltosos concellos coruñeses da Restauración"

A súa foi unha xestión municipal baseada no impulso do localismo e o remozamento da cidade. O seu programa de mellora urbana implicou a construción e renovación de xardíns, mobiliario urbano e grupos escolares. O obxectivo fundamental de Casás estaba destinado a facer da cidade un exemplo de paz social e de lugar axeitado para un turismo refinado. No seu primeiro mandato impulsou a creación dunha Asamblea das forzas vivas da cidade para conseguir un acordo de demandas que servisen para mellorar a cidade. O modelo de desprazamento dos grupos e sociedades políticas a favor destes grupos de cidadáns con intereses (especulativos) na cidade foi unha constante na xestión de Casás.

A fins de abril do 1917, e a iniciativa de Casás, fúndase a Agrupación Popular Coruñesa, co obxectivo de defender os intereses locais. A súa proposta, que recollía en boa parte as demandas que desenvolvera no seu programa como alcalde: "Aspiraciones coruñesas"[1], foi elevada ás Cortes co apoio do Marqués de Figueroa, Álvaro Torres e José María Ozores de Pardo. Así, o 30 de abril de 1917, celébrase no Circo de Artesáns (que tamén presidía desde había catro anos Casás), a asemblea fundacional da Agrupación Popular Coruñesa. A composición da mesa é moi reveladora: Canuto Berea, Ricardo Rodríguez Pastor, Julio González, Manuel Piñeiro, Enrique Fraga, Manuel Fernández Morales e Demetrio Salorio. Formarán asimesmo parte do Directorio Julio López Bailly, Dioniso Tejero, Enrique Pérez Ardá, Ramón del Cueto e Dámaso Calvo. Na súa segunda alcaldía, gracias aos seus contactos en Madrid, e mercé a súa amizade persoal con Calvo Sote-

libraría pedreira

■ LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES.
■ Libros de texto.
■ Fotocopias.
■ Plastificados.
■ Encadernacións.

Rúa do Home Santo 55, Santiago de Compostela. Telf. 981 585 403. Fax 981 580 984

Correo electrónico: libraria@librariapedreira.com Páxina electrónica: www.librariapedreira.com

lo, logrou para a cidade a ubicación da Audiencia Territorial de Galiza (Pazo de Xustiza), a delegación de Facenda, o Banco de España, a Casa de correos e telégrafos e un novo cárcere.

Substituto de Lugrís na Real Academia Galega

Xornalista e orador decimonónico, mantivo diversas polémicas contra o rexionalismo político e o nacionalismo. En 1909, por comisión do Concello foi o encargado de recibir e dirixir as honras fúnebres de Manuel Curros Enríquez, a súa actuación ao trasformar o acto civil nun enterro católico provocou grande conmoción na sociedade coruñesa, provocando unha concentración de desagravio por parte das forzas republicanas no Teatro Principal[2], a resultas das que o Circo convocou o voto civil de honra ao defunto que había celebrarse os 12 de Marzo, o que se cumpliu ata a guerra civil con singular relevancia nacionalista. Casás acadou boa parte da súa popularidade como presidente da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns, cargo que desempeñou entre 1913 e 1919. A ocupación da máis importante tribuna coruñesa e a mudanza de actividades que nela se exerce durante o seu mandato, así como as xestións de venda dos vellos solares do Cantón a favor de Dionisio Tejero sería tema de tese.

Desde esta plataforma e arroupado polo sistema político da Restauración, comezará a súa xestión municipal en 1916, salferida de constantes asembleas populares e debates a favor e en contra. A maioría republicana do Concello, dados os graves sucesos do ano 17, impediríalle proseguir a súa xestión[3], vendose na obriga de dimitir. Foi substituido por Manuel María Puga y Parga (Picadillo), que só sería alcalde ata o 27 de Agosto.

Fundador e presidente vitalicio do Instituto de Estudios Gallegos en 1919 foi un duro contrincante de republicanos e galeguistas. Notable publicista "rexional" de carácter "troiano", negou sempre ao galego o uso de lingua normal da sociedade galega. Combatíu o Estatuto de autonomía de 1932 e resucitou publicamente co Instituto de Estudios Gallegos e a súa disparatada proposta de Estatuto.

'O obxectivo fundamental de Casás estaba destinado a facer da cidade un exemplo de paz social e de lugar axeitado para un turismo refinado"

Manuel Casás Fernández.

Contrario e detractor do espírito inicial da Real Academia Galega, que sempre combatíu, foi electo académico de número o 10 de Febreiro de 1926, (na etapa en que a presión do Directorio Primorriverista causou estrañas mudanzas na composición da Institución) e foi o encargado, tras o golpe de Estado de 1936, de substituír ao seu lexítimo presidente, Manuel Lugrís Freire, en 24 de decembro dese ano. Confirmado para o cargo con carácter interino o 16 de febreiro de 1940 (Lugrís morrera o día 15), chegando, en sesión extraordinaria –e un tanto irregular en canto aos académicos presentes– celebrada en Santiago a 13 de xaneiro de 1942, a ser aclamado presidente da mesma, cargo que ocuparía ata a súa morte.

Ademais da súa numerosa actividade xornalística (moi importante á hora de escribirmos a historia do nacionalismo español en Galiza de 1916 a 1923) hai que destacar, como condensación das súas posturas antirrexionalistas, *El regionalismo en Galicia*[4], o prólogo de *Agape y la Revolución priscilianista en el siglo IV*. Con una carta de Dª Emilia Pardo Bazán. tomo I[5] ou *Pláticas y crónicas*[6]. En 1936, secundou aínda que con críticas o Golpe de Estado, xogándose a inhabilitación como avogado, pola súa defensa no proceso sumarísimo contra Alfredo Suárez Ferrín, que sería fusilado.

Manipulación no Circo de Artesanos

En 1919, tras oito xerencias consecutivas de Casás, as dúas últimas centralizando a oposición ás Irmandades da Fala, unha operación conxunta da Irmandade e os republicanos próximos a Médico Rodríguez, substituiríao da Presidencia. Tras debater a asemblea unhas vendas de solares, pouco claras, realizadas á favor de Dionisio Tejero (o do Banco de La Coruña), a RR e I de Artesáns elixiu nova directiva o 14 de decembro. Elixidos para Presidente Pedro Barrié e para Secretario Lugrís Freire, dado que renunciaron aos cargos (candidaturas feitas para botar a Casás) tentouse elixir nova directiva. O politizado dos ánimos desembocou en turbulenta xunta do 19 do mesmo mes, presidida a mesa por Peña Novo, Segret e Maseda, que se levanta sen acordo e en medio dun grande griterio.

O 31 de decembro só tomaron posesión dos seus cargos tres representantes da xunta entrante: o Vicepresidente: Antonio Couceiro Vales[7], o Bibliotecario: Valeriano Villanueva e o Secretario: Peña Novo. Convocouse unha Xunta xeral para o 2 de Xaneiro. A xunta, presidida por Peña Novo, secretario, foi moi movida e nela, a polémica dos solares e as acusacións de nepotismo para anterior xunta provocaron un violento debate. O día primeiro de febreiro foron cubertos os postos vacantes por aclamación da xunta. Nomeouse presidente a Xosé Rodríguez Martínez, o popular Médico Rodríguez, confirmouse na secretaría a Peña Novo. Inmediatamente, acórdase unha revisión completa das contas da Sociedade no período en que Casás estivera á fronte. Dado que non fixera entrega da documentación e arquivo, acordouse revisar as vendas dos solares do Cantón Pequeno e as xestións feitas por Dionisio Tejero. Acordouse requirir un notario para que levantase acta dos libros (que Casás se negou a entregar) e estado demostrativo da Sociedade.

A turbulencia das Xuntas que seguiron, referidas sempre a xestión da venda das casas testemuña a concomitancia entre os diversos poderes políticos e económicos e a oposición de clase das Irmandades e de certo sector do republicanismo reformista. O resultado foi que 243 socios acordaron, contra 117, exercer ante os tribunais a acción correspondente para anular a venda das casas feita a don Dionisio Tejero o 19 de outono de 1919[8], acción forense que ficaría conxelada, sospeitosamente, en 1923, mercé á intervención de Primo de Rivera.

O 18 de marzo de 1921 morrería Xosé Rodríguez Martínez, gravemente enfermo desde 1920. Non obstante, a victoria da Irmandade, aliada ao popular médico Rodríguez nesa xunta, é evidente mostra da incardinación do nacionalismo na vila herculina xusto antes da ditadura de Primo de Rivera. O éxito, contra un dos homes do sistema no cerne da institución de maior importancia e tradición da cidade, virá acompañada dunha mudanza total de orientacións. Non sería casualidade, nas eleccións municipais da Coruña, en 1920, Peña Novo sería elixido concelleiro polo distrito terceiro.

Dito isto, só me resta engadir que agardo que non teñan que pasar outros case 90 anos para que alguén nos historie a interesente canto sustanciosa xestión no R.C. Deportivo, outra sociedade coruñesa, nos últimos anos.♦

(1) Publícanse nos xornais o 30 de Abril de 1917.

(2) vid, "Curros Enríquez. Rehabilitando una memoria" *Tierra Gallega*, 1440, Año VI, 14-4-1908.

(3) vid. "Resucitó Picorete", *La Draga*, num. 3, Año único, La Coruña, 2 de septiembre de 1933, p.2.

(4) Tipografía de la papeleria de Ferrer, La Coruña, 1893

(5) Tip. de la Casa de La Misericordia. *Biblioteca de mujeres célebres de Galicia vol I*, La Coruña, 1895

(6) Imp. de La Casa de La Misericordia, Coruña, 1907

(7) Membro da Irmandade da Fala.

(8) Datos tomados de R.R. e I. de Artesanos. Libros de Actas orixinais correspondentes a 1919-1921. E R.R. e I. de Artesanos. *Memoria. Año de 1918*, Tip. de *El Ideal Gallego*, La Coruña, 1919. R.R. e I. de Artesanos. *Memoria del Año de 1921*, Papelería y talleres de imprenta "GARCYBARRA", La Coruña, [1922]. Unha síntese no resume (que hai que tomar con prevención dada a militancia conservadora e ultracatólica do autor) de ESTRADA CATOYRA, FÉLIX, *Contribución a la historia de La Coruña. La Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos en sus ochenta años de vida y actuación*, tip. *El Ideal Gallego*, La Coruña, 1931, pp. 273-288.

Nº 1.223
Do 18 ao 24
de maio
do 2006
Ano XXIX

As palabras son para usalas.
O 17, o 18, o 19, o 20...
Na casa, no traballo, na escola,
no médico, no mercado, no xulgado...
Na Vida.

A VIDA VAI EN GALEGO

plan xeral de normalización da lingua galega

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

SEMPRE CHOVE

FOTOGRAFIAS: **MIGUEL LOPEZ CALZADA**
TEXTO: **ALBERT HAMMOND / MIGUEL LOPEZ CALZADA**

E já me vou, só no Iasa, longe dela
Procurando muito sol, para lá fui
Onde a gente escuta ópera
E as nenas som-che todas loiras
Ceio azul
A'n'que refinam cru

Disque nunca, nunca chove em La Coruña
Disque todo, todo o mundo tem um Rolls
E nunca chove em La Coruña
As postais som testemunha
E mesmo o sol
Fala espanhol

Autos nom 'tropelam ninguém, algum velho,
só, cada mês
Há muito fino, muito paripé
Há-che muito pop
E nunca chove em La Coruña
Mas no prospecto nom vim que punha
"Nom tens lugar
Na Rua Real"
Ouvi galego desde Atochas até Nelle
Anarquistas davam-lhe à garimba no A Treu
Em Beiramar caiu um edifício
Mentres no Estado Pontifício
Paco di' adeus,
Vá com Deus

Disque nunca, nunca chove em La Coruña
Mas um clima tam galaico eu nunca vi
E sempre chove em A Corunha
Com o temporal o tempo tumba
Os pendões
Espanhois.

1.857 euros custava de meia o metro quadrado em A Coruña no 2005. Na zona centro o preço subia aos 3600 euros –no 2004 era de 2.900–, menor que no centro de Vigo, 4.500 euros, e de Compostela, 4.050. (Fonte: Estadística Registral Inmobiliaria, Colegio del Registro de la Propiedad/Tecnitasa)

2002, Agosto. Pressões municipais e imobiliárias, junto com desavenças internas, ponhem fim a uma experiência autogestionária à outra beira da Ponte Passagem, na praia de Santa Cristina, já no concelho de Oleiros. A Okupa da Ria é desalojada. (Fonte: causaencantada.org/outr@s)

6.397 estrangeiros residem legalmente na cidade na que ninguém é forasteiro (Fonte: *A Coruña en cifras* 2005 de Caixanova)

2.352 dos 25.016 bares e restaurantes da Galiza estám na Coru, neno. (Fonte: *A Coruña en cifras* 2005 de Caixanova)

EM A CORUNHA



Cero empregados e 3.005 euros de capital tinha em 2003 a empresa Iglevaz, quando passou de mãos do presidente dos empresários galegos, o construtor Antonio Fontenla, às de Mª del Carmen de la Iglesia Illanes, mulher do daquela alcalde herculino Francisco Vázquez, e dos dois filhos do casal. Fontenla seguiu a ser administrador solidário da empresa. Iglevaz tem o 50% de Hidroeléctrica del Arnoya, que administra três mini centrais fluviais e um parque eólico, entre outros recursos energéticos. (Fonte: *La Opinión* de A Coruña e outros media)



1772 ciganos vivem na cidade de A Corunha, arredor de 2000 na comarca; a meirande concentraçom da Galiza e a que tem a maior proporçom de chabolismo: um 30% mora em infra vivenda. Os ciganos cascarilheiros som os únicos assentados em uma cidade galega antes da Guerra Civil, na Rua Real e mais em Riego de Agua. O 70% deles vive na pobreza (por um 21% do total da povoaçom galega), extrema num 30% dos casos (por um 5% do total galego). O 0,73 dos corunheses e o 0,31% dos galegos som ciganos. (Fonte: Direcçom técnica para Galiza da Fundación Secretariado Gitano)

201 hectares ocupa a superfície total de explorações agrárias na cidade de cristal. (Fonte: último censo agrário Instituto Galego de Estatística-IGE, 1999)

243.349 corunheses em 37,83 quilómetros quadrados dam uma densidade de povoaçom de 6.432,70 h/km². O 16,4% tem menos de 20 anos, o 65,6% anda entre os 21 e os 64, o 18% já nom cumpre mais os 65. O 40,9% só fala castelão (47,7% em Vigo), o 30% mais castelão que galego (27,8% em Vigo), o 18,2% mais galego que castelão (15,6% em Vigo) e o 10,9% só fala galego (8,9 em Vigo). (Fonte: Instituto Nacional de Estadística-INE/IGE)

63 dias despejados e 13,9º C de meia tive a cidade de A Corunha no 2004, por 89 dias sem nuvens e 14,2º C de Vigo (Fonte: IGE)

9.300 toneladas de lixo gera a cidade cada mes, sem contar o ciscado por rias, regatos e recunchos. (Fonte: Infoambiente)



236 pessoas foram fusiladas na comarca de A Corunha durante a guerra que instauraria a ditadura de Franco, honrada na cidade com mais de 40 símbolos, incluindo uma estátua de Millán Astray na praça do mesmo nome, um viaduto do Generalísimo, um hospital e uma rua Juan Canalejo, e ruas para a División Azul, Sanjurjo, Mola e outros. (Fonte: Comisión pola Memoria Histórica da Coruña)

4.662 trabalhadores sofreram um acidente laboral em A Corunha no passado ano. (Fonte: *A Coruña en cifras* 2005 de Caixanova)



Lois Tobío no exilio uruguaio.

LOIS TOBÍO, tradutor políglota e exquisito

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

O intelectual viveirés Lois Tobío Fernández (1906-2003) encarnou un galeguismo europeísta e universal, verdadeiramente antitético ao que amiúde se nos presenta nesa visión tópica dos nacionalismos que hoxe tanto se estila, como doutrinas da pechazón, do exclusivismo e do desprezo por todo o alleo.

Ben polo contrario, Tobío e moitos outros membros da súa xeración, a do "Seminario de Estudos Galegos", demostraron por activa e por pasiva que só desde o amor e a identificación cordial co propio (lingua, historia, costumes...) se pode acceder á percepción, á comprensión e ao verdadeiro desfrute do distinto, do foráneo, do alleo. Ser universal e universalista non é, non pode ser, renegar do particular e do propio, nin tampouco menosprezalo, senón proxectar ese particular e ese propio ao mundo e sobre o mundo, para o enriquecer. Desde esa perspectiva, amar, valorizar e coñecer a propia lingua, a propia terra, a propia cultura non é senón a chave mestra para amar, valorizar e coñecer tódalas demais.

O amor do galeguista Tobío polas linguas e o seu poliglotismo activo son síntomas clarísimos desta actitude aberta e autenticamente universalista de que fixo sempre gala, pois para el "o coñecimento dunha nova lingua é coma entrar nun mundo novo, coma ter outra vida" (*Décadas*, p. 343).

> "O amor do galeguista Tobío polas linguas e o seu poliglotismo activo son síntomas clarísimos desta actitude aberta e autenticamente universalista de que fixo sempre gala"

Ao castelán en que foi educado polos seus pais e pola escola e ao galego dos seus amores, zugado desde o berce no Viveiro popular de comezos do século XX e na Compostela e arredores da Amaía dos anos 20, foi agregando durante a súa dilatada existencia o coñecemento e o cariño por outras moitas linguas: o francés, o alemán, o portugués, o búlgaro, o catalán, o inglés, algo de checo, algo de ruso... Nas súas *Décadas* deixou refletida a decepción que o embargou por non ter disposto no transcurso da súa vida académica de bos profesores na lingua de Roma, "pois non sei o que hoxe daría por poder ler en latín de corrido a Tácito u Ovidio" (*Décadas*, p. 81).

A súa intensa experiencia viaxeira, quer como estudante, quer por razóns do traballo como diplomata, quer polos avatares penosos da súa traxectoria cívica de republicano e galeguista exiliado após a guerra incivil, quer, en fin, por puro pracer, espertou nel unha especial sensibilidade cara a diversidade cultural e cara as linguas en que aquela, efectivamente, asenta e se manifesta.

En 1926, contando tan só vinte anos de idade, o mozo Tobío atreveuse a impartir no "Seminario de Estudos Galegos" un curso de Fonética Galega, "en comparanza coa dos demais idiomas peninsuares", segundo reza a nota que a tal respecto inseriu o boletín ourensán *Nós* (nº 35, 15.11.1926).

No verán de 1928, para celebrar a súa licenciatura, Tobío pasou na Guarda uns días na casa do seu amigo e compañeiro de estudos Xoaquín Sobrino e aproveitou a ocasión para visitar por vez primeira Portugal. Alí, segundo confesará máis tarde, sentiuse como na súa casa, "pero nunha casa enriquentada, en que as cousas dadoito estaban como enlevadas, dignificadas, a comezar pola fala. Vía como a miña pobre fala, desdeñada, esquecida pola nosa burguesía e señorío, botada do mundo oficial e do ensino, tiña alí status senlleiro e total con todos os beneficios e vantaxes que lle cumpren. E, xa que logo, sentía vergonza, envexa e mágoa polo que na miña terra pasara. Pero dábame certo consolo saber que, gracias a Portugal, nel e noutras nacións espalladas polo mundo se tiña salvado a antiga e nobre lingua dos meus" (*Décadas*, páx. 194).

Francés, alemán, búlgaro e outros idiomas

O seu coñecemento do alemán foi moi profundo. Comezou a adquirilo cando adolescente en Compostela, da man dos profesores José Arbaiza Basoa, Marcial Rodríguez Cebral e Emil Blechmann. Nas *Décadas* explica a este respecto (páx. 117): "Ademais matriculeime no curso de alemán pois, anque só era obrigatorio para os que seguían medicina, coidei interesante coñecer unha lingua coma esa xa que tiña ocasión. E esta decisión que tomei un pouco á lixeira e sen moito pensar, por *sport*, coma se dicía entón, ha ter grande importancia na miña vida".

Tobío perfeccionou definitivamente o seu alemán durante a súa estadía en Berlín no curso 1929-1930. Nesa cidade, que fervía daquela política e socialmente, nos prolegómenos do ascenso ao poder das hostes hitlerianas, coincidiu e conviviu con Felipe Fernández Armesto (*Augusto Assía*), o felizmente xa centenario Francisco Ayala, José Canedo, Corpus Barga e Vicente Risco. Do seu saber sobre a lingua teutónica valeuse, xa nos anos 30, Emile Skézely, futura esposa de Salvador de Madariaga, para dar cumprido cabo a unha tradución da obra de "Hans Fallada" (pseudónimo de Rudolf Ditzen, 1893-1947) intitulada *Kleinner Mann, was nun?*, traducida para o español como *¿Y ahora qué?*.

Canto ao francés, aprendido na escola desde neno, foi idioma empregado acotío por Lois Tobío no seu labor diplomático, tanto en Bulgaria como, xa durante a guerra civil, noutros países da área mediterránea. Como veremos, Tobío foi un namorado da literatura francesa, desde François Villon (en homenaxe a esta figura medieval bautizou unha sección súa no xornal de Montevideo *El Día* co rótulo de "Nieves de antaño", inspirado nun verso seu), ata os decadentistas decimonónicos finiseculares todos (Baudelaire, Rimbaud, Verlaine...).

Na capital búlgara, Sofia, tratou moitos xudeus sefarditas (descendentes daqueles expulsados no século XV da Coroa de Castela pola raíña Isabel a Católica) e mercou libros escritos nese arcaico castelán por aqueles conservado, aínda que eses libros acabaron perdéndose nas reviravoltas da guerra civil.

Tamén durante a súa estadía en Bulgaria, Tobío, segundo as súas propias palabras, "no desexo de coñecer máis a fondo aquel pobo e tamén por curiosidade intelectual", púxose a aprender o búlgaro e tratou a varias escritoras nesa lingua, como Dora Gabé e maila autora de *O eterno e o sagrado* (*Vechnata i svyatata*), Elisaveta Bagriana (1893-1991).

Á nómina de linguas que aprendeu aínda hai que engadir aínda o catalán que falaba a súa muller, María del Carmen (*Melu*) Soler, e o inglés aprendido durante a súa breve estadía como exiliado en New York e en Cuba, antes de recalar en Montevideo.

Loxicamente, Tobío aproveitou este seu dominio de diversas linguas de moi diversas maneiras. Fundamental foi, por exemplo, a súa coñecenza do alemán e o francés para aprobar a oposición de ingreso na Carreira diplomática, en 1933. Valeulle tamén, profesionalmente falando, para entrar a traballar, en 1947, no departamento de publicacións e propaganda da casa farmacéutica "Roche" (para facer traducións desde e/ou para francés, inglés e alemán), e algún tempo despois, para acceder a un posto de tradutor na ONU, ao que non obstante renunciaría axiña. Cando foi xubilado pola "Roche", en 1973, dedicouse durante medio ano a facer traducións de índole comercial, ata que puido reingresar na carreira diplomática.

O exilio tivo moito que ver coa faceta tobiana de tradutor. En 1939 emprendeu en Cuba a tradución da *Teoría del Estado* (*Staastslehre*) de Hermann Heller (1891-1933), profesor seu en Berlín durante a súa estadía como bolseiro da "Junta de Ampliación de Estudios" na Universidade alemá. Este labor, que en palabras do propio Tobío "constituía para min un grande gozo intelectual", concluíu en 1942 e foi editado en 1943 no Fondo de Cultura Económica mexicano, sendo obxecto aínda hoxe de constantes reimpresións (en 1987 ía pola duodécima, hoxe debe superar a vixésima...).

Tamén traduce desde o alemán para a editorial bonaerense NOVA, moi vencellada á figura de Luís Seoane, varios discursos de contido anti-hitleriano e anti-nazi ("Escoita, Alemaña", outras veces traducidos como "Alemáns, oíde") do escritor e premio Nobel de Literatura (1929), Thomas Mann (1875-1955), autor de ben coñecidas obras como *A montaña máxica* (*Der Zauberger*) e *Morte en Venecia* (*Tod in Venedig*).

Pro pane lucrando realizou o noso Lois en Uruguai, durante os seus longos vinte anos de exilio nese país do Plata, algunhas traducións do inglés e do alemán para o español, con destino á Editorial Sudamericana bonaerense. Asinou, deste xeito, en 1957, a tradución do *Narziss und Goldmund*, de Hermann Hesse (1877-1962), premio Nobel de Literatura (1946). Como é sabido, trátase dunha novela de forte pegada autobiográfica e introspectiva, editada orixinariamente en 1930, que desenvolve as vidas paralelas de dous novicios seminaristas medievais, Narciso e Goldmundo, de personalidades en moitos aspectos antitéticas. Desde 1976, esta tradución de Tobío figura no catálogo da casa editora Edhasa, de Barcelona, tendo aparecido a novena reimpresión, na colección Pocket, nº 18, en novembro de 2002.

Tamén saíron da pluma do noso autor as traducións de *The Nephew* e *Malcom*, obras editadas en 1961 e 1963, respectivamente, polo novelista norteamericano James Purdy (n. 1927), famoso no seu tempo por introducir a temática da homosexualidade masculina nos seus textos e por ofrecer unha visión moi crítica da sociedade.

> **'O** exilio tivo moito que ver coa faceta tobiana de tradutor. En 1939 emprendeu en Cuba a tradución da *Teoría del Estado* (*Staastslehre*) de Hermann Heller"

Tobío verteu para o español, igualmente, cos títulos de *La juventud del Rey Enrique IV* e *La madurez de Enrique IV*, as dúas partes da biografía novelada do monarca Henrique IV (o instaurador da dinastía dos Borbóns no solio francés) feita por Heinrich Mann (1871-1950), irmán do autor de *Morte en Venecia.* Ambas novelas foran publicadas orixinariamente en 1935 e 1938, respectivamente, e están accesíbeis para o lector hispano desde 1998 na xa citada colección Pocket de Edhasa, números 123 e 124.

É de Tobío a tradución dunha das obras máis emblemáticas do profesor da Universidade de Georgetown, Carrol Quigley (1910-1977), *Tragedy and Hope: A History of the World in our Time*, publicada orixinariamente en 1966. Nela o citado profesor reflexionaba fundamentalmente sobre as mudanzas políticas que se produciran no mundo desde finais do século XIX.

Alén destas traducións de índole estritamente literaria, Tobío afrontou a de senllos volumes de divulgación histórica, *The Life of Greece* (=*Vida dos gregos*) e *Caesar and Christ* (*César e Xesuscristo*), ambos do estadounidense

Will Durant (1885-1981) e mais a do libro *The Man of the Renaisaance (=O home do Renacemento*), de Ralph Roeder (n. 1890).

Todas estas traducións valéronlle a Tobío constantes eloxios dos principais críticos literarios porteños da época, como J. L. Borges, Bioy Casares, Victoria Ocampo ou Rodríguez Monegal, mais tamén suscitaron algúns avatares desagradábeis. Así, a tradución das citadas novelas de H. Mann foi alterada e retocada posteriormente por ditado do editor sen a pertinente autorización de Tobío, e, como el propio relatou nas *Décadas* (p. 518), a súa tradución do *Narciso e Goldmundo* hessiano resultou descaradamente plaxiada en México por certo autor, que procedeu "mudando tamén algunhas frases e palabras e dándoa como sua".

Documento de entrada en México no que constan algúns dos idiomas que falaba Tobío.

Militante tradutor ao galego

A motivación basicamente económica das traducións hispanófonas que Tobío realizou para diversas editoras durante o seu exilio uruguaio, ás que xa nos referimos na anterior entrega deste artigo, está totalmente ausente nos seus traballos de vertido para o galego ("mi lengua natural, cultural y fundamental", segundo lle contesta ao xornalista Carlos García Bayón nunha entrevista publicada en *La Voz de Galicia* en xullo de 1991) dunha serie de textos emblemáticos de diversas literaturas europeas (alemá, inglesa, francesa...).

Efectivamente, foi este un labor arduo, paciente, constante, xeneroso e altruísta, co que o intelectual viveirés quixo emprestar un servizo fundamental, outro máis, á causa da dignificación do noso idioma e á tarefa de modernización das nosas letras, posibilitando o seu diálogo coa matriz literaria europea. Constanza, a súa filla, ten escrito nalgunha ocasión que esa actividade de poñer en galego textos dos máis importantes escritores europeos foi "fonte para el de enorme pracer, á vez que cargada de intencionalidade en canto achega á cultura galega" (*Galicia Hoxe*, Santiago, 11.3.2004).

Que o noso autor coidaba que moito do prestixio do galego se xogaba na súa capacidade para asimilar o melloriño da literatura feita no Vello Continente ponse ben de manifesto no arroubo e admiración con que fala nas súas *Décadas* (páx. 164) da pioneira tradución dalgúns fragmentos do *Ulysses* (1922) de James Joyce (1882-1941) –para moitos, a novela que inicia tecnicamente a narrativa contemporánea– feita por Otero Pedraio en 1926 e publicada no boletín ourensán *Nós*.

En 1946 e desde Montevideo, Tobío envía unha colección de poemas ingleses e franceses traducidos para galego ao certame convocado pola "Federación de Sociedades Galegas" na Arxentina, co gallo de se cumprir o vintecinco aniversario da fundación desta entidade referencial da nosa colectividade emigrada en Buenos Aires. Coma el fan o propio con senllas coleccións de poemas tamén traducidos outros dous galeguistas exiliados, o valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, desde México, e o corcubionés Plácido Ramón Castro del Río, desde Inglaterra. A citada Federación reuniría finalmente estes traballos (57 en total, dos cales 24 corresponden a Plácido, 13 a Gurriarán e os restantes a Tobío) no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Ed. Alborada, Buenos Aires, 1949), que foi reeditado pola Editorial Galaxia de Vigo no pasado 2005, co patrocinio da Fundación CaixaGalicia.

> "Na nómina de autores que Tobío traduce para galego figuran os románticos "l Shelley, Keats, Tennyson e Longfellow e os "decadentistas" e pre-vangardistas franceses Baudelaire, Verlaine, Bourget, Rimbaud, Laporte e Louise de Vilmorin"

No limiar que o propio Tobío redixiu (e non Arturo Cuadrado, como se ten dito algunha vez) para o volume que nos ocupa, fican expresadas con claridade meridiana as coordenadas desde as que compría entender e acoller unha obra desas características. A lingua e a literatura galegas benefícianse do contacto con outras, pois, son palabras tobianas, "os aires de fora limpan, refrescan, renovan. A voz de Galicia ten que se ouvir no mundo e as do mundo en Galicia". O labor tradutor, duro e difícil, resulta non obstante sumamente frutífero, tanto para o escritor que o emprende como para a lingua á que verte as producións foráneas. Mercé a traducións como as que no volume se recollen, conclúe Tobío, "o alleo é agora noso".

Na nómina de autores que Tobío traduce para o galego figuran os románticos "lakistas" ingleses Shelley (1792-1822), Keats (1795-1821), Tennyson (1809-1892) e Longfellow (1807-1882) e os "decadentistas" e pre-vangardistas franceses Charles Baudelaire (1821-1867), Paul Verlaine (1844-1896), Paul Bourget (1852-1935), Arthur Rimbaud (1854-1891), René Laporte (1905-1954) e Louise de Vilmorin (1902-1969).

Non pode sorprender este profundo e variado coñecemento da poesía inglesa e francesa do século XIX en Tobío, pois el mesmo se ten referido á intensidade con que as lía durante diferentes momentos da súa traxectoria vital.

Así, na súa adolescencia e mocidade, en tempos do Seminario de Estudos Galegos, acontecía que "eu lía tamén daquela moita poesía galega, castelá, francesa e mesmo catalana: Maragall, o "Himne ibèric", "La vaca cega". Despois de varios anos cos románticos, na adolescencia, Zorrilla, Espronceda, o meu Pastor Díaz, Lamartine e Musset, eran agora meus compañeiros cotiáns os modernistas, Rubén, os poetas malditos, máis ca nada Verlaine (Ai, Verlaine!). Adoitaba ler a poesía en voz alta para gustar da sua música, mesmo diante de amigos, en pequenos recitais caseiros. Deste xeito cheguei a saber de memoria moitos poemas" (*Décadas*, p. 161).

Así tamén durante a súa estadía como diplomata en Sofia (Bulgaria): "Podo dicir que endexamais estiven tan mergullado coma entón na literatura francesa do momento: Claudel, Morand, Giradoux, Montherland, Maurois, Mauriac... e o patriarca Proust eran a miña compaña diaria, xunto cos poetas malditos, nunca esquecidos, e, dos recentes, a condesa de Noailles e o gran Valery" (*Décadas*, p. 339).

Tobío verte para o idioma galego, igualmente, algunhas das xoias das letras alemás, das que adquirira os primeiros exemplares xa en 1930, cando vivira en Berlín. Así os *Sonetos a Orfeo* (*Die Sonette an Orpheus*) do escritor checo en lingua alemá Rainer Mª Rilke (1875-1926), publicados polas Edicións do Castro en 1980 e reeditados recentemente, en edición de Marga Romero, pola "Biblioteca Galega de Clásicos Universais" promovida polo xornal coruñés *La Voz de Galicia*, facendo o seu volume 31.

Tamén versiona en galego (nun galego repleto de modismos típicos da fala popular da Terra de Viveiro, como *alpuxarra*, *abitar*, etc.), a peza *Nai coraxe e máis os seus fillos*, de Bertold Brecht (1898-1956), publicada polas Edicións do Castro en 1987. Editada orixinariamente en 1941 e ambientada nas guerras de relixión centroeuropeas de mediados do século XVII, constitúe esta obra, como é ben sabido, un dos cumios do teatro político e antibelicista universal, pola contundencia con que denuncia os males da guerra e amosa a inversión de valores que esta leva sempre aparellada.

Despois de que Otero Pedraio fixese os primeiros intentos, é Lois Tobío quen culmina final e felizmente a ciclópea tarefa de traer para a nosa lingua o monumental *Fausto* de Goethe (1749-1832), tirado do prelo pola casa Laiovento, de Francisco Pillado, en 1997, merecedor do Primeiro "Premio de Tradución Plácido R. Castro" (2002) e reeditado tamén recentemente na xa citada "Biblioteca Galega de Clásicos Universais" (volume 10).

Cónstanos, por último, que tamén traballou Tobío na tradución para o galego das *Elexías de Duíno*, de Rilke, mais ao coñecer por indicación nosa, durante unha conversa polas rúas de Viveiro dun xa afastado agosto de 1996, a edición da obra que Jaime Santoro de Membiela preparou e editou en 1995 na "Espiral Maior" de Fernán-Vello, decidiu gardar o seu traballo no caixón, nun enésimo acto de humildade e de "diplomacia" pola súa parte. Tal vez este ano do centenario do nacemento deste viveirés universal sexa boa ocasión para que ese traballo vexa lume. Sería, a non dubidalo, unha auténtica regalía para todos os amantes do galego e da literatura con maiúscula.♦

EMILIO XOSÉ ÍNSUA é membro do Seminario de Estudos "Terra de Viveiro"